



DIARIO OFICIAL

de **GALICIA**

Luns, 19 de xaneiro de 2004  
Taxa 0,84 € (IVE incluído)

**SUMARIO**

---

**I. DISPOSICIÓN XERAIS**

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA  
E FACENDA**

— Decreto 4/2004, do 8 de xaneiro, polo que se establecen os criterios ós que se suxeitará a distribución e a práctica da liquidación definitiva do Fondo de Cooperación Local correspondente ó exercicio de 2001.

Páxs.

838

Ano XXIII

Nº 11

	<u>Páxs.</u>
— Decreto 5/2004, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Fondo de Cooperación Local durante o período 2002-2004.	839
<b>CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA</b>	
— Decreto 454/2003, do 26 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.	841
<b>CONSELLERÍA DE FAMILIA, XUVENTUDE, DEPORTE E VOLUNTARIADO</b>	
— Decreto 6/2004, do 8 de xaneiro, polo que se regula a cualificación dos deportistas galegos de alto nivel e os programas de beneficios dirixidos a estes.	853
<b>CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS, EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS</b>	
— Decreto 7/2004, do 8 de xaneiro, polo que se modifica o Decreto 212/2003, do 3 de abril, que establece a estrutura orgánica da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.	859
— Decreto 8/2004, do 8 de xaneiro, polo que se modifica o Decreto 300/2002, do 24 de outubro, polo que se crea e regula o Consello Galego de Persoas con Discapacidade.	861
 <b>III. OUTRAS DISPOSICIÓNS</b>	
<b>CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA</b>	
— Decreto 9/2004, do 8 de xaneiro, polo que se acepta a cesión, a título gratuito, dun terreo situado no concello de Caldas de Reis (Pontevedra), para a construción dun centro comarcal.	862
<b>CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA</b>	
— Decreto 10/2004, do 15 de xaneiro, polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de trazado do acondicionamento da AC-422 Buño-Ponteceso (clave AC/03/012.01.1).	863

	<u>Páxs.</u>
<b>CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS, EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS</b>	
— Resolución do 19 de decembro de 2003, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no <i>Diario Oficial de Galicia</i> , do convenio colectivo dos centros da empresa <i>Ferroatlántica, S.L.</i> de Cee-Dumbría e centrais eléctricas.	863
 <b>IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS</b>	
<b>CENTRO INFORMÁTICO PARA A XESTIÓN TRIBUTARIA, ECONÓMICO-FINANZEIRA E CONTABLE</b>	
— Anuncio do 9 de xaneiro de 2004 de convocatoria para a provisión, polo sistema de libre designación, de catro postos de traballo no Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (CIXTEC).	871
<b>UNIVERSIDADE DE VIGO</b>	
— Resolución do 19 de decembro de 2003 pola que se nomea profesor titular de universidade da área de coñecemento de socioloxía, do departamento de Socioloxía, Ciencia Política e da Administración e Filosofía, a Jesús Adolfo Lage Picos (praza 189/2001).	871
— Resolución do 19 de decembro de 2003 pola que se declara concluído o procedemento e deserta a praza do corpo de profesores titulares de universidade.	872
— Resolución do 19 de decembro de 2003 pola que se nomea profesor titular de universidade da área de coñecemento de dereito administrativo, do departamento de Dereito Público, a Roberto Orlando Bustillo Bolado (praza 136/2001).	872
 <b>V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA</b>	
<b>XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA NÚMERO OITO DE VIGO</b>	
— Edicto (711/2003).	873

	<u>Páxs.</u>
<b>XULGADO DO SOCIAL NÚMERO DOUS DA CORUÑA</b>	
— Cédula de notificación de sentenza (444/2003).	873
<b>XULGADO DO SOCIAL NÚMERO TRES DA CORUÑA</b>	
— Cédula de notificación de sentenza (691/2002).	874
— Cédula de notificación de sentenza (419/2003).	874
<b>XULGADO DO SOCIAL NÚMERO ONCE DE MADRID</b>	
— Edicto (1089/2003).	874

## VI. ANUNCIOS

### a) DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

#### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA**

— Anuncio do 19 de decembro de 2003, da Delegación Territorial de Pontevedra, polo que se relacionan aperturas de trámites de audiencia pendentes de notificar e se emprazan os interesados que se sinalan para seren notificados por comparecencia ( <i>Massó Hermanos, S.A.</i> e dezaseis máis).	874
---	-----

#### **CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA**

— Cédula do 18 de decembro de 2003, do Servicio Provincial de Transportes da Coruña, pola que se notifican as resolucións recaídas nos expedientes sancionadores incoados por infracción da normativa vixente en materia de transportes terrestres devoltas polo servicio de correos por resultaren descoñecidos os seus destinatarios ou ben porque intentada a notificación non se puido efectuar (expediente XC-01794-O-2003 e once máis).	875
---	-----

	<u>Páxs.</u>
— Cédula do 19 de decembro de 2003, do Servicio de Informes e Recursos da Dirección Xeral de Transportes, pola que se notifican as denuncias por infracción da normativa vixente en materia de transportes terrestres devoltas polo servicio de correos por resultaren descoñecidos os seus destinatarios ou ben porque intentada a notificación non se puido efectuar (expediente DX-00313-I-2003 e dous máis).	877

#### **CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN, INDUSTRIA E COMERCIO**

— Acordo do 28 de novembro de 2003, da Delegación Provincial da Coruña, polo que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 03/383).	878
— Resolución do 20 de novembro de 2003, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 03/682-4).	878
— Resolución do 20 de novembro de 2003, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 03/683-4).	879
— Resolución do 24 de novembro de 2003, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 03/42-2, 6015 A.T.).	879
— Resolución do 25 de novembro de 2003, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 03/76-2, 6049 A.T.).	880
— Resolución do 27 de novembro de 2003, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 02/140-2, 5928 A.T.).	880
— Resolución do 28 de novembro de 2003, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 03/72-2, 6079 A.T.).	880

- |   | <u>Páxs.</u> |
|---|--------------|
| — Resolución do 9 de decembro de 2003, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 03/299).   | 881          |
| — Resolución do 9 de decembro de 2003, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 03/303).   | 881          |
| — Resolución do 9 de decembro de 2003, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 03/305).   | 882          |
| — Resolución do 19 de decembro de 2003, da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, pola que se autoriza, se aproba o proxecto de execución e se recoñece a condición de instalación acollida ó réxime especial de produción eléctrica, regulamentado polo Real decreto 2818/1998, do 23 de decembro, á central hidroeléctrica da Merca, promovida pola empresa <i>Hidroeléctrica de La Merca, S.L.</i> , no termo municipal da Merca, Ourense. | 882          |

#### **CONSELLERÍA DE POLÍTICA AGROALIMENTARIA E DESENVOLVEMENTO RURAL**

- |  |     |
|--|-----|
| — Resolución do 22 de decembro de 2003, da Dirección Xeral de Industrias e Promoción Agroalimentaria, sobre as constitucións, modificacións, baixas provisionais, disolucións e cancelacións das sociedades agrarias de transformación (SAT) que se citan. | 884 |
|--|-----|

#### **CONSELLERÍA DE FAMILIA, XUVENTUDE, DEPORTE E VOLUNTARIADO**

- |  |     |
|--|-----|
| — Resolución do 18 de novembro de 2003 pola que se fai pública a adxudicación da subministración de material informático para as delegacións provinciais.                          | 887 |
| — Resolución do 18 de decembro de 2003 pola que se fai pública a adxudicación da adquisición de material informático para os centros xuvenís de Carballo e Santiago de Compostela. | 887 |

- |  | <u>Páxs.</u> |
|--|--------------|
| <b>CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE</b>   |              |
| — Resolución do 15 de decembro de 2003, da Delegación Provincial de Pontevedra, de notificación da resolución do expediente sancionador PO-I-03/88 e tres máis (incendios-Pontevedra).   | 887          |
| — Resolución do 2 de xaneiro de 2004, da Secretaría Xeral da Consellería de Medio Ambiente, pola que se anuncia a licitación, polo sistema de concurso público e procedemento aberto, para a contratación do servizo de limpeza do Centro de Investigacións Forestais e Ambientais de Lourizán (Pontevedra). | 888          |
| — Edicto do 15 de decembro de 2003, da Delegación Provincial de Ourense, polo que se notifica a resolución do expediente sancionador de pesca OU-012/03-P, devolto polo servizo de correos.  | 889          |

#### **ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE**

- |  |     |
|--|-----|
| — Resolución do 19 de decembro de 2003 pola que se lle dá publicidade ó resultado do concurso convocado para a contratación do servizo de limpeza das instalacións da Academia Galega de Seguridade.                 | 889 |
| — Resolución do 19 de decembro de 2003 pola que se lle dá publicidade ó resultado do concurso convocado para a contratación do servizo de vixilancia e seguridade das instalacións da Academia Galega de Seguridade. | 890 |

#### **SERVICIO GALEGO DE SAÚDE**

- |  |     |
|--|-----|
| — Resolución do 17 de decembro de 2003, da División de Recursos Económicos, pola que se fai pública a adxudicación do concurso público para a contratación dos servizos de transporte sanitario para altas hospitalarias, urxencias non ingresadas e traslados intercentros do Complexo Hospitalario de Ourense, polo procedemento de concurso aberto. | 890 |
|--|-----|

	<u>Páxs.</u>
— Resolución do 7 de xaneiro de 2004, da Dirección Xerencia do Complexo Hospitalario Universitario Juan Canalejo-Marítimo Oza da Coruña, pola que se anuncian concursos de subministracións, polo procedemento aberto e tramitación anticipada, para a subministración de impresos historias clínicas, impresos xerais, material de oficina e etiquetas con código de barras e concurso de arrendamento sen opción de compra, polo procedemento aberto e tramitación anticipada, de arrendamento dun equipo de termocoagulación por radiofrecuencia destinado ó Servicio de Neurocirurxía deste complexo hospitalario. (Referencias C. 14, 15, 16, 20 e 102/2004 respectivamente).	890

#### b) DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

##### CONCELLO DE CERVO

— Anuncio.	891
------------	-----

##### CONCELLO DE OURENSE

— Resolución do 10 de decembro de 2003 pola que se anuncia concurso para contrata-la redacción do proxecto de trazado e construción, incluído cartografía de accesos a centro comercial <i>Carrefour, S.A.</i>	892
--	-----

	<u>Páxs.</u>
<b>CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA</b>	
— Anuncio de información pública.	893
<b>DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO</b>	
— Anuncio de contratación.	893
<b>MANCOMUNIDADE RÍA DE AROUSA</b>	
— Anuncio relativo á contratación da Xerencia Mancomunidade Arousa Norte (resolución da Presidencia do 30 de decembro de 2003).	894

#### e) OUTROS ANUNCIOS

##### AXENCIA TRIBUTARIA

— Anuncio do 31 de outubro de 2003, da Delegación Especial de Madrid, polo que se citan contribuíntes para seren notificados por comparecencia (033111007).	895
---	-----

##### COOPERATIVA DEL CAMPO DE SANTABALLA, S. COOP. LTDA.

— Anuncio.	896
------------	-----



DIARIO OFICIAL  
de **GALICIA**

#### **EDICIÓN E ADMINISTRACIÓN**

Secretaría Xeral da Consellería da Presidencia,  
Relacións Institucionais e Administración Pública  
Edificio San Caetano - Santiago de Compostela  
Teléfonos: 981 54 42 68 - 981 54 42 70  
Fax: 981 54 42 72 - 981 54 42 73  
<http://www.xunta.es>  
e-mail: [dog@xunta.es](mailto:dog@xunta.es)  
ISSN 1.130-9229  
Depósito legal C. 73-1982

#### **IMPRIME**

La Voz de Galicia, S.A.  
Avda. da Prensa, 84-85. Pol. Ind. de Sabón.  
15142-Arteixo (A Coruña)

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

*Decreto 4/2004, do 8 de xaneiro, polo que se establecen os criterios ós que se suxeitará a distribución e a práctica da liquidación definitiva do Fondo de Cooperación Local correspondente ó exercicio de 2001.*

Mediante sentencias números 1646/2002, do 30 de outubro, e 105/2003, do 5 de febreiro, da Sala do Contencioso-Administrativo (Sección Primeira) do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, en procesos instados, respectivamente, polos concellos da Coruña e Vigo, anulouse o Decreto 260/2001, do 4 de outubro, polo que se desenvolve a disposición adicional oitava da Lei 5/2000, do 28 de decembro, no relativo á aplicación e xustificación polos concellos beneficiarios do Fondo de Cooperación Local para o exercicio de 2001.

O referido decreto, recollendo o acordo adoptado, a iniciativa da *Federación Galega de Municipios e Provincias*, pola Comisión Galega de Cooperación Local, no exercicio das competencias atribuídas ó referido órgano pola disposición adicional oitava da Lei 5/2000, do 28 de decembro, consideraba como beneficiarios do Fondo de Cooperación Local no ano 2001 os concellos de poboación non superior a 50.000 habitantes.

En cumprimento das sentencias indicadas, o presente decreto estende á totalidade dos concellos de Galicia o dereito á percepción do fondo, establecendo as normas ás que deberá axustarse a súa distribución e liquidación no referido exercicio.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Economía e Facenda e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do oito de xaneiro de dous mil catro,

#### DISPOÑO:

#### Capítulo I

#### Disposicións xerais

##### Artigo 1º.-Obxecto.

Este decreto establece as normas ás que se suxeitará a distribución e liquidación definitiva do Fondo de Cooperación Local correspondente ó exercicio 2001, no marco do previsto na disposición adicional oitava da Lei 5/2000, do 28 de decembro, así como dos acordos adoptados ó seu abeiro pola Comisión Galega de Cooperación Local.

##### Artigo 2º.-Beneficiarios.

Serán beneficiarios do Fondo de Cooperación Local tódolos concellos de Galicia, así como a *Federación Galega de Municipios e Provincias*.

As respectivas participacións determinaranse de conformidade co establecido no capítulo II deste decreto.

#### Capítulo II Criterios de reparto

##### Artigo 3º.-Distribución do fondo.

1. Un 1% do seu importe integrará a partida con destino ós gastos de mantemento propios da FEGAMP prevista na disposición adicional oitava, punto 7 da Lei 5/2000, do 28 de decembro.

2. Detraída a partida anterior, o fondo será obxecto de distribución entre tódolos concellos, de conformidade co establecido nos artigos 4º e 5º deste decreto.

##### Artigo 4º.-Determinación inicial de cantidades para repartir.

As cantidades que se distribuirán entre os concellos como participación no Fondo de Cooperación Local do ano 2001 determinaranse conforme o seguinte procedemento:

1. Deducirase, en primeiro lugar, unha cantidade equivalente á dotación do Fondo de Cooperación Local no exercicio 2000, legalmente asignada ós concellos de poboación non superior a 50.000 habitantes.

2. A cifra restante fraccionarase en dúas cantidades, do seguinte xeito:

a) Consideraranse dous grupos de concellos en atención á súa poboación de dereito do ano 2001: os de poboación igual ou inferior a 50.000 habitantes, e os que excedan desta.

b) Efectuarase un reparto da cantidade total á que se refire este punto ente ámbolos grupos, de acordo cos seguintes criterios e ponderacións: habitantes 76%; superficie 15%; núcleos de poboación 9%.

3. Destinarase ós concellos de poboación non superior a 50.000 habitantes a cantidade a que se refire o número 1, incrementada no importe que corresponda ó seu grupo por aplicación do establecido no número 2, ambos deste artigo.

O resto será obxecto de distribución entre os concellos de poboación superior a 50.000 habitantes.

##### Artigo 5º.-Determinación de cotas.

1. As sumas que, conforme o establecido no artigo anterior, lles corresponda percibir ós concellos de poboación non superior a 50.000 habitantes, distribuiranse entre estes de acordo cos criterios recollidos no Decreto 215/2000, do 13 de setembro.

2. A cantidade con destino ós concellos de poboación superior a 50.000 habitantes, distribuirase mediante os seguintes criterios e ponderacións:

Criterio	Ponderación (%)
Habitantes	87
Superficie	10
Núcleos de poboación	3

### Capítulo III

#### Réxime de transferencias e liquidación

##### Artigo 6º.-Liquidación definitiva.

1. Coñecida a liquidación dos orzamentos de ingresos da Administración xeral, e determinada definitivamente con base nela, por aplicación da porcentaxe a que se refire a disposición adicional oitava, punto 2, da Lei 5/2000, do 28 de decembro, a dotación do fondo para o exercicio 2001 efectuaráselles ós concellos a correspondente liquidación definitiva, mediante a aplicación dos criterios establecidos no capítulo II deste decreto.

2. Para os efectos da referida liquidación, os ingresos que se considerarán serán os efectivamente rexistrados nos capítulos I, II e III do orzamento de ingresos da Administración xeral durante o ano natural de que se trate, procedan tanto de dereitos recoñecidos no propio exercicio como de exercicios anteriores.

O seu importe acreditarase mediante certificación que para tal efecto expedirá a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.

3. As participacións das entidades beneficiarias no Fondo de Cooperación Local 2001 serán, para tódolos efectos, as que resulten da liquidación definitiva que se practique segundo o establecido neste decreto.

A referida liquidación farase efectiva na primeira entrega á conta trimestral que, logo da entrada en vigor deste decreto, proceda efectuar en concepto de participación con cargo ó Fondo de Cooperación Local, transferindo ou retendo os importes que corresponda.

##### *Disposición derradeira*

Única.-Autorízase o conselleiro de Economía e Facenda para dicta-los actos e as disposicións precisas para a aplicación do establecido neste decreto.

Santiago de Compostela, oito de xaneiro de dous mil catro.

Manuel Fraga Iribarne  
Presidente

José Antonio Orza Fernández  
Conselleiro de Economía e Facenda

*Decreto 5/2004, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Fondo de Cooperación Local durante o período 2002-2004.*

A transformación do Fondo de Cooperación Local levada a cabo polas disposicións adicionais oitava da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo, e

sexta da Lei 2/2002, do 29 de abril, de orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2002, converteu este no instrumento central da colaboración e cooperación económico-financeira da Comunidade Autónoma coas entidades locais de Galicia.

Na súa nova configuración, que supón facer realidade para o conxunto dos nosos concellos a previsión constitucional de participación das facendas locais nos ingresos da Comunidade Autónoma, o fondo distribúese mediante a aplicación dos criterios e ponderacións de carácter obxectivo que, partindo das determinacións que a propia lei establece con carácter de mínimos, lle compete establecer á Comisión Galega de Cooperación Local, e que foron aprobados en sesión celebrada polo referido órgano o 5 de novembro de 2002, e publicados no DOG nº 240, do 13 de decembro.

De conformidade cos acordos citados, e unha vez que a disposición adicional sexta da Lei 6/2002, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2003, garante que o importe adicional con destino ós concellos de poboación inferior a 15.000 habitantes manterá unha dotación anual non inferior a 12.000.000 de euros, o modelo de repartición aprobado será de aplicación ata o exercicio do 2004 inclusive.

O presente decreto dítase en desenvolvemento dos preceptos legais citados, así como para a debida aplicación dos acordos adoptados ó seu abeiro a que se vén facer referencia.

Na súa virtude, de conformidade co dictame do Consello Consultivo de Galicia, por proposta do conselleiro de Economía e Facenda e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do oito do xaneiro de dous mil catro,

### **DISPOÑO:**

#### Capítulo I Disposicións xerais

##### Artigo 1º.-Obxecto e ámbito de aplicación.

O presente decreto ten por obxecto establece-las normas a que se suxeitará o Fondo de Cooperación Local do período 2002-2004, no marco do establecido nas disposicións adicionais oitava da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo, e sexta da Lei 2/2002, do 29 de abril, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2002, así como nos acordos adoptados ó seu abeiro pola Comisión Galega de Cooperación Local.

##### Artigo 2º.-Estructura do Fondo de Cooperación Local.

O Fondo de Cooperación Local estrutúrase, conforme os termos legalmente establecidos, na forma seguinte:

1. Un fondo principal, expresado nunha porcentaxe da recadación líquida dos capítulos I, II e III do orzamento de ingresos da Comunidade Autónoma

que para cada exercicio estableza a Lei de orzamentos, que se distribuirá mediante entregas á conta, sen prexuízo da súa posterior liquidación definitiva.

2. Un fondo adicional, dotado anualmente na Lei de orzamentos, cun importe non inferior a 12.000.000 de euros, que se distribuirá por cotas fixas.

#### Artigo 3º.-Beneficiarios.

1. Son beneficiarios do fondo principal tódolos concellos de Galicia, así como a *Federación Galega de Municipios e Provincias*.

As súas participacións determinaranse de conformidade co establecido no capítulo II deste decreto.

2. Son beneficiarios do subfondo adicional os concellos cunha poboación de dereito inferior a 15.000 habitantes.

As participacións respectivas serán as que resulten do establecido no capítulo III deste decreto.

### Capítulo II Fondo principal

#### Artigo 4º.-Distribución do fondo principal.

1. O fondo principal será obxecto de distribución entre tódolos concellos de Galicia. A determinación das cotas individualizadas axustarase ó establecido nos artigos 5º a 7º deste decreto.

2. Previamente á distribución do fondo principal deducirase un importe equivalente ó 1% do fondo, que en ningún caso excederá de 600.000 euros anuais, que se destinará ós gastos de mantemento propios da FEGAMP, conforme o acordo adoptado pola Comisión Galega de Cooperación Local, na súa reunión do 5 de novembro de 2002, segundo o previsto na disposición adicional oitava, punto 7, da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo.

#### Artigo 5º.-Variables distributivas.

O fondo principal, unha vez detraída a partida destinada ós gastos de mantemento da FEGAMP, será obxecto dunha primeira distribución mediante a aplicación da seguinte metodoloxía:

a) Consideraranse tres grupos de concellos en atención á poboación de dereito que, para cada un deles, resulte dos datos oficialmente dispoñibles no 1 de xaneiro do ano considerado: os de poboación inferior a 15.000 habitantes, os de poboación entre 15.000 e 50.000 habitantes e os de poboación superior a 50.000 habitantes.

Efectuándose unha repartición do seu monto total entre os referidos grupos de acordo cos seguintes criterios e ponderacións: habitantes 76%, superficie 15%, núcleos de poboación 9%.

b) As participacións iniciais de cada concello determinaranse, por referencia ás cantidades que,

conforme o establecido na alínea anterior, correspondan ó seu grupo, mediante a aplicación das seguintes escalas específicas:

Criterio	Ponderación (%)		
	<15.000 hab.	15.000<=P<50.000 hab.	>50.000 hab.
Habitantes	65	76	87
Superficie	20	15	10
Núcleos de poboación	15	9	3

#### Artigo 6º.-Garantía de mínimos de percepción.

1. Polo que respecta ó ano 2002, cando as cantidades resultantes da aplicación dos criterios a que se refire o artigo anterior, incrementadas coas que, de se-lo caso, teñan dereito a percibir os concellos con cargo ó fondo adicional, segundo o establecido no artigo 7º.1 deste decreto, sexan inferiores ás respectivas participacións no fondo de cooperación local do ano 2001, incrementaranse aquelas ata o referido límite.

As sumas necesarias para dar cumprimento ó establecido neste punto detraeranse das participacións correspondentes a repartición por variables distributivas para os distintos concellos, calquera que fose o seu número de habitantes, de xeito proporcional ó seu importe, ben que co límite da súa propia participación no referido ano 2001.

2. Para os exercicios de 2003 e 2004 o incremento anual da participación de cada concello no fondo principal será, como mínimo, do 30% do crecemento medio deste para o respectivo exercicio.

As sumas necesarias para dar cumprimento ó establecido neste punto detraeranse das participacións resultantes da repartición por variables distributivas para os distintos concellos, calquera que fose o seu número de habitantes, de xeito proporcional ó seu importe, co límite do incremento mínimo anual a que se vén de facer referencia.

#### Artigo 7º.-Esforzo fiscal.

1. As cantidades asignadas a cada concello na repartición do fondo principal, conforme os criterios precedentes, modularanse mediante a aplicación, con efectos redistributivos, e unha ponderación do 5%, da variable esforzo fiscal, obténdose así as participacións finais de cada concello.

2. O índice de esforzo fiscal municipal obterase mediante a aplicación da seguinte fórmula:

$$EFM = (RM/RG) - (PM/PG).$$

Sendo:

EFM: índice de esforzo fiscal municipal.

RM: recadación cap. III do concello.

RG: recadación cap. III de tódolos concellos.

PM: poboación do concello no 1 de xullo do ano considerado para a recadación.

PG: poboación de tódolos concellos á mesma data.



3. Os datos de recadación para tomar en consideración son os últimos dispoñibles que resulten da liquidación do capítulo III do orzamento de ingresos da respectiva entidade local, obtidos a partir das contas rendidas de conformidade co esixido pola Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas.

Caso de que o concello non tivese efectuado/a dita rendición de contas, atribuiráselle a recadación que resulte de aplicar á súa poboación a menor recadación per cápita dos concellos que a tivesen presentado.

### Capítulo III Fondo adicional

#### Artigo 8º.-Determinación de cotas.

1. A distribución do fondo adicional entre os concellos beneficiarios realizarase mediante cotas fixas, determinadas polo número de habitantes e decrecentes por tramos de poboación, segundo a seguinte escala referida ó ano 2002:

Criterio	Cota fixa (€)
Ata 2.000	54.000
De 2.001 a 5.000	42.000
De 5.001 a 10.000	36.000
De 10.001 a 14.999	25.500

2. No caso de que, como consecuencia de posteriores modificacións na composición da poboación de dereito resultante dos últimos datos oficialmente dispoñibles no 1 de xaneiro do respectivo exercicio, se alterase o número de concellos beneficiarios do fondo adicional, ou ben se producise a adscrición dalgún deles a un tramo de poboación diferente, procederase á nova determinación das cotas fixas, que gardarán estricteza proporcionalidade coas establecidas na escala anterior, e mediante as que se distribuirá a total dotación deste fondo no exercicio de que se trate.

### Capítulo IV Réxime de transferencia e liquidación

#### Artigo 9º.-Entregas á conta.

1. A Comunidade Autónoma transferirá as entidades beneficiarias con carácter de entrega á conta, por cuartas partes, no segundo mes de cada trimestre natural, as participacións que, conforme o establecido neste decreto, lles corresponda percibir con cargo á consignación do fondo principal.

2. Simultaneamente, e tamén por cuartas partes, transferiráselle ós concellos de poboación inferior a 15.000 habitantes a cota fixa que lles corresponda como participación no fondo adicional.

#### Artigo 10º.-Liquidación definitiva.

1. Coñecida a liquidación dos orzamentos de ingresos da Administración xeral, e determinada definitivamente conforme ela, por aplicación da porcentaxe que para o efecto establece a Lei de orzamentos, a dotación do fondo principal no correspondente exercicio, efectuaráselles ós concellos a

correspondente liquidación definitiva, transferindo ou retendo o importe que corresponda na primeira entrega á conta trimestral que proceda.

2. Para os efectos da referida liquidación, os ingresos que se considerarán serán os efectivamente rexistrados nos capítulos I, II e III do orzamento de ingresos da Administración xeral da Comunidade Autónoma durante o ano natural de que se trate, procedan tanto de dereitos recoñecidos no propio exercicio como de exercicios anteriores.

O seu importe acreditarase mediante certificación que para tal efecto expedirá a intervención xeral da Comunidade Autónoma dentro do primeiro trimestre do ano seguinte.

#### *Disposición adicional*

A Consellería de Economía e Facenda procederase a regularización das cantidades xa aboadas á conta con cargo ó Fondo de Cooperación Local dos exercicios 2002 e 2003, axustándoas ó establecido neste decreto, na primeira entrega trimestral seguinte á súa entrada en vigor.

#### *Disposicións derradeiras*

Primeira.-Autorízase o conselleiro de Economía e Facenda para dicta-los actos e disposicións precisas para a aplicación do establecido neste decreto.

Segunda.-O presente decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, oito de xaneiro de dous mil catro.

Manuel Fraga Iribarne  
Presidente

José Antonio Orza Fernández  
Conselleiro de Economía e Facenda

## **CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

*Decreto 454/2003, do 26 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.*

Publicado o Decreto 23/2003, do 20 de xaneiro, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, quedando a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria configurada como se indica no seu artigo 4º, procede realiza-los correspondentes cambios organizativos e funcionais nas direccións xerais afectadas e consecuentemente reflectir tales modificacións na disposición que establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Por outra parte, a entrada en vigor da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, da calidade do ensino, aconsella que se realice unha redistribución das funcións para desenvolver en distintas unidades administrativas desta consellería coa finalidade de atende-lo cumprimento dos principios e normas que esta lei orgánica establece para mellora-las calidades do sistema educativo español.

Por todo o que antecede cómpre realiza-las modificacións pertinentes na actual estrutura orgánica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria; estimándose que por razóns de claridade e seguridade xurídica é máis axeitada a técnica de refundir nun só texto os cambios que hai que introducir na vixente estrutura, no canto do mantemento de tres disposicións en vigor que regulen a estrutura orgánica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

En virtude diso, por proposta do conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, cos informes previos da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública e da Consellería de Economía e Facenda, e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinteseis de decembro de dous mil tres,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1º.-Ámbito competencial.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia a quen lle corresponden as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades; a promoción e o ensino da lingua galega; a coordinación do sistema universitario; o recoñecemento, tutela e rexistro das fundacións docentes de interese galego; e as competencias e funcións que lle atribúe o Decreto 268/2000, do 2 de novembro, polo que se crea o Museo Pedagóxico de Galicia, e o Decreto 214/2003, do 20 de marzo, polo que se modifica o Decreto 110/1999, do 8 de abril, polo que se crea e regula o Consello Galego de Formación Profesional. Todo iso de conformidade co establecido na Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, pola que se aproba o Estatuto de Galicia, na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, na Lei 7/1983, do 22 de xuño, de réxime das fundacións de interese galego (modificada pola Lei 11/1991, do 8 de novembro), na Lei 11/1989, do 20 de xullo, de ordenación do sistema universitario de Galicia, na Lei 3/2002, do 29 de abril, de medidas de réxime fiscal e administrativo, na Lei 2/2003, do 22 de maio, do Consello

Galego de Universidades, e nas leis orgánicas reguladoras do sistema educativo español.

##### Artigo 2º.-Estructura.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria desempeñará as súas funcións a través dos seguintes órganos superiores:

I. O Conselleiro.

II. A Secretaría Xeral.

III. A Dirección Xeral de Persoal.

IV. A Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa.

V. A Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais.

VI. A Dirección Xeral de Universidades.

VII. A Dirección Xeral de Política Lingüística.

VIII. As delegacións provinciais.

IX. Os órganos colexiados.

##### Artigo 3º.-O Conselleiro.

O Conselleiro é a autoridade superior da consellería e, con tal carácter, desempeña e exerce as atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei de Galicia 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro.

##### Artigo 4º.-A Secretaría Xeral.

A Secretaría Xeral exercerá as competencias e funcións determinadas no Decreto 119/1982, do 5 de outubro, e no Decreto 111/1984, do 25 de maio; así como aquelas que lle estean atribuídas pola normativa vixente e as que lle sexan delegadas ou encomendadas polo titular da consellería.

Para o exercicio das súas funcións, a secretaría xeral estrutúrase nas seguintes unidades:

1. Subdirección Xeral de Coordinación Administrativa e Xestión Orzamentaria.

Correspóndelle a esta subdirección xeral exercer-las competencias relativas á elaboración do anteproxecto de orzamento da consellería, o seu seguimento e coordinación; a coordinación administrativa dos servizos de carácter xeral, do réxime interior e dos rexistros e arquivos; a racionalización dos circuitos administrativos, en coordinación cos órganos competentes da Consellería da Presidencia e Administración Pública; a elaboración da normativa sobre transporte e comedor escolares; a xestión, o control e a coordinación dos servizos de transporte e de comedores escolares; e, en xeral, cantas outras lle sexan encomendadas pola secretaría xeral.

Para o desenvolvemento destas competencias contará coas seguintes unidades, con nivel orgánico de servizo:

a) Servizo de Xestión Económica e Réxime Interior.

Correspóndenlle, baixo a dirección da Subdirección Xeral, as seguintes funcións:

-Confeciona-lo borrador do anteproxecto de orzamentos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

-Controla-la xestión económica das diversas unidades que compoñen a consellería e o pagamento das obrigas contraídas.

-Xestionar e supervisa-las actividades relacionadas cos asuntos xerais de réxime interior da consellería, en especial as do rexistro xeral, información, portería e arquivo, así como a contratación administrativa que teña aquel carácter.

-Xestiona-los contratos de asistencia técnica dependentes da Secretaría Xeral.

-Exerce-las funcións que competen ó administrador do Mupega, nos termos establecidos no decreto de creación do museo.

-Aquelas outras análogas que lle sexan encomendadas.

b) Servizo de Xestión dos Servizos Educativos Complementarios.

Correspóndenlle, baixo a dirección da Subdirección Xeral, as seguintes funcións:

-Programar e xestiona-lo servizo de transporte escolar en función das necesidades dos centros docentes non universitarios; e dos demais servizos educativos complementarios, coordinando a súa actividade coa das delegacións provinciais.

-Xestionar e coordina-los servizos de comedor dos centros docentes dependentes desta consellería.

-Coordina-las accións que prestan as delegacións provinciais en materia de bolsas e axudas.

-Asisti-la Secretaría Xeral, xunto cos servizos da Inspección Educativa, na supervisión e control do transporte e comedor escolares.

-Calquera outra análoga que lle sexa encomendada.

2. Subdirección Xeral de Construcións e Equipamento.

Correspóndelle, dentro das previsións orzamentarias e a partir da planificación educativa e dos correspondentes programas de necesidades, a programación e contratación dos investimentos en infraestructuras da consellería; a xestión e supervisión dos proxectos de construción de centros, tanto de obra nova como de ampliación, reposición ou rehabilitación integral; a coordinación dos proxectos de reforma, de ampliación e de mellora nas obras que

sexan competencia da consellería; a elaboración de orientacións técnicas sobre redacción de proxectos, edificacións, instalacións e equipos, métodos de control e ensaio; a programación das necesidades de equipamento, así como o seu seguimento e control; e aquelas outras funcións que lle sexan encomendadas pola Secretaría Xeral.

Para o desenvolvemento destas competencias contará coas seguintes unidades, con nivel orgánico de servizo:

a) Servizo de Construcións.

Correspóndenlle, baixo a dirección da Subdirección Xeral, as seguintes funcións:

-A elaboración de orientacións técnicas sobre edificacións, instalacións e equipos, métodos de control e ensaio.

-Coordinar e inspecciona-la execución de tódalas obras desenvolvidas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, incluídas as que xestionan directamente as delegacións provinciais, en virtude das competencias nelas desconcentradas.

-Controla-la execución de tales obras, tanto desde o punto de vista técnico como do cumprimento dos prazos do contrato.

-Calquera outra análoga ou que lle sexa encomendada.

b) Servizo de Contratación e Equipamento.

Correspóndenlle, baixo a dirección da Subdirección Xeral, as seguintes funcións:

-A xestión e contratación dos proxectos e das obras de nova construción, ampliación, rehabilitación e reposición precisas, en execución dos programas de necesidades.

-Xestión e contratación dos servizos e equipamento para os centros docentes públicos.

-Prepara-los pregos de condicións técnicas e administrativas dos correspondentes contratos.

-Seguimento e control dos plans de equipamento en tódalas súas fases de compra, distribución e recepción.

-Xestiona-las subvencións que se concedan a entidades e institucións sen fins de lucro para obras, equipamentos e infraestructuras educativas en xeral.

-Informes e actuacións que sexan necesarias a prol da colaboración con órganos externos de control, respecto ás ditas actividades contractuais.

-Calquera outra análoga ou que lle sexa encomendada.

c) Servizo de Supervisión de Proxectos e Xestión Patrimonial.

Correspóndenlle, baixo a dirección da Subdirección Xeral, as seguintes funcións:

-Estudia-la programación de prioridades para os proxectos de obra nova, ampliación ou reposición

dos inmobles dependentes desta consellería, definindo as características en función do que se establece na rede de centros e no programa de necesidades específico para o dito investimento, e coordinándose coas direccións xerais de Persoal e de Centros e Ordenación Educativa.

-A xestión e tramitación dos expedientes para a consecución de dispoñibilidade do solo necesario nos investimentos para realizar, sen perxuízo das competencias que lle correspondan á Secretaría Xeral e do Patrimonio da Consellería de Economía e Facenda.

-Tramita-los expedientes de expropiación instruídos pola consellería.

-A elaboración de instrucións, control e supervisión dos proxectos de obra nova, ampliacións, reposicións e rehabilitacións integrais que execute esta consellería.

-Calquera outra análoga ou que lle sexa encomendada.

### 3. Subdirección Xeral de Sistemas de Información da Educación.

Correspóndelle a esta subdirección xeral a implantación e xestión das novas tecnoloxías e sistemas de información, de comunicacións e de servizos informáticos para o sistema educativo non universitario galego; a xestión informativa de axudas e bolsas de estudo; a informatización dos rexistros de centros educativos e a explotación dos datos da estatística educativa; a informatización dos concursos de traslados de persoal docente e dos procesos selectivos e tódalas actuacións dirixidas á xestión e coordinación dos procesos informáticos.

Para o desenvolvemento destas funcións contará coas seguintes unidades administrativas, co nivel orgánico de servizo:

#### a) Área de Atención a Centros e Explotación de Datos.

Correspóndenlle, baixo a dirección da Subdirección Xeral, as seguintes funcións:

-Definir e desenvolve-las accións relativas á informática educativa.

-Identificar e autoriza-los contidos que se ofertarán na rede telemática desta consellería, xestionando a súa adquisición coa colaboración das demais unidades administrativas.

-Planificar e organiza-la formación dos usuarios nas distintas aplicacións corporativas; así como coordina-las actuacións en materia de informática educativa.

-Xestionar e coordina-lo soporte técnico informático que se lles vai prestar ós usuarios.

-Elaborar e explota-las estatísticas propias desta consellería, de conformidade coa normativa vixente na materia.

-Propor, conxuntamente coa Área de Sistemas de Información e de Comunicacións, os métodos e normas relativos á seguridade e privacidade da información procesada nos sistemas informáticos da consellería, de conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, en coordinación coa Dirección Xeral de Organización e Sistemas Informáticos.

-Calquera outra análoga que lle sexa encomendada.

#### b) Área de Sistemas de Información e de Comunicacións.

Correspóndenlle, baixo a dirección da subdirección Xeral, as seguintes funcións:

-Programar e xestiona-los proxectos que desenvolvan a implantación de novas tecnoloxías e sistemas de información nesta consellería, especialmente os destinados ós centros docentes e á función educativa, sen prexuízo das competencias atribuídas á Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública.

-Xestiona-la adquisición de equipos informáticos ou de comunicacións que precise esta consellería para o mellor cumprimento dos fins que lle son propios.

-Propor métodos e instrucións técnicas para garanti-la salvagarda e control dos recursos informáticos dos que dispón a consellería, en coordinación coa Dirección Xeral de Organización e Sistemas Informáticos.

-Elaborar estudos, proxectos e métodos de racionalización de procesos ou de calquera outro relacionado coas tecnoloxías de información e de comunicacións, en coordinación coa Dirección Xeral de Organización e Sistemas Informáticos e sen prexuízo das competencias desta.

-Xestiona-la operatividade dos sistemas informáticos, bases de datos, servizos de rede e de comunicacións da consellería, sen prexuízo das competencias atribuídas á Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública.

-Propor, conxuntamente coa Área de Informática Educativa, de Atención a Centros e de Estatística, os métodos e normas relativos á seguridade e privacidade da información procesada nos sistemas informáticos da consellería, de conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, en coordinación coa Dirección Xeral de Organización e Sistemas Informáticos.

-Calquera outra análoga que lle sexa encomendada.

4. Intégranse na Secretaría Xeral, dependendo directamente do seu titular, as seguintes unidades con nivel orgánico de servizo:

a) Servizo Técnico-Xurídico.

Correspóndenlle, baixo a dirección da Secretaría Xeral, as seguintes funcións:

-Analizar e tramita-los proxectos de disposicións xerais desta consellería; así como elabora-las compilacións e refundicións das normas de interese para o departamento.

-Estudiar, preparar e tramita-los expedientes da consellería que teñan que elevarse ó Consello da Xunta de Galicia e ás súas comisións; así como o traslado dos correspondentes acordos.

-Elabora-los estudos xurídicos e a información legal que lle sexan encomendados pola Secretaría Xeral; así como estudar ou formula-las propostas de resolución dos recursos e das reclamacións interpostos contra os actos dictados polos órganos da consellería, que lle encargue o mencionado órgano.

-Coordina-la publicación nos diarios oficiais de tódalas disposicións e actos administrativos dictados polos órganos da consellería; así como a súa remisión para seren publicados.

-Leva-lo Rexistro das Fundacións de Interese Galego adscritas a esta consellería e realiza-las actividades propias da súa calidade de protectorado; así como exerce-las funcións derivadas do Rexistro de Asociacións de Alumnos e do Censo de Federacións e Confederacións de Pais de Alumnos.

-Calquera outra análoga que lle sexa encomendada.

b) Servizo de Prevención de Riscos Laborais.

En relación co persoal da Xunta de Galicia que presta servizos nos centros docentes dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, o Servizo de Prevención terá as funcións que establece o artigo 31.3º da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, modificado pola Lei 54/2003, do 12 de decembro, de reforma do marco normativo da prevención de riscos laborais, e de xeito específico:

-O deseño e proposta para a súa aprobación e implantación, dos plans e programas de actuación preventiva en materia de prevención de riscos laborais.

-A aplicación e coordinación dos devanditos plans.

-A avaliación dos factores de riscos que poidan afecta-la seguridade e saúde do devandito persoal.

-A planificación da actividade preventiva e a determinación das prioridades na adopción das medidas preventivas e a vixilancia da súa eficacia.

-A información e formación do persoal en materia de prevención dos riscos laborais.

-A vixilancia da saúde en relación cos riscos derivados do traballo.

-O asesoramento e apoio na prestación dos primeiros auxilios.

-A elaboración e proposta para a súa aprobación polo órgano correspondente, así como a aplicación e control dos plans de autoprotección e evacuación.

-Cantas outras funcións atribuídas ó Servizo de Prevención deriven das leis de prevención de riscos laborais e dos seus regulamentos de desenvolvemento.

5. Intégranse na Secretaría Xeral, dependendo organicamente do seu titular, con nivel orgánico de subdirección xeral, as seguintes unidades:

a) Asesoría Xurídica.

Organicamente integrada na Secretaría Xeral e funcionalmente dependente da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia.

b) Intervención Delegada.

Organicamente integrada na Secretaría Xeral e funcionalmente dependente da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 5º.-Dirección Xeral de Persoal.

Correspóndelle a esta dirección xeral a xestión do persoal dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Para o desenvolvemento destas competencias, a Dirección Xeral de Persoal estrutúrase da seguinte forma:

1. Subdirección Xeral de Persoal.

Correspóndelle a esta subdirección xeral a elaboración do anteproxecto de orzamento do capítulo de persoal; a programación dos recursos persoais dos centros públicos docentes non universitarios; a xestión das accións relativas ó acceso, carreira docente e provisión de postos de traballo, en coordinación coas direccións xerais correspondentes por razón da materia; a xestión das retribucións do profesorado; o estudo dos recursos e reclamacións referidos a persoal e a confección das correspondentes propostas de resolución; a xestión relativa ó persoal non docente dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria; e calquera outra análoga que lle sexa encomendada.

Para o desenvolvemento das súas funcións esta subdirección contará coas seguintes unidades, con nivel orgánico de servizo:

a) Servizo de Profesorado de Educación Infantil e Primaria.

Correspóndenlle, baixo a dirección da subdirección xeral, as seguintes funcións:

-Preparar e tramita-lo concurso xeral de traslados e os procedementos selectivos de acceso ó corpo de mestres, analizando as características específicas destes postos de traballo.

-Prepara-los expedientes de indemnización por razón de servizo.

-Elabora-las propostas de resolución dos recursos.

-Calquera outra análoga que lle sexa encomendada.

b) Servicio de Profesorado de Educación Secundaria, de Formación Profesional e de Réxime Especial.

Correspóndenlle, baixo a dirección da Subdirección Xeral, as seguintes funcións:

-Preparar e tramita-lo concurso xeral de traslados e os procedementos selectivos de acceso ós distintos corpos.

-Prepara-los expedientes de indemnización por razón de servizo.

-Elabora-las propostas de resolución dos recursos.

-Calquera outra análoga que lle sexa encomendada.

c) Servicio de Persoal non Docente.

Correspóndenlle, baixo a dirección da Subdirección Xeral, as seguintes funcións:

-Coordina-la confección das nóminas do persoal dependente da consellería e controla-la execución orzamentaria das delegacións provinciais nesta materia.

-Xestiona-los expedientes e as situacións administrativas, do persoal funcionario non docente, tanto dos servizos centrais coma das delegacións provinciais; así como dos centros públicos dependentes delas.

-Elaborar e xestiona-los contratos, e as competencias que destes deriven, relativos ó persoal laboral dependente da consellería.

-En xeral, a xestión, control e coordinación de todo o persoal adscrito á consellería, ben sexa de carácter laboral ou funcionario; e calquera outra análoga que lle sexa encomendada.

Artigo 6º.-Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa.

Correspóndelle a esta dirección xeral a elaboración das propostas de creación, supresión, transformación, clasificación, autorización e organización dos centros escolares, tanto de titularidade pública coma privada, sen prexuízo das que se lle asignan á Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais; a confección das propostas de concesión de axudas e de concertos educativos, así como a súa xestión e os demais aspectos derivados das axudas á escolarización; o pagamento delegado ó profesorado; o estudo das disposicións sobre o réxime xurídico e administrativo dos centros; a expedición dos títulos académicos de nivel non universitario derivados das leis orgánicas que regulan o sistema educativo español; a determinación das necesidades de equipamento destes centros públicos e as propostas de adquisición deste material, así como a ordenación da súa distribución.

Así mesmo, correspóndelle a ordenación, elaboración e renovación dos programas educativos das ensinanzas non universitarias de réxime xeral; a determinación das normas e das orientacións precisas para a súa efectividade e a adaptación ás necesidades educativas específicas do alumnado; a emisión de informes sobre a autorización desas ensinanzas e a adecuación dos equipamentos e instalacións destinadas á súa docencia; a proposta de programas e proxectos específicos ou experimentais; a programación das modificacións da rede de centros escolares non universitarios, así como a súa adecuación periódica en función das necesidades e da evolución do sistema educativo no mapa escolar de Galicia.

Para o desenvolvemento das anteriores competencias esta dirección xeral estrutúrase como segue:

#### 1. Subdirección Xeral de Centros.

Correspóndelle a esta subdirección xeral: xestiona-los gastos de funcionamento dos centros públicos docentes non universitarios; instruír e emitir informes, nos expedientes de creación, supresión, transformación, clasificación e autorización dos centros docentes non universitarios de titularidade pública e privada, así como elabora-las propostas de resolución; analiza-las necesidades de equipamento e mobiliario dos centros docentes públicos non universitarios; elabora-los proxectos normativos sobre concertos educativos, convenios e subvencións a centros privados, e a súa execución; así como tramita-la expedición de títulos académicos.

Para o desenvolvemento destas funcións contará coas seguintes unidades administrativas, con nivel orgánico de servizo:

##### a) Servicio de Centros.

Correspóndenlle, baixo a dirección da Subdirección Xeral, as seguintes funcións:

-Tramita-los expedientes relativos á creación, supresión, transformación, cambio de titularidade, clasificación e autorización dos centros de titularidade pública e privada.

-Leva-lo rexistro de centros e tramita-la expedición de títulos académicos e o seu rexistro.

-Aplica-los acordos relativos ós centros afectados pola non renovación dos concertos educativos.

-Propoñe-lo regulamento orgánico e as demais normas sobre o réxime administrativo dos centros.

-Estudia-las necesidades de equipamento de mobiliario, de material didáctico e deportivo dos centros docentes públicos; así como elabora-las propostas para a súa adquisición e distribución.

-Calquera outra análoga que lle sexa encomendada.

## b) Servicio de Xestión de Programas Educativos.

Correspóndenlle, baixo a dirección da Subdirección Xeral, as seguintes funcións:

-Coordina-los servicios de programación e contratación das delegacións provinciais naquelas materias que afecten a dirección xeral.

-Elabora e xestiona-los proxectos normativos sobre concertos educativos, subvencións e convenios e tramita-lo pagamento delegado ó profesorado.

-Elabora-lo anteprojecto de orzamento desta dirección xeral e controla-la súa xestión económica e a execución do gasto das diversas unidades dependentes dela.

-Realiza-la xestión, seguimento, avaliación e control dos custos de funcionamento dos centros públicos.

-Tramitar e propoñe-lo pagamento de tódalas obrigas xeradas pola dirección xeral.

-Coordina-la distribución de libros de escolaridade de nivel non universitario.

-Xestiona-lo programa de axudas para libros de texto.

-Calquera outra análoga que lle sexa encomendada.

## 2. Subdirección Xeral de Ordenación Educativa.

Correspóndelle a esta subdirección xeral: a elaboración das propostas curriculares das ensinanzas de réxime xeral do ensino non universitario, e da súa normativa académica e organizativa; a confección de programas para atende-las necesidades educativas específicas e a diversidade dos alumnos; a supervisión dos desenvolvementos curriculares e proxectos experimentais que se realizan nos centros; o estudo dos programas educativos; a organización das probas derivadas do sistema educativo; a análise, planificación e implantación das diferentes etapas educativas.

Para o desenvolvemento das súas funcións estrutúrase nas seguintes unidades, con nivel orgánico de servizo:

## a) Servicio de Ordenación e Innovación Educativa.

Correspóndenlle, baixo a dirección da Subdirección Xeral, as seguintes funcións:

-Elabora-las propostas dos currículos educativos nos diferentes niveis e modalidades do ensino non universitario.

-Elabora-las propostas da normativa que regule a educación específica, a acción tutorial, a orientación educativa e as medidas curriculares para atende-la diversidade do alumnado.

-Propoñe-la autorización, seguimento e avaliación de proxectos experimentais e determina-los criterios para asesorar e supervisa-los desenvolvementos curriculares nos centros.

-Propoñe-la autorización de materias optativas.

-Propoñe-las resolucións sobre validacións e equivalencias nos estudos regulados pola lexislación educativa, e nos recursos presentados polos alumnos, os seus pais ou titores; así como as convocatorias de gracia.

-Calquera outra análoga que lle sexa encomendada.

## b) Servicio de Planificación Educativa.

Correspóndenlle, baixo a dirección da Subdirección Xeral, as seguintes funcións:

-Planificar e organiza-las probas a levar a cabo co alumnado de niveis non universitarios, como consecuencia do desenvolvemento do sistema educativo.

-Avalia-los informes relativos a poboación, infraestructuras escolares e demanda educativa, así como eleva-las propostas correspondentes.

-Planifica-la oferta educativa e a súa adecuación ás variacións das necesidades dentro dos niveis educativos de réxime xeral.

-Estructurar e propo-la implantación das diferentes modalidades e itinerarios correspondentes ás ensinanzas anteriores.

-Calquera outra análoga que lle sexa encomendada.

## 3. Subdirección Xeral de Inspección Educativa.

Correspóndelle a esta subdirección xeral dirixir e velar polo cumprimento das funcións encomendadas á Inspección Educativa; elaborar e propoñer para a súa aprobación o plan anual da inspección e supervisa-lo seu cumprimento; coordina-lo traballo dos servicios provinciais de inspección, propoñer e organizar actividades de formación e perfeccionamento para os membros de inspección; realiza-las accións de avaliación xeral e de mellora do sistema educativo non universitario de Galicia; participar nas accións de avaliación programadas polo Instituto Nacional de Avaliación e Calidade do Sistema Educativo e emitir informes ós distintos centros directivos da consellería.

Para o desenvolvemento das súas competencias, a Subdirección Xeral de Inspección Educativa contará, ademais do subdirector xeral de Inspección, con dous inspectores centrais con nivel orgánico de xefe de servizo, un de planificación e coordinación da inspección e outro de avaliación e calidade do sistema educativo.

## a) Servicio de Planificación e Coordinación da Inspección Educativa.

Correspóndelle, baixo a dirección do subdirector xeral, o exercicio das seguintes funcións:

-Coordina-lo cumprimento das funcións que teñen encomendadas os servicios provinciais de inspección.

-Elabora-lo plan de traballo anual da inspección, de acordo coas prioridades e directrices emanadas das correspondentes direccións xerais da consellería.

-Supervisa-lo cumprimento do plan de traballo anual da inspección.

-Propoñer e organizar actividades de formación e perfeccionamento para os membros da inspección.

-Emitir informes e propostas ós distintos centros directivos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

-Elabora-la memoria anual do funcionamento do servizo e eleva-la á Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa.

-Cantas outras lle sexan encomendas no ámbito desta subdirección xeral.

b) Servizo de Avaliación e Calidade do Sistema Educativo.

Correspóndelle, baixo a dirección do subdirector xeral, o exercicio das seguintes funcións:

-Realiza-lo deseño, planificación e execución das accións de avaliación xeral e de mellora da calidade do sistema educativo non universitario de Galicia, que constituirán o seu plan anual de actividades.

-Elaborar e coordina-las accións para a avaliación xeral dos niveis, etapas, ciclos e graos de ensinanzas non universitarias do sistema educativo en Galicia, de acordo coas prioridades determinadas polo conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria; avalia-los proxectos e programas educativos en funcionamento.

-Elaborar e coordina-los plans de avaliación dos centros e de mellora da calidade.

-Asumi-las tarefas inherentes á participación da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no Instituto Nacional de Avaliación e Calidade do Sistema Educativo, así como nos estudos de avaliación de ámbito estatal ou internacional.

-Elaborar informes sobre os resultados das avaliacións realizadas.

-Cantas outras lle sexan encomendas no ámbito desta subdirección xeral.

Artigo 7º.-Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais.

Correspóndelle a esta dirección xeral a ordenación académica das ensinanzas de formación profesional e as ensinanzas escolares de réxime especial; a determinación das normas e das orientacións precisas para a súa efectividade; a emisión de informes sobre a autorización, a adecuación dos equipamentos e instalacións destinadas á docencia destas ensinanzas; a xestión das axudas procedentes do Fondo Social Europeo para a mellora do sistema de formación profesional; a articulación e implementación dos programas, plans e medidas que determinen os plans galegos de formación profesional no eido da

ensinanza regrada; o deseño e desenvolvemento de plans de formación permanente do profesorado; a atención ás necesidades formativas das persoas adultas; formar parte do Consello Galego de Formación Profesional e ostenta-la presidencia da comisión asesora de formación do profesorado.

Para o desenvolvemento destas competencias esta dirección xeral estrutúrase como segue:

#### 1. Subdirección Xeral de Formación Profesional.

Correspóndelle a esta subdirección xeral: confecciona-las propostas de ordenación, elaboración e renovación dos plans e dos programas educativos das ensinanzas de formación profesional específica de réxime xeral e as orientacións precisas para a súa efectividade; planifica-la oferta educativa, así como emiti-los informes sobre autorización de ensinanzas, adecuación dos equipamentos e instalacións destinadas á docencia técnico-profesional; apoia-lo Consello Galego de Formación Profesional desempeñando a secretaría deste órgano colexiado e dirixindo o persoal adscrito para tal fin; así como a atención ás necesidades formativas das persoas adultas que requiren unha formación e cualificación profesional.

Para o desenvolvemento das súas funcións estrutúrase nas seguintes unidades, con nivel orgánico de servizo:

##### a) Servizo de Formación Profesional.

Correspóndenlle a este servizo, baixo a dirección da Subdirección Xeral, as seguintes funcións:

-Planificar e propoñe-la ordenación académica dos estudos de formación profesional específica de réxime xeral nas súas diferentes modalidades e dos módulos profesionais pertencentes ós programas de iniciación profesional, así como elabora-las propostas da normativa que regulen estas ensinanzas.

-Realizar estudos e emitir informes sobre a formación profesional, a súa programación e a súa planificación.

-Propoñe-la autorización, seguimento e avaliación de proxectos experimentais e determina los criterios para asesorar e supervisa-los proxectos curriculares dos centros no referente ás ensinanzas técnico profesionais.

-Propoñe-la resolución sobre validacións e equivalencias, e dos recursos presentados polo alumnado, os seus pais ou titores, así como as convocatorias de gracia no referente ás ensinanzas de formación profesional específica de réxime xeral e ós módulos dos programas de iniciación profesional.

-Planificar e organiza-lo acceso ás ensinanzas de formación profesional de réxime xeral.

-Coordina-lo deseño e a actualización dos currículos dos ciclos formativos e módulos dos programas de iniciación profesional, así como a elaboración de materiais de apoio para o seu desenvolvemento.



-Calquera outra análoga que se lle sexa encomendada.

b) Servicio de Xestión Integrada de Recursos, Formación en Empresas e Orientación Laboral.

Correspóndenlle a este servicio, baixo a dirección da Subdirección Xeral, as seguintes funcións:

-Impulsa-lo desenvolvemento de ofertas integradas de formación profesional, así como propoñe-la súa ordenación.

-Coordina-los centros integrados de formación profesional, facilitando a súa relación coas empresas ou centros de traballo.

-Contribuír ó desenvolvemento do sistema integrado de formación profesional no eido da formación do profesorado, equipamentos, programas de innovación e desenvolvemento da formación profesional e información e orientación laboral.

-Promover programas de mellora da calidade en centros con ensinanzas de formación profesional, particularmente nos que teñan unha oferta formativa integrada.

-Impulsa-las relacións entre os responsables da formación, do emprego e da produción, mediante plans de información e establecemento de convenios.

-Propoñer medidas que faciliten o desenvolvemento dos módulos dos programas de iniciación profesional, así como impulsa-las iniciativas que lle procuren ó alumnado unha formación básica e profesional.

-Elabora-las propostas de normativa que regulen a orientación profesional nos centros educativos, así como impulsa-las actividades de información e orientación profesional.

-Calquera outra análoga que se lle sexa encomendada.

2. Subdirección Xeral de Ensinanzas Especiais e Formación Permanente.

Correspóndelle a esta subdirección xeral: confecciona-las propostas de ordenación, elaboración e renovación dos plans e dos programas educativos das ensinanzas escolares de réxime especial, así como os dirixidos ás persoas adultas; a planificación, execución e avaliación dos programas de formación, perfeccionamento e actualización do profesorado das diferentes áreas e niveis; a colaboración coas institucións universitarias responsables da formación inicial do profesorado; así como a atención ás necesidades formativas ó longo da vida.

Para o desenvolvemento das súas funcións estrutúrase nas seguintes unidades, con nivel orgánico de servizo:

a) Servicio de Ensinanzas de Réxime Especial.

Correspóndenlle a este servicio, baixo a dirección da Subdirección Xeral, as seguintes funcións:

-Planificar e propoñe-la ordenación académica das ensinanzas de réxime especial; así como elabora-las

propostas de normativa que regulen estas ensinanzas.

-Coordina-lo deseño e a actualización dos currículos destas ensinanzas, así como a elaboración de materiais de apoio para o seu desenvolvemento.

-Propoñe-la autorización, seguimento e avaliación de proxectos experimentais e determina-los criterios para asesorar e supervisa-los proxectos curriculares dos centros no referente a estas ensinanzas.

-Propoñe-la resolución sobre validacións e equivalencias, e dos recursos presentados polo alumnado, os seus pais ou titores, así como as convocatorias de gracia no referente ás ensinanzas de réxime especial.

-Planificar e organiza-lo acceso a estas ensinanzas.

-Calquera outra análoga que lle sexa encomendada.

b) Servicio de Xestión Económica e Educación de Adultos.

Correspóndenlle a este servicio, baixo a dirección da Subdirección Xeral, as seguintes funcións:

-Elabora-lo anteproxecto de orzamentos da dirección xeral e controla-la xestión e execución do gasto nas súas unidades.

-Planificar e propoñe-la ordenación académica da educación de adultos; así como elabora-las propostas de normativa que regulen estas ensinanzas e coordina-la elaboración de materiais de apoio para o seu desenvolvemento.

-Coordina-las actuacións que en materia de educación de adultos realicen as diferentes unidades e centros docentes desta consellería.

-Propoñe-la autorización, seguimento e avaliación de proxectos experimentais e determina-los criterios para asesorar e supervisa-los proxectos curriculares dos centros no referente a estas ensinanzas.

-Coordina-los programas educativos europeos e levar a cabo o seu seguimento e avaliación.

-Promove-la participación dos centros escolares en proxectos de cooperación multilateral en ámbitos diversos como a educación intercultural, a formación continua dos docentes, a utilización de novas tecnoloxías, o ensino de idiomas e a educación de adultos.

-Calquera outra análoga que lle sexa encomendada.

c) Servicio de Formación do Profesorado.

Correspóndenlle a este servicio, baixo a dirección da subdirección xeral, as seguintes funcións:

-Analiza-las necesidades de formación do profesorado e a formulación da correspondente proposta dos plans de formación, así como a súa xestión e execución.

-Xestiona-la rede de centros de formación e recursos, así como a formación e actualización do persoal adscrito a estas estruturas.

-Prepara-las convocatorias relacionadas coa formación do profesorado e as propostas dos convenios de colaboración con outras institucións que teñan como finalidade a formación do profesorado.

-Impulsar actividades de mellora da calidade nos centros educativos.

-Calquera outra análoga que lle sexa encomendada.

Artigo 8º.-Dirección Xeral de Universidades.

Correspóndelle á Dirección Xeral de Universidades a ordenación, planificación e execución das competencias, en materia de universidades e ensinanzas universitarias, correspondentes a esta consellería en relación coas que se lle atribúen no artigo 31 do Estatuto de autonomía para Galicia, na Lei galega 11/1989, do 20 de xullo, de ordenación do sistema universitario de Galicia, nas disposicións dictadas no seu desenvolvemento e na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades. Tamén lle corresponde elabora-la proposta e, se é o caso, executa-los plans específicos de apoio á formación e actualización do persoal docente das universidades galegas e de orientación e apoio económico ós estudantes universitarios.

Para o exercicio destas competencias, a Dirección Xeral de Universidades estrutúrase nas seguintes unidades:

#### 1. Subdirección Xeral de Universidades.

Correspóndelle a esta subdirección xeral: exercer-las competencias relativas á elaboración do anteproxecto do orzamento da dirección xeral, a súa xestión e seguimento; xestionar-los programas de orientación e de información ós estudantes universitarios; a elaboración dos anteproxectos de disposicións relativas á coordinación do sistema universitario de Galicia. Así mesmo correspóndelle: a xestión das accións de apoio á formación e actualización do profesorado universitario e de apoio económico ós estudantes universitarios; o estudo e proposta de resolución nos recursos administrativos referentes ó seu ámbito competencial; e a distribución da información e da documentación ós diversos servizos desta dirección xeral.

Para o desenvolvemento destas competencias contará coas seguintes unidades, con nivel orgánico de servizo:

a) Servizo de Coordinación do Sistema Universitario.

Correspóndenlle, baixo a dirección da Subdirección Xeral, as seguintes funcións:

-Xestiona-la creación e recoñecemento en Galicia de universidades e centros universitarios; autoriza-la implantación de estudos universitarios, tanto de carácter oficial e de validez en todo o territorio nacional coma os conducentes a títulos conforme o sistema vixente nos países estranxeiros.

-Xestiona-las relacións administrativas cos órganos estatais e autonómicos para a planificación e

coordinación en materia universitaria, así como prepara-la execución dos seus acordos.

-Xestiona-las relacións administrativas cos órganos colexiados e unipersoais das universidades, cos centros asociados da UNED en Galicia, e cos centros adscritos, propios e integrados, do sistema universitario.

-Prepara-la convocatoria das accións de apoio á formación e actualización do persoal docente das universidades galegas, e face-lo seu seguimento.

-Manter actualizado o banco de datos, no que afecta as súas funcións, para a elaboración de estatística do sistema universitario de Galicia.

-Preparar e face-lo seguimento dos convenios que afecten as súas funcións.

-Calquera outra análoga que lle sexa encomendada.

b) Servizo de Apoio e Orientación ós Estudantes Universitarios.

Correspóndenlle, baixo a dirección da Subdirección Xeral, as seguintes funcións:

-Preparárlle-los programas de orientación e información ós estudantes universitarios e face-lo seu seguimento.

-Xestiona-lo proceso de incorporación dos estudantes ó sistema universitario de Galicia.

-Manter actualizado o banco de datos, no que afecte as súas funcións, para a elaboración da estatística do sistema universitario de Galicia e para presta-lo servizo de información á comunidade universitaria.

-Prepara-la convocatoria das accións de apoio económico ós estudantes universitarios e face-lo seu seguimento.

-Preparar e face-lo seguimento dos convenios que afecten estas funcións.

-Calquera outra análoga que lle sexa encomendada.

c) Servizo de Financiamento do Sistema Universitario.

Correspóndenlle, baixo a dirección da Subdirección Xeral, as seguintes funcións:

-Elabora-las propostas de financiamento do sistema universitario de Galicia.

-Face-lo seguimento da xestión do orzamento e da contratación administrativa desta dirección xeral.

-Prepara-la documentación precisa para elabora-la proposta da normativa e do control dos prezos públicos do sistema universitario de Galicia.

-Manter actualizado o banco de datos, no que afecta as súas funcións, para a elaboración da estatística do sistema universitario de Galicia.

-Xestiona-las relacións administrativas coa xerencia das universidades e demais dependencias encargadas da xestión económica e dos investimentos.

-Xestiona-los convenios que, pola súa materia, afecten as competencias desta dirección xeral.

-Calquera outra análoga que lle sexa encomendada.

Artigo 9º.-Dirección Xeral de Política Lingüística.

A Dirección Xeral de Política Lingüística exercerá ou colaborará, segundo o caso, nas funcións derivadas da promoción e ensino da lingua galega.

Para exercer-las súas funcións, a Dirección Xeral de Política Lingüística estrutúrase da seguinte forma:

1. Subdirección Xeral de Promoción e Ensino da Lingua Galega.

Correspóndelle a esta subdirección xeral: a elaboración das propostas de planificación ordenadas desde a comisión coordinadora ou desde a consellería; a coordinación e xestión das actividades de promoción da lingua galega e dos plans e programas de formación; o control orzamentario desta dirección xeral e a súa coordinación económico-administrativa.

Para o desenvolvemento destas funcións esta subdirección xeral contará coas seguintes unidades, con nivel orgánico de servizo:

a) Servizo de Plans e Programas do Ensino da Lingua Galega.

Correspóndelle, baixo a dirección da subdirección xeral, as seguintes funcións:

-Propoñer e executa-los plans, programas e orientacións pedagóxicas para o ensino en lingua galega nos diferentes niveis, ciclos e modalidades da educación non universitaria.

-Promover e organizar congresos e seminarios en materia de lingua galega.

-Asesorar en materia de lingua galega entidades públicas e privadas.

-Coordina-los cursos de formación de lingua galega dirixidos a funcionarios públicos e a particulares que organice a dirección xeral e expedi-los certificados e títulos correspondentes a estes cursos.

-Propoñe-la homologación e recoñecemento das certificacións de cursos de lingua galega.

-Promociona-las actividades de fomento da docencia e da investigación da lingua, literatura e realidade galega nos departamentos das universidades de fóra da comunidade autónoma.

-Planifica-la formación en lingua galega de centros galegos en colaboración coa Consellería de Emigración.

-Estudiar e instruí-los recursos sobre expedientes de exención da materia de lingua galega, de acordo coa lexislación aplicable.

-Calquera outra análoga que lle sexa encomendada.

b) Servizo de Xestión e Promoción Lingüística.

Correspóndelle, baixo a dirección da Subdirección Xeral, as seguintes funcións:

-Elabora-lo anteproxecto de orzamento desta dirección xeral e exerce-la súa xestión económico-administrativa e o seu control orzamentario.

-Prepara-las propostas de convocatorias e realiza-lo seguimento e o pagamento das subvencións precisas para a promoción da lingua galega.

-Xestiona-la contratación administrativa para a realización de actividades de promoción da lingua galega, así como dos convenios de colaboración con esta finalidade.

-Calquera outra análoga que lle sexa encomendada.

c) Servizo do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

Correspóndelle as seguintes funcións:

-Exerce-lo cargo de secretario da comisión rectora do centro.

-Asisti-lo coordinador científico nos seus cometidos.

-Tramita-la documentación precisa para a realización da xestión do centro e colaborar na xestión e control dos custos do centro e das actividades e programas que se realicen.

-Apoia-los directores técnicos dos departamentos do centro na realización dos proxectos de investigación e de formación.

-Se-lo coordinador do persoal do centro.

-Calquera outra análoga que lle encomende a dirección.

Artigo 10º.-As delegacións provinciais.

En cada unha das provincias da comunidade autónoma existirá unha delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, de acordo co establecido no Decreto 5/1987, do 14 de xaneiro, polo que se reorganiza a Administración periférica da Xunta de Galicia e se regulan as competencias dos órganos territoriais.

Nos seus ámbitos territoriais, correspóndelles ás delegacións provinciais desempeña-las competencias determinadas no devandito Decreto 5/1987, do 14 de xaneiro, e as derivadas da desconcentración de competencias efectuada en virtude dos decretos 87 e 88/1990, ámbolos dous do 15 de febreiro, así como todas aquelas que lle sexan atribuídas por disposición legal ou lle sexan delegadas polo conselleiro.

Para o desenvolvemento destas funcións cada delegación provincial contará coas seguintes unidades, con nivel orgánico de servizo:

#### 1. Secretaría da delegación.

Correspóndenlle, baixo a dirección do delegado, as seguintes funcións:

-Impulsar e instruí-la actividade administrativa da delegación e coordina-la xestión do persoal dela dependente e a do seu réxime interior.

-Elabora-lo anteproxecto de orzamento da delegación e a administración, o control e a xustificación dos créditos que lle fosen asignados.

-Supervisa-las funcións do Gabinete de Normalización Lingüística.

-Asesorar e asistir, técnica e administrativamente, o delegado, a quen substituirá en caso de vacante, ausencia ou enfermidade.

-Calquera outra análoga que lle sexa encomendada.

#### 2. Servizo Provincial de Inspección.

Correspóndenlle, baixo a dirección do delegado provincial, as seguintes funcións:

-Asesorar, informar e orienta-los distintos sectores da comunidade educativa en materia de ensino.

-Inspecciona-los centros docentes públicos e privados non universitarios e os servizos educativos.

-Supervisa-las actas de avaliacións parciais e finais.

-Propoñer medidas sobre xestión dos recursos educativos e as demais funcións establecidas no Decreto 135/1993, do 24 de xuño.

-Calquera outra análoga que lle sexa encomendada.

#### 3. Servizo de Persoal.

Correspóndenlle, baixo as directrices da secretaría provincial, as seguintes funcións:

-Elabora-las nóminas dos funcionarios dependentes da delegación e as dos centros públicos e concertados.

-Tramita-los expedientes administrativos do persoal docente e non docente, especialmente en relación co concurso de traslados, cumprimento de trienios e sexenios, licencias, permisos, etc.

-Calquera outra análoga que lle sexa encomendada.

#### 4. Servizo de Promoción Estudiantil.

Correspóndenlle, baixo a dirección do delegado provincial, as seguintes funcións:

-Recolle-los datos para o trazado dos itinerarios do transporte escolar, así como das súas paradas e das dificultades técnicas nos seus percorridos.

-Analiza-los datos sobre a rapidez e a seguridade do servizo de transporte escolar.

-Tramita-los asuntos relacionados cos servizos de transporte e comedor escolares e coas escolas-fogar, segundo as directrices do Servizo de Xestión dos Servizos Educativos Complementarios.

-Coordinar cos servizos provinciais de transportes das delegacións da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda a verificación da aptitude técnica dos vehículos destinados a transporte escolar e, en especial, que cumpran cos requisitos esixidos no Real decreto 443/2001, do 27 de abril, modificado polo Real decreto 894/2002, do 30 de agosto, sobre seguridade no transporte escolar.

-Xestiona-la concesión de bolsas e axudas ó estudio e tramita-las solicitudes de títulos e libros de cualificación.

-Calquera outra análoga que lle sexa encomendada.

#### 5. Servizo de Programación e Contratación.

Correspóndenlle, baixo a dirección do delegado provincial, as seguintes funcións:

-Instruí-los expedientes de creación, modificación e supresión de centros públicos e privados non universitarios dependentes desta consellería; así como informar nos expedientes de desafectación de centros públicos.

-Tramita-los concertos educativos e a concesión de subvencións e axudas a unidades de educación infantil.

-Xestiona-los expedientes de contratación de obras, en colaboración co servizo da unidade técnica adscrita á delegación provincial.

-Tramita-los expedientes de equipamento e dotación artística.

-Xestiona-la actividade das escolas viaxeiras.

-Calquera outra análoga que lle sexa encomendada.

#### 6. Servizo da Unidade Técnica.

Correspóndenlle as seguintes funcións:

-Elaborar e supervisa-los proxectos de obras de reforma, ampliación e/ou mellora das obras programadas pola secretaría xeral ou que realice a delegación provincial correspondente; así como confecciona-los documentos técnicos nos expedientes de proxectos de obras, de reformados ou dos complementarios que lle sexan encomendados pola Secretaría Xeral da consellería.

-Vixia-lo cumprimento das disposicións legais nestes proxectos; e ordenar, regular e coordina-los criterios técnicos aplicables neles, especialmente no relativo á seguridade e á saúde, á normativa urbanística e ós estudos do solo.

-Dirixir, coordinar, inspeccionar, xestionar e vixia-las obras que vaia executa-la consellería na provincia; e singularmente as derivadas do desenvolvemento de plans ou programas especiais, como pode se-lo do sistema universitario de Galicia ou o de desenvolvemento da rede de centros nesta comunidade.

-Controlar e emitir informe sobre as obras de reparación, ampliación e mantemento dos inmobles a cargo da consellería, así como actualiza-lo inventario de obras e das necesidades nos centros educativos públicos e privados.

-Emitir informe sobre a adecuación á normativa vixente dos proxectos de obras que realicen os centros privados e controlar posteriormente a correcta execución destas.

-Calquera outra de carácter técnico que lle sexa encomendada polo delegado provincial de Educación ou pola secretaría xeral da consellería.

Artigo 11º.-Órganos Colexiados e entes de dereito público adscritos á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

1. Son órganos Colexiados da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria os seguintes:

a) O Consello Escolar de Galicia, creado pola Lei 3/1986, do 18 de decembro.

b) O Consello Galego de Universidades, creado pola Lei 2/2003, do 22 de maio.

c) O Consello Galego de Educación e Promoción de Adultos, creado pola Lei 9/1992, do 24 de xullo.

d) O Consello Galego de Formación Profesional, creado polo Decreto 110/1999, do 8 de abril, modificado polo Decreto 214/2003, do 20 de marzo.

e) A Comisión Asesora de Formación do Profesorado, creada polo Decreto 245/1999, do 29 de xullo.

2. Queda adscrito á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria como ente de dereito público, creado pola Lei 3/2002, do 29 de abril, de medidas de réxime fiscal e administrativo, a Axencia para a Xestión Integrada, Calidade e Avaliación da Formación Profesional.

#### *Disposicións adicionais*

Primeira.-As competencias que este decreto lles atribúe en materia informática ós órganos desta consellería entenderanse sen prexuízo das atribuídas ó Instituto Galego de Estatística e exerceranse conxuntamente as directrices previstas nas leis reguladoras da estatística e no Plan Galego de Estatística.

Segunda.-Os órganos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que se citan no Decreto 268/2000, do 2 de novembro, polo que se crea o Museo Pedagóxico de Galicia, e no Decreto 214/2003, do 20 de marzo, polo que se modifica o Decreto 110/1999, do 8 de abril, polo que se crea e regula o Consello Galego de Formación Profesional, desempeñarán as correspondentes competencias e funcións nos termos que neles se establecen.

#### *Disposicións transitorias*

Primeira.-De conformidade co artigo 62 da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, e co artigo 20 do Regulamento de provisión

de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna, aprobado polo Decreto 93/1991, do 20 de marzo, o conselleiro deste departamento, por proposta do director xeral de Persoal, readscribirá o persoal afectado pola estrutura orgánica que se establece neste decreto nos niveis de dirección xeral, subdirección xeral e xefatura de servizo.

Segunda.-A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, de conformidade co disposto no artigo 15.5º da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, elaborará a proposta da relación de postos de traballo que resulten da aplicación do presente decreto, efectuando a súa tramitación de acordo coa normativa vixente.

#### *Disposición derogatoria*

Quedan derogados o Decreto 213/1998, do 10 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, e o Decreto 297/2000, do 21 de decembro, polo que se modifica a estrutura orgánica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria aprobada polo Decreto 213/1998; e cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó establecido neste decreto.

#### *Disposicións derradeiras*

Primeira.-Esta estrutura orgánica non suporá aumento de gasto.

Segunda.-Facúltase o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria para dicta-las disposicións que sexan necesarias para o desenvolvemento deste decreto.

Terceira.-Este decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vinteseis de decembro de dous mil tres.

Manuel Fraga Iribarne  
Presidente

Celso Currás Fernández  
Conselleiro de Educación e Ordenación  
Universitaria

### **CONSELLERÍA DE FAMILIA, XUVENTUDE, DEPORTE E VOLUNTARIADO**

*Decreto 6/2004, do 8 de xaneiro, polo que se regula a cualificación dos deportistas galegos de alto nivel e os programas de beneficios dirixidos a estes.*

O artigo 27 do Estatuto de autonomía de Galicia recolle, no seu punto 22, a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma galega na «promoción deportiva e a axeitada utilización do lecer». Reco-

lendo esta asunción de competencia exclusiva, procedeuse á aprobación da Lei 11/1997, do 22 de agosto, xeral do deporte de Galicia, pola que se pretende a plena efectividade do feito e dereito deportivo na nosa Comunidade Autónoma.

No concreto ámbito do deporte de alto nivel, o artigo 46.3º da lei establece que «independentemente da clasificación xeral de deportistas de alto nivel e das medidas que se establecen na lexislación do Estado, a Comunidade Autónoma de Galicia poderá realizar unha clasificación propia de deportistas galegos de alto nivel, de acordo coas federacións deportivas galegas, para efectos do ámbito galego, e que será publicada no *Diario Oficial de Galicia*, ós que lle serán de aplicación os beneficios que se establecerán regulamentariamente».

Ó abeiro desta previsión legal e consultadas as federacións deportivas galegas, apróbase este decreto polo que se establecen as bases para o recoñecemento dunha atención ós deportistas que obteñan a condición de deportistas galegos de alto nivel, ben por tratarse de novas promesas deportivas próximas a unha situación de alta excelencia deportiva ou ben por atoparse xa na dita situación.

No marco desta atención integral da que se poderán beneficiar tódolos deportistas galegos de alto nivel, configúrase un programa específico de axudas dirixido, exclusivamente, a algúns destes deportistas, e no que se inclúen medidas específicas, basicamente de índole económica, tendentes a facilitar e incentivar-la dedicación ó deporte de alto nivel.

Deste xeito, a través deste decreto, acométese a atención das diferentes realidades e necesidades inherentes ás altas cotas de esixencia que a excelencia deportiva leva consigo tanto para a súa consecución como para o seu mantemento, e isto a través dun sistema global de axudas e estímulo que permita atender axeitadamente aquelas realidades e necesidades.

Atendendo a todas estas consideracións, oído o dictame do Consello Consultivo de Galicia, e por proposta da conselleira de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, en uso das atribucións que lle son concedidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, da Xunta e do seu presidente, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e logo de deliberación da Xunta de Galicia na súa reunión do día oito de xaneiro de dous mil catro,

## DISPOÑO:

### Capítulo I Disposicións xerais

#### Artigo 1º.-Obxecto.

O obxecto do presente decreto é o recoñecemento da cualificación de deportistas galegos de alto nivel, así como a regulamentación dos beneficios e axudas que, para estes establece a Administración autonómica de Galicia.

#### Artigo 2º.-Definicións.

1. Para os efectos do presente decreto, considérase deporte de alto nivel a práctica deportiva de interese para a Comunidade Autónoma, pola súa función representativa de Galicia nas actividades deportivas de proxección nacional e internacional.

Neste sentido, o deporte de alto nivel refírese ó estadio no que se integran os deportistas que participan, ou teñen como obxectivo participar, nas competicións e actividades do máximo nivel organizadas ou recoñecidas polas federacións deportivas, nacionais e internacionais.

O alto nivel inclúe dúas fases diferenciadas, a tecnificación deportiva e o alto rendemento deportivo. Enténdese por tecnificación deportiva a etapa formativa, previa ó alto rendemento, onde se desenvolve o perfeccionamento técnico e deportivo do novo deportista. Pola súa parte, o alto rendemento é a etapa da máxima excelencia deportiva e nivel de competición.

2. Considérase deportista galego de alto nivel aquel que, reunindo os requisitos previstos neste decreto, sexa recoñecido como tal por resolución da consellería competente en materia de deportes.

3. A condición de deportista galego de alto nivel é compatible co disfrute de tal condición ó abeiro da normativa estatal.

### Capítulo II

#### Do recoñecemento da cualificación de deportistas galegos de alto nivel

#### Artigo 3º.-Destinatarios e requisitos.

Os requisitos para obter a condición de deportista galego de alto nivel son os seguintes:

a) Ter veciñanza administrativa en Galicia no momento da solicitude de recoñecemento e durante o disfrute dos beneficios derivados desta.

b) Ter máis de 16 anos na data na que se adopte a resolución de recoñecemento.

c) Estar en posesión dunha licenza deportiva vixente expedida por unha federación deportiva galega dunha modalidade olímpica, paralímpica ou de proxección internacional notoria, desde, alomenos, o un de xaneiro do ano anterior ó do recoñecemento.

d) Non estar cumprindo sanción disciplinaria deportiva firme de carácter moi grave, ou sanción administrativa firme en materia deportiva de carácter grave ou moi grave, no momento da solicitude de recoñecemento nin durante o disfrute dos beneficios derivados.

e) Acredita-lo nivel deportivo esixido na modalidade practicada. Este nivel acreditarase conforme os criterios que, para estes efectos, se publiquen, unha vez consultadas as federacións deportivas galegas, por resolución da consellería competente en materia de deporte. Estes criterios atenderán ós resultados acadados polos deportistas en probas

olímpicas, probas non olímpicas de deportes olímpicos e deportes non olímpicos recoñecidos polo Comité Olímpico Internacional, deportes para practicantes con minusvalidez física, psíquica e/ou sensorial, e deportes non recoñecidos polo Comité Olímpico Internacional.

#### Artigo 4º.-Procedemento.

1. O procedemento para recoñecer a condición de deportista galego de alto nivel iniciárase por solicitude do interesado.

As solicitudes, que se formalizarán segundo o modelo que se xunta como anexo ó presente decreto e que achegarán a copia do documento nacional de identidade do solicitante, recollerán a certificación da federación deportiva correspondente ó candidato na que se acredite o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 3, letras c), d) e e). Así mesmo, esta solicitude irá acompañada dun certificado emitido pola federación correspondente no que se recollan os resultados deportivos obtidos polo solicitante en competicións ou actividades oficiais durante os dous anos inmediatamente anteriores á solicitude, así como calquera outro aspecto que poida resultar relevante en atención ó fin perseguido.

2. As solicitudes debidamente cubertas presentaranse, durante os meses de xuño ou novembro, no rexistro da dirección xeral competente en materia de deporte ou ben por calquera outro dos medios previstos no artigo 38.4º da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. As solicitudes presentadas serán examinadas pola comisión de avaliación e seguimento, que elevará proposta de resolución á consellería competente en materia de deporte, e o seu titular resolverá, nun prazo de trinta días contado desde a devandita proposta.

4. A resolución da consellería competente en materia de deporte na que se recoñeza a condición de deportista galego de alto nivel, esgota a vía administrativa e contra ela, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ou recurso contencioso-administrativo. Esta resolución será notificada ós interesados e publicada no *Diario Oficial de Galicia*.

5. O procedemento de recoñecemento desta condición non poderá exceder de seis meses contados desde a presentación da solicitude realizada conforme ó sinalado no artigo 4º.2.

Artigo 5º.-Perda da condición de deportista galego de alto nivel.

1. A condición de deportista galego de alto nivel, así como os beneficios inherentes a esta condición, perderase por calquera das seguintes causas:

a) Automaticamente, polo transcurso de tres anos desde a publicación da resolución onde se recoñece a condición de deportista galego de alto nivel.

b) Por resolución expresa do titular da consellería competente en materia de deporte, por deixar de cumprir os requisitos recollidos no artigo 3º, letras a) e d), respectando o preceptivo trámite de audiencia.

2. Perdida a condición de deportista galego de alto nivel por calquera das causas sinaladas no punto anterior, poderase solicitar un novo recoñecemento desta condición, nos prazos sinalados para o efecto e segundo o procedemento establecido, de cumprirse de novo cos requisitos recollidos no artigo 3º.

Así mesmo, os deportistas galegos de alto nivel poderán instar unha nova solicitude de recoñecemento no mes xuño ou novembro inmediatamente anterior ó vencemento do prazo de tres anos desde a publicación da resolución onde se recoñeceu tal condición.

### Capítulo III

#### Dos beneficios dirixidos ós deportistas galegos de alto nivel

Artigo 6º.-Beneficios dos deportistas galegos de alto nivel

1. O recoñecemento da condición de deportista galego de alto nivel implica os seguintes beneficios:

##### A. Beneficios no ámbito educativo:

a) Ademais do establecido na normativa estatal ó respecto, anualmente as universidades galegas reservarán, para quen acredite a súa condición de deportista galego de alto nivel e reúna os requisitos académicos correspondentes, alomenos un 3 por cento adicional das prazas ofertadas polos centros universitarios nos que se dean as circunstancias sinaladas no artigo 13 do Real decreto 69/2000, do 21 de xaneiro, polo que se regulan os procedementos de selección para o ingreso nos centros universitarios dos estudantes que reúnan os requisitos legais necesarios para o acceso á universidade.

b) Os centros radicados en Galicia que impartan a licenciatura en ciencias da actividade física e do deporte reservarán, como mínimo, unha cota adicional equivalente ó cinco por cento das prazas ofertadas para os deportistas galegos de alto nivel. Así mesmo, estes deportistas quedarán dispensados de realizar as probas de aptitude física que, de se-lo caso, se establezan como requisito para o acceso ós citados centros.

c) Os institutos de formación profesional reservarán para os deportistas galegos de alto nivel unha cota mínima adicional do 3 por cento das súas prazas. Nos centros nos que se impartan as ensinanzas de técnicos deportivos reguladas polo Real Decreto 1913/1997, do 19 de decembro, reservarán para os deportistas galegos de alto nivel, unha cota mínima adicional do 5 por cento das súas prazas. Así mesmo, e para o caso de que o acceso a uns determinados estudos imponha a realización de probas físicas, os deportistas galegos de alto nivel quedarán dispensados delas.

d) Os deportistas galegos de alto nivel estarán dispensados do cumprimento dos requisitos deportivos e probas de carácter específico, esixidos para o acceso ás titulacións de técnicos deportivos, nas condicións que oportunamente fixe a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

e) A consellería competente en materia de deporte poderá subscribir convenios coas universidades e institucións educativas privadas co fin de que os deportistas galegos de alto nivel poidan dispoñer de condicións especiais en relación ó seu acceso e permanencia nelas respectando, en todo caso, os requisitos académicos xerais previstos para o acceso.

f) Co obxecto de facer efectiva a previsión contida no artigo 46.3º da Lei 11/1997, do 22 de agosto, xeral do deporte de Galicia, en relación coa conveniencia de facilita-la compatibilidade dos estudos académicos coa preparación ou actividade deportiva dos deportistas galegos de alto nivel, os institutos de ensino secundario, de bacharelato e formación profesional, así como as universidades de Galicia, terán presente tal condición en relación coas solicitudes de cambios de horarios, grupos e exames, que coincidan coas súas actividades, así como respecto ós límites de permanencia establecidos polas universidades e, en xeral, na lexislación educativa.

**B. Beneficios relacionados coa incorporación ó mercado de traballo:**

a) A consellería competente en materia de deporte poderá subscribir convenios de colaboración con empresas, públicas ou privadas, co fin de lles facilitar ós deportistas galegos de alto nivel as condicións que permitan compatibiliza-la súa preparación técnico-deportiva cun posto de traballo.

b) A condición de deportista galego de alto nivel será considerada como mérito avaliable, tanto nas probas de selección ás prazas relacionadas coa actividade deportiva correspondente como nos concursos para a provisión de postos de traballo relacionados con aquela actividade, convocados polas administracións públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, sempre que en ámbolos dous casos estea prevista a valoración de méritos específicos, nunha porcentaxe non inferior ó 10 por cento da puntuación máxima posible do conxunto dos méritos que se vaian considerar.

2. Os beneficios recollidos neste artigo producirán os seus efectos desde a data de publicación da resolución da consellería competente en materia de deporte no *Diario Oficial de Galicia*, estendéndose durante os tres anos naturais seguintes contados desde a obtención polo deportista da súa condición de deportista galego de alto nivel.

Artigo 7º.-Programa específico de axudas ós deportistas galegos de alto nivel.

1. Ademais dos beneficios establecidos no artigo anterior, comúns a tódolos deportistas galegos de alto nivel, poderase establecer, segundo a dispoñibilidade orzamentaria existente ó respecto, un pro-

grama específico no que se inclúan medidas que faciliten e incentiven a dedicación ó deporte de alto nivel. Para tal fin, poderanse subscribi-los oportunos convenios de colaboración e acordos con institucións públicas ou privadas.

As medidas deste programa unicamente irán dirixidas a aqueles deportistas galegos de alto nivel que cumpran, ademais, cos requisitos deportivos que se establezan para o efecto.

2. Co obxectivo de articular convenientemente o programa específico de axudas a deportistas galegos de alto nivel, establécense catro niveis diferenciados de deportistas:

Nivel 1: deportistas integrados en programas nacionais de axudas a deportistas olímpicos.

Nivel 2: deportistas de modalidades deportivas e probas olímpicas que, non figurando no nivel anterior, sexan susceptibles de próxima incorporación, ben polas súas posibilidades de proxección futura a curto ou medio prazo, ou ben polo seu nivel actual de rendemento próximo a este.

Nivel 3: deportistas de modalidades non olímpicas recoñecidas polo Comité Olímpico Internacional e proxección internacional notoria, cun nivel de esixencia deportiva similar ós deportistas encadrados no nivel 1.

Así mesmo, poderán incluírse neste nivel deportistas destacados dos programas de tecnificación da Administración deportiva autonómica.

Nivel 4: deportistas de modalidades paralímpicas ou do resto de modalidades non olímpicas que, ben por tratarse de deportistas de proxección internacional notoria ben por desenvolver disciplinas non competitivas, sexan susceptibles de axudas para desenvolver actuacións concretas ou programas específicos e individuais.

3. As medidas, que terán un alcance variable en función dos requisitos deportivos e resultados obtidos polo deportista, serán compatibles con outras axudas, públicas ou privadas, para a mesma ou similar finalidade. Estas medidas poderán ser:

3.1. Medidas de índole económica:

a) Bolsas económicas de apoio, dirixidas a sufragalos gastos de desprazamentos, estudos, técnicos especialistas ou deportistas de apoio, concentracións, equipamentos deportivos, apoio médico e científico, ou similares. Estas bolsas estarán dirixidas ós deportistas de nivel 1.

b) Bolsas individuais. Só serán susceptibles de percibir este tipo de axudas os deportistas dos niveis 2 e 3.

c) Outras axudas económicas para os deportistas de nivel 4, susceptibles de bos resultados a curto prazo.

3.2. Calquera outra medida que determine a consellería competente en materia de deporte e vaia dirixida á finalidade deste programa.



4. Estes beneficios serán desfrutados exclusivamente polos deportistas galegos de alto nivel incluídos, mediante a oportuna resolución, no programa de axudas no mesmo ano natural ó da súa inclusión. Para esta inclusión, anualmente se publicará unha convocatoria que iniciará o procedemento para as solicitudes destes beneficios.

Tanto a convocatoria como as resolucións que desta deriven axustaranse, de se-lo caso, á lexislación vixente en materia de axudas e subvencións públicas.

5. A obtención destas axudas nun exercicio anual non impedirá a solicitude polo deportista galego de alto nivel, nos mesmos termos ós descritos neste artigo, en sucesivas convocatorias deste programa específico.

#### Capítulo IV

##### Da comisión de avaliación e seguimento dos deportistas galegos de alto nivel

###### Artigo 8º.-Creación e composición.

1. No seo da dirección xeral competente na materia deportiva créase a comisión de avaliación e seguimento dos deportistas galegos de alto nivel.

2. Esta comisión estará composta polos seguintes membros, todos eles nomeados polo titular da consellería competente en materia de deporte:

a) Presidente: o director xeral competente en materia de deporte, ou persoa en quen delegue.

b) Vocais: os xefes de servizo de deportes das delegacións provinciais da consellería competente en materia de deporte; outros catro por proposta das federacións deportivas galegas; e un especialista en materia deportiva, designado para o efecto polo director xeral competente.

Actuará coma secretario un funcionario da dirección xeral competente en materia de deporte.

3. Os vocais nomeados para integra-la comisión de avaliación e seguimento, cesarán por remoción acordada polo órgano que os nomeou ou polo transcurso de catro anos desde o seu nomeamento.

###### Artigo 9º.-Réxime xurídico.

A comisión de avaliación e seguimento actuará de conformidade co sinalado na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, en especial no tocante ó réxime dos órganos colexiados.

###### Artigo 10º.-Funcións.

Á comisión de avaliación e seguimento dos deportistas galegos de alto nivel corresponderalle:

a) Examinar e valora-las solicitudes e documentación establecidas no artigo 4º elevando, para a

súa aprobación, ó titular da consellería competente en materia deportiva a proposta de declaración dos deportistas galegos de alto nivel.

b) Propoñe-los criterios de inclusión nos niveis 2, 3 e 4 do programa específico de axudas ós deportistas galegos de alto nivel.

c) Solicitar das federacións deportivas galegas información relativa ós deportistas galegos de alto nivel que sexa de interese para os efectos do presente decreto.

d) Calquera outra que se lle atribúa legal ou regulamentariamente.

#### *Disposición adicional*

Única.-Autorízase a conselleira competente en materia de deportes para subscribir un convenio de colaboración coa fundación pública, *Fundación Deporte Galego*, entidade fundacional de interese galego e instrumento da Administración autonómica no eido deportivo, en virtude do cal se lle encomenda á devandita fundación a execución das medidas recollidas neste decreto, agás aquelas que, pola súa natureza, correspondan exclusivamente á consellería competente en materia deportiva por non seren delegables.

#### *Disposición transitoria*

Única.-O procedemento para efectua-lo recoñecemento ó que se refire o artigo 4º precedente, poñerase en marcha automaticamente coa publicación do presente decreto. Para tal efecto, o prazo de presentación das solicitudes será dun mes contado desde o día seguinte ó da súa inserción no *Diario Oficial de Galicia*.

Consecuentemente, queda sen efecto, e non terá lugar, o inicio do procedemento que correspondería efectuar no mes de xuño de 2004, establecido no artigo 4º.2.

#### *Disposicións derradeiras*

Primeira.-Autorízase a conselleira competente en materia deportiva para a adopción de cantas medidas sexan necesarias para a execución e o desenvolvemento deste decreto.

Segunda.-O presente decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, oito de xaneiro de dous mil catro.

Manuel Fraga Iribarne  
Presidente

Pilar Rojo Noguera  
Conselleira de Familia, Xuventude,  
Deporte e Voluntariado

## ANEXO



**XUNTA DE GALICIA**  
**CONSELLERÍA DE FAMILIA,**  
**XUVENTUDE, DEPORTE E VOLUNTARIADO**

PROCEDEMENTO <b>RECOÑECIMENTO DA CUALIFICACIÓN DE DEPORTISTA GALEGO DE ALTO NIVEL</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>FM948A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

**A) DATOS DO SOLICITANTE**

DON / DONA		DNI	
LUGAR DE NACEMENTO			DATA DE NACEMENTO
DOMICILIO ACTUAL		CÓDIGO POSTAL	LOCALIDADE
PROVINCIA	TELÉFONO	FAX	E-MAIL
ESTUDIOS REMATADOS		PROFESIÓN OU ESTUDIOS ACTUAIS	
Nº LICENCIA DEPORTIVA E FEDERACIÓN		CLUBE DEPORTIVO Ó QUE ESTÁ VINCULADO	

**B) DATOS DO REPRESENTANTE LEGAL (NO CASO DE SER MENOR DE IDADE)**

DON / DONA		DNI	
DOMICILIO ACTUAL			LOCALIDADE
DOMICILIO ACTUAL		CÓDIGO POSTAL	LOCALIDADE
PROVINCIA	TELÉFONO	FAX	E-MAIL

**C) RESULTADOS DEPORTIVOS POLOS QUE SE FORMULA A SOLICITUDE**

EVENTO / CAMPIONATO	DATA	PROBA	CATEGORÍA	POSTO

**SOLICITA:** O recoñecemento da condición de Deportista Galego de Alto Nivel.

**D) DOCUMENTOS QUE SE XUNTAN**

FOTOCOPIA DO DOCUMENTO NACIONAL DE IDENTIDADE.  DOCUMENTO ACREDITATIVO DA VECINDEADE ADMINISTRATIVA EN GALICIA.

**DECLARO:** Que tódolos datos que contén a presente solicitude se axustan á realidade.

**E) DATOS DO PRESIDENTE OU SECRETARIO DA FEDERACIÓN**

DON / DONA	CARGO	FEDERACIÓN GALEGA DE
<b>CERTIFICO:</b> Que os datos deportivos que contén a presente solicitude se axustan á realidade, e que o solicitante non se atopa suxeito a sanción disciplinaria firme de carácter moi grave ou sanción administrativa firme en materia deportiva de carácter grave ou moi grave		
OUTRAS CONSIDERACIÓNS		
SELO DA FEDERACIÓN		SINATURA DO PRESIDENTE OU SECRETARIO DA FEDERACIÓN

## LEXISLACIÓN APLICABLE

*Decreto 6/2004, do 8 de xaneiro, polo que se regula a cualificación dos deportistas galegos de alto nivel e os programas de beneficios dirixidos a estes.*

SINATURA DO SOLICITANTE OU REPRESENTANTE LEGAL

, de de 200

Director xeral para o Deporte

**(Para cubrir pola Administración)**

RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
	DATA DE ENTRADA
	/ /
	DATA DE EFECTOS
	/ /
	DATA DE SAÍDA
	/ /
REVISADO E CONFORME	

## CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS, EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS

*Decreto 7/2004, do 8 de xaneiro, polo que se modifica o Decreto 212/2003, do 3 de abril, que establece a estrutura orgánica da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.*

O Decreto 212/2003, do 3 de abril, establece a estrutura orgánica da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais que axustará a súa actuación ós principios de eficacia, desconcentración e racionalización da organización administrativa.

O incremento e a diversificación do número de actividades e actuacións da consellería aconsellan a modificación da súa estrutura orgánica coa mesma finalidade de que esta responda, no seu conxunto, ós principios de racionalidade e eficacia no ámbito competencial e de xestión a ela atribuído.

En consecuencia, créase un Servicio de Contratación e Obras dentro da Vicesecretaría Xeral que ten como misión específica contribuír ó reforzamento da área de xestión de contratación e obras da consellería.

Polo tanto, en virtude do disposto na Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, por proposta da conselleira de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, logo dos informes previos da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública e da Consellería de Economía e Facenda, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día oito de xaneiro de dous mil catro,

### DISPOÑO:

Artigo único.-Modifícase o artigo 4º.Dous.1 do Decreto 212/2003, do 3 de abril, que establece a estrutura orgánica da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, que queda redactado como segue:

#### «Artigo 4º

Dous. A Secretaría Xeral, para o exercicio das súas competencias, estrutúrase nas seguintes unidades:

#### 1. Vicesecretaría Xeral.

Con nivel orgánico de subdirección xeral, exercerá as funcións de prestarlle asistencia ó/á secretario/a xeral en cantos asuntos lle encomende, así como a súa suplencia en caso de enfermidade, ausencia ou vacante.

É a unidade encargada de elabora-lo borrador do anteproxecto de orzamentos da consellería e o seu seguimento e control, a tramitación dos expedientes de gasto, a tramitación e xestión dos expedientes

de contratación, a elaboración do plan de necesidades de obras e equipamentos das distintas unidades e centros da consellería, así como a coordinación da súa execución e velar pola correcta implantación dos sistemas de información dentro da consellería.

Así mesmo, é a unidade encargada da xestión do rexistro de entidades prestadoras de servicios sociais, a xestión dos expedientes de autorización de centros de servicios sociais, a xestión do procedemento de inclusión das entidades no programa do cheque asistencial, a inspección e control do funcionamento dos centros, servicios e programas, así como do protectorado das fundacións de interese galego e aquelas outras funcións que por razón da súa competencia lle sexan encomendadas polo secretario xeral.

Para o desenvolvemento das súas funcións contará, con nivel orgánico de servicio, coas seguintes unidades:

#### 1.1.-Servicio de Xestión Económica e Control Orzamentario.

Correspóndenlle as seguintes funcións:

-A execución, coordinación, seguimento e control do orzamento, así como a proposta e xestión das súas modificacións.

-A tramitación económico-administrativa dos expedientes de gasto e propostas de pagamentos.

-A elaboración das instrucións necesarias para que os centros de gasto efectúen unha correcta xestión económica, acorde coa normativa vixente.

-Calquera outra función relativa á xestión económica ou orzamentaria.

#### 1.2.-Servicio de Contratación e Obras.

Correspóndenlle as seguintes funcións:

-A xestión dos expedientes de contratación administrativa que sexan competencia da consellería, cando se trate de obras, xestión de servicios públicos, subministracións, consultorías e asistencias ou calquera outra figura contractual análoga.

-Seguimento e control da execución de tódolos contratos.

-Convenios de colaboración con outros entes públicos en materia de investimento.

-O desenvolvemento das funcións de supervisión dos proxectos respecto das obras que realice a consellería.

#### 1.3. Servicio de Informática.

Corresponderalle o exercicio das seguintes funcións:

-Planificar, impulsar e mecaniza-los sistemas de información da consellería.

-Estudio, seguimento, informe e, se é o caso, proposta sobre plans xerais de informatización.

-Coordinación, supervisión, apoio e asesoramento técnico sobre os plans de informatización.

-Xestiona-las bases de datos, redes e sistemas informáticos.

-Velar polo cumprimento da normativa sobre tratamento de datos de carácter persoal.

-Calquera outra función relativa a sistemas ou procesos informáticos da consellería.

O desenvolvemento destas funcións realizarase sen prexuízo das competencias que, en materia informática, ten atribuídas a Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública.

#### 1.4. Servicio de Autorización de Centros.

Correspóndenlle respecto das entidades, centros e servicios sociais do ámbito competencial da consellería as seguintes funcións:

-A tramitación dos expedientes relativos ó rexistro de entidades prestadoras de servicios sociais, no ámbito competencial da consellería.

-A xestión dos expedientes de autorización, creación, modificación substancial e concesión do permiso de inicio de actividades dos centros de servicios sociais.

-A xestión dos expedientes de inclusión das entidades prestadoras de servicios sociais no programa de atención a persoas maiores dependentes a través do cheque asistencial.

-O exercicio das funcións que a consellería teña encomendadas en relación coas fundacións de interese galego, sobre as que lle corresponda exercer-lo protectorado.

#### 1.5. Servicio de Inspección de Servicios Sociais.

Correspóndenlle, respecto das entidades, centros e servicios sociais do ámbito competencial da consellería as seguintes funcións:

-Velar polo cumprimento da normativa vixente en materia de servicios sociais e, en especial, polo respecto dos dereitos dos usuarios de servicios sociais, previstos no artigo 34 e seguintes da Lei 4/1993, e levar a cabo a tramitación das iniciativas e reclamacións dos usuarios, así como propoñe-la adopción das medidas necesarias para corrixi-las deficiencias detectadas.

-Asegura-la calidade das prestacións mediante a verificación do cumprimento das condicións funcionais e materiais dos centros, servicios e programas de servicios sociais.

-O exercicio da función inspectora.

-A inspección e control do funcionamento dos centros, servicios e programas.

-Elabora-lo plan de inspección dos programas e centros de servicios sociais.

-Coordina-las funcións, en materia de inspección, coas delegacións provinciais para o desenvolvemento do plan de inspección.

-Colaborar cos órganos e entidades competentes en materia de servicios sociais dos diferentes ámbitos territoriais, mediante a elaboración de informes ou a achega de datos para mellora-la regulación, planificación e xestión dos centros sociais.

-Controla-lo cumprimento dos niveis de calidade propoñendo plans de mellora dos servicios e realizando as tarefas de supervisión e auditoría interna do grao de implantación do sistema de calidade en centros de servicios sociais públicos».

#### *Disposición transitoria*

Cando como consecuencia da modificación da estrutura orgánica que se establece neste decreto se modifique a denominación ou contido das subdireccións xerais ou servicios existentes con anterioridade ou se supriman algunhas das ditas unidades, autorízase a conselleira de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións laborais, por proposta da secretaria xeral, para readscribi-lo persoal afectado a postos do mesmo nivel ou inferior, sempre que sexan postos de traballo de libre designación, ou a adscribilos con carácter temporal a postos de igual ou inferior nivel, se se trata de prazas de provisión por concurso, ata que, neste último caso, os ditos postos sexan cubertos da forma regulamentariamente establecida, sen que, en ningún caso, poida significar-la readscripción ou adscripción cambio de residencia, todo isto sen prexuízo do disposto nos artigos 27.5º e 62.4º da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, e da Lei 9/1987, do 12 de xuño, de órganos de representación, determinación das condicións de traballo e participación do persoal ó servicio das administracións públicas, así como das competencias que poida ter atribuídas nesta materia a Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública.

#### *Disposicións derradeiras*

Primeira.-Facúltase a conselleira de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais para dictar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución do presente decreto.

Segunda.-Este decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, oito de xaneiro de dous mil catro.

Manuel Fraga Iribarne  
Presidente

Mª José Cimadevila Cea  
Conselleira de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais

*Decreto 8/2004, do 8 de xaneiro, polo que se modifica o Decreto 300/2002, do 24 de outubro, polo que se crea e regula o Consello Galego de Persoas con Discapacidade.*

O Decreto 300/2002, do 24 de outubro, publicado no DOG do día 8 de novembro, crea e regula o Consello Galego de Persoas con Discapacidade.

O Consello nace coa vontade de crear, coa colaboración de tódolos organismos nel representados, un foro cualificado de encontro e debate a través do cal as persoas con discapacidade poidan facer efectivo o seu dereito a ter unha participación activa na elaboración, programación e planificación das actuacións dirixidas ó recoñecemento social e á integración laboral deste colectivo. Configúrase así o consello como un órgano sectorial e especializado de carácter consultivo, que, en colaboración e harmonía co Consello Galego de Servicios Sociais, deberá servir de canalizador das propostas das persoas con discapacidade ante as administracións públicas galegas.

Esta condición de órgano sectorial especializado exige regula-los mecanismos que permitan garantir no seu seo unha representación que reflecta, do xeito máis exacto posible, a realidade plural do sector, tanto no que atinxe ás tipoloxías de discapacidade -non só das básicas, senón tamén daquelas que, dentro de cada unha delas, reúnen unhas condicións específicas salientables- como o que se refire ó número global de persoas afectadas por cada unha das referidas tipoloxías.

A satisfactoria consecución do primeiro obxectivo exige, por unha banda, a apertura do espectro de realidades abranguida polo sector, dando cabida, tanto no consello como na comisión permanente, ós representantes dos enfermos mentais, en tanto patoloxía específica que non pode, de ningún xeito, quedar subsumida nunha xenérica referencia ás persoas con discapacidade psíquica; por outra, cómpre arte-lla-los mecanismos precisos para que esa garantía de pluralidade de patoloxías representadas se estenda á comisión permanente, orfa ata o de agora de regulación ó respecto.

Ademais, a representación outorgada no decreto non supón a máis axeitada traslación da preeminencia cuantitativa que ten na actualidade a discapacidade física sobre as demais. O censo de persoas con discapacidade, obtido a partir dos datos das seccións de cualificación, contén na actualidade información sobre 182.490 persoas que padecen algún tipo de discapacidade, coa seguinte distribución tipolóxica: 105.429 sofren unha discapacidade física (58%), 52.090, psíquica (29%), e 24.971 sensorial (14%).

A pesar das anteditas cifras, as persoas con discapacidade física teñen menor representación no consello que as persoas con discapacidade psíquica, tres e catro representantes, respectivamente.

Por outra banda, as modificacións xurdidas na estrutura orgánica da Xunta de Galicia, coa creación da nova Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais e a ampliación das súas competencias, aconsellan a incorporación como membros do consello de dous novos membros en representación da Administración autonómica .

Considérase necesario, pois, modificar o decreto para conxugar satisfactoriamente, por unha banda, a realidade numérica das diferentes tipoloxías de discapacidade existentes, e por outra, a pluralidade e inquedanzas específicas do movemento asociativo de cada unha delas e, por último, para dar entrada a novos representantes do órgano autonómico competente en materia de asuntos sociais.

En virtude do exposto, por proposta da conselleira de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día oito de xaneiro de dous mil catro,

#### DISPOÑO:

Artigo único.-O Decreto 300/2002, do 24 de outubro, polo que se crea e regula o Consello Galego de Persoas con Discapacidade, queda modificado do seguinte xeito:

1. O punto 2º do artigo 2 queda redactado como segue:

«Artigo 2:

2. O Pleno, órgano máximo do consello, estará integrado por:

- a) O presidente.
- b) O vicepresidente.
- c) Trinta e catro vocais.
- d) O secretario».

2. O punto 2.3.1 a) do artigo 2 queda redactado como segue:

«Artigo 2:

2.3.1. Dezaoito en representación das administracións públicas:

a) Pola Administración autonómica:

-O titular da secretaría xeral da consellería competente en materia de asuntos sociais.

-O titular da dirección xeral competente en materia de xustiza.

-O titular da dirección xeral competente en materia de promoción do emprego.

-O titular da dirección xeral competente en materia de formación e colocación.

-O titular da dirección xeral competente en materia de saúde pública.

-O titular da dirección xeral competente en materia de formación profesional e ensinanzaes especiais.

-O titular da dirección xeral competente en materia de inclusión social.

-O titular da dirección xeral competente en materia de relacións laborais.

-Os catro titulares das delegacións provinciais da consellería competente en materia de asuntos sociais.

-Catro directivos dos centros de atención as persoas con discapacidade de titularidade da Xunta de Galicia designados polo titular da consellería competente en materia de asuntos sociais.

3. O punto 2.3.5 do artigo 2 queda redactado como segue:

«Artigo 2

2.3.5. Once vocais designados polas asociacións, unións, federacións e confederacións de persoas con discapacidade máis representativas no ámbito da comunidade autónoma, consonte a seguinte desagregación:

-Catro vocais polas asociacións, unións, federacións e confederacións de persoas con discapacidade psíquica.

-Catro vocais polas asociacións, unións, federacións e confederacións de persoas con discapacidade física.

-Dous vocais polas asociacións, unións, federacións e confederacións de persoas con discapacidade sensorial.

- Un vocal polas asociacións, unións, federacións e confederacións de enfermos mentais.

4. O punto 3 do artigo 2 queda redactado como segue:

«Artigo 2

3. A Comisión Permanente estará integrada por:

a) O presidente.

b) Catorce vocais.

c) O secretario».

5. Modifícase o punto 3.2. do artigo 2 e introdúceselle un novo parágrafo, de forma que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 2

3.2. Vocais:

-Seis representantes da Xunta de Galicia.

-Un representante das organizacións empresariais.

-Un representante das organizacións sindicais.

-O director da *Fundación Galega de Tutela de Adultos*.

-Catro representantes das asociacións, unións, federacións e confederacións de persoas con discapacidade.

-Un representante das corporacións locais.

As administracións, organizacións e entidades de iniciativa social integrantes do consello elixirán de entre os seus membros os seus respectivos representantes na comisión permanente. Na elección dos representantes das asociacións, unións, federacións e confederacións de persoas con discapacidade garantirase a pluralidade das tipoloxías de discapacidade representadas».

#### *Disposición derradeira*

Este decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, oito de xaneiro de dous mil catro.

Manuel Fraga Iribarne  
Presidente

M<sup>a</sup> José Cimadevila Cea  
Conselleira de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

*Decreto 9/2004, do 8 de xaneiro, polo que se acepta a cesión, a título gratuito, dun terreo situado no concello de Caldas de Reis (Pontevedra), para a construción dun centro comarcal.*

O Pleno da Corporación Municipal do Concello de Caldas de Reis, reunido en sesión plenaria celebrada o día 12 de setembro de 2003, acordou cederlle á Comunidade Autónoma de Galicia o predio situado no termo municipal de Caldas de Reis, destinado á construción dun centro comarcal.

A Secretaría Xeral e do Patrimonio tramitou o correspondente expediente de aceptación de cesión, de conformidade co disposto nos artigos 16, 17 e 23 da Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, e 33, 34 e 38 do Decreto 50/1989, do 9 de marzo, polo que se aproba o regulamento para a execución da dita lei.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Economía e Facenda, feita nos termos nos que o Concello de Caldas de Reis acordou a cesión, e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día oito de xaneiro de dous mil catro,

#### DISPOÑO:

Artigo 1º

Acéptase a cesión, feita polo Concello de Caldas de Reis, a título gratuito, da parcela E-1 do estudio de detalle da unidade de execución nº 1 aprobado na sesión plenaria do concello do 29 de decembro

de 2000, que ten unha superficie de 477 metros cadrados, situada ó norte do predio matriz da que se segregou, e que linda ó norte, rúa da Tafona; ó sur, ó leste e ó oeste, coa futura praza pública, resto do predio matriz do que foi segregada.

Figura inscrita no Rexistro da Propiedade de Caldas de Reis a nome do Concello de Caldas de Reis no tomo 669, libro 130, folio 47, predio nº 15361, inscrición 1ª.

#### Artigo 2º

O predio cedido destinarase á construción dun centro comarcal.

#### Artigo 3º

A Consellería de Economía e Facenda, a través da Secretaría Xeral e do Patrimonio, procederá á formalización da cesión no correspondente documento público e á inscrición do ben no Rexistro da Propiedade a nome da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### *Disposición derradeira*

A Consellería de Economía e Facenda, a través da Secretaría Xeral e do Patrimonio, levará a cabo tódolos trámites necesarios para a efectividade deste decreto.

Santiago de Compostela, oito de xaneiro de dous mil catro.

Manuel Fraga Iribarne  
Presidente

José Antonio Orza Fernández  
Conselleiro de Economía e Facenda

### **CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA**

*Decreto 10/2004, do 15 de xaneiro, polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de trazado do acondicionamento da AC-422 Buño-Ponteceso (clave AC/03/012.01.1).*

Con data do 22 de decembro de 2003 o director xeral de obras públicas, por delegación do conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda aprobou o proxecto de trazado do acondicionamento da AC-422 Buño-Ponteceso (clave: AC/03/012.01.1).

Os bens e dereitos nos que se concreta a declaración de urxente ocupación aparecen recollidos e valorados no citado proxecto.

A competencia para efectuar a declaración de urxente ocupación tena atribuída a Xunta de Galicia en virtude do artigo segundo do Decreto 156/1982, do 15 de decembro, sobre asunción de transferencias

en materia de estradas e a súa asignación á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, considerándose xustificada a referida declaración pola súa incidencia na seguridade vial.

En virtude de todo o exposto e en aplicación do artigo 28.2º do Estatuto de autonomía de Galicia e dos artigos 10 e 52 da Lei de expropiación forzosa, en relación con previsto no artigo 8 da Lei 25/1988, do 29 de xullo, por proposta do conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda e logo da deliberación do Consello da Xunta na súa reunión do día quince de xaneiro de dous mil catro,

#### **DISPOÑO:**

Artigo único.-Declara-la utilidade pública e a urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios e que se concretan no expediente administrativo instruído, para efectos de expropiación no proxecto de trazado do acondicionamento da AC-422 Buño-Ponteceso (clave: AC/03/012.01.1).

Santiago de Compostela, quince de xaneiro de dous mil catro.

Manuel Fraga Iribarne  
Presidente

Alberto Núñez Feijoo  
Conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda

### **CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS, EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS**

*Resolución do 19 de decembro de 2003, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do convenio colectivo dos centros da empresa Ferroatlántica, S.L. de Cee-Dumbría e centrais eléctricas.*

Visto o expediente do convenio colectivo dos centros da empresa *Ferroatlántica, S.L.* de Cee-Dumbría e centrais eléctricas (código convenio 1501321) que tivo entrada nesta delegación provincial o día 11-12-2003 e suscrito en representación da parte económica por *Ferroatlántica, S.L.* e da parte social, polo comité de empresa o día 4-9-2003, de conformidade co disposto no artigo 90.2º e 3º do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo e Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servicios da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo, esta delegación provincial

#### **ACORDA:**

Primeiro.-Ordena-la súa inscrición no libro de rexistro de convenios colectivos de traballo, exis-

tente nesta delegación provincial, e notificación ás representacións económica e social da comisión negociadora.

Segundo.-Ordena-lo depósito do citado acordo no Servicio de Relacións Laborais, Sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación.

Terceiro.-Dispoñe-la súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

A Coruña, 19 de decembro de 2003.

Elisa Madarro González  
Delegada provincial da Coruña

VII Convenio da empresa *Ferroatlántica, S.L.*  
Anos 2003-2004-2005  
Capítulo I  
Estipulacións xerais

1.1º.-Ámbito.

Este convenio regulará a partir da súa entrada en vigor, as relacións laborais da empresa *Ferroatlántica, S.L.*, nas factorías de Cee-Dumbría e centrais eléctricas e afecta a tódolos seus traballadores no dito centro.

Todo o que non estea reflectido neste convenio rexeráse pola lexislación vixente do sector.

1.2º.-Vixencia e duración.

O convenio entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2003 e caducará o 31 de decembro de 2005.

Transcorrido o período de vixencia, seguirán aplicándose tódalas cláusulas co mesmo alcance e contido con que foron pactadas ata que se aprobe e entre en vigor o novo convenio.

1.3º.-Denuncia.

Considerarase por ámbalas partes denunciado en tempo e forma na data do seu vencemento.

1.4º.-Respecto ós dereitos adquiridos.

Respectarase as situacións persoais que no seu conxunto sexan máis beneficiosas que as estipuladas neste convenio, manténdose estrictamente ad personam.

Independentemente de que existan outros conceptos, considéranse condicións ad personam para o persoal fixo no cadro de persoal ó 1 de decembro de 1992 como dereitos adquiridos en compensación de situacións anteriores a esa data, os seguintes puntos:

- Bolsa de vacacións (capítulo II, número 2.2).
- Complemento compensación (capítulo III, número 3.3).
- Complemento posto de traballo fábrica Dumbría (capítulo III, número 3.4).
- Complemento por baixa (capítulo V, número 5.3).
- Axudas especiais (capítulo V, número 5.8).

-Axuda material escolar (capítulo V, número 5.10).

1.5º.-Comisión mixta.

Estará composta por dous representantes do actual comité de empresa e dous representantes da empresa.

As súas funcións serán as de velar polo cumprimento das estipulacións contidas neste convenio e aclarar cantas dúbidas ó respecto poidan xurdir.

Pola empresa: Carlos Oliete Fernández e Perfecto R. Trillo Trillo.

Polo comité: Jesús Casais Domínguez e Fernando Castro Ezara.

Capítulo II

Réxime e condicións de traballo

2.1º.-Xornada de traballo.

Para 2003-2004-2005 a xornada será de 40 horas semanais, equivalentes como máximo a 1.752 horas anuais.

Para o persoal técnico-administrativo, consideraranse festivos non recuperables tres días ó ano, dous dos cales serán o 24 e 31 de decembro, sempre que non coincidan en sábado ou domingo.

2.2º.-Vacacións.

Establécense 22 días laborables de vacacións ó ano, que se poderán fraccionar en dous períodos como máximo.

O período de desfrute fixarase de común acordo entre os traballadores e a dirección da empresa en función da actividade productiva.

O traballador coñecerá as datas que lle correspondan dous meses antes, polo menos, do comezo do desfrute.

Os días de vacacións serán retribuídos conforme a media obtida polo traballador (salario, antigüidade e complementos que correspondan) nos tres últimos meses traballados con anterioridade á data do seu inicio. Ó persoal de quendas incluíráselle ademais un día e medio de complemento festivo ó remate das vacacións.

Os traballadores que por necesidade de produción non poidan desfrutar as vacacións nos meses de xullo, agosto ou setembro, percibirán un complemento de vacacións para 2003 de 41,01 euros por día de vacacións, que serán aboados no mesmo mes en que se desfruten.

2.3º.-Licencias retribuídas.

A tódolos traballadores que o soliciten e logo de xustificación da súa necesidade lles será concedida licenza sen perda de retribución polos seguintes motivos:

- a) Por matrimonio: 15 días naturais.
- b) Por matrimonio de fillos e irmáns: 1 día.



c) Por parto da esposa: 3 días naturais, que se ampliarán a 2 máis, cando o parto non sexa no hospital comarcal de Cee.

d) Por enfermidade grave de pais, avós, fillos, e cónxuxe; pais, avós e fillos políticos: 2 días naturais que poderán ampliarse ata 3 máis cando o traballador necesite efectuar un desprazamento para o efecto, debendo xustificarse a gravidade e o tempo de ausencia.

e) Por morte de pais, avós, fillos, irmáns, netos, cónxuxe; pais, avós, fillos e irmáns políticos: 3 días naturais, que poderán ampliarse ata 2 máis cando o traballador necesite realizar un desprazamento para o efecto.

f) Por morte de primos, tíos e sobriños en primeiro grao: 1 día.

g) Por traslado de domicilio habitual: 1 día.

h) Polo tempo indispensable para o cumprimento dun deber inescusable de carácter público e persoal.

i) Polo tempo necesario para consulta médica de especialista logo de coñecemento do servizo médico da empresa.

#### 2.4º.-Permisos.

Os traballadores inscritos en cursos organizados en centros oficiais ou recoñecidos polo Ministerio de Educación e Ciencia ou Traballo para a obtención dun título académico a teor da Lei xeral de educación, teñen dereito nos termos que se establecen:

a) Os permisos polo tempo necesario para concorrer a exames finais e demais probas de aptitude, avaliación ou trimestrais, sen alteración nin diminución dos seus dereitos laborais, nin das retribucións que por calquera concepto viñesen percibindo.

b) A presta-los seus servizos no caso de que asistan ós cursos que se sinalan anteriormente e na empresa haxa varias quendas de traballo, naquela que mellor facilite o cumprimento das súas obrigas escolares.

#### 2.5º.-Promoción do persoal.

A promoción do persoal suxeitarase ó réxime seguinte:

As categorías que impliquen funcións de mando ou confianza, tales como: técnicos titulados, contramestres, encargados, capataces, xefes administrativos, gardas xurados, etc., serán de libre designación pola empresa.

Cando exista unha vacante para cubrir nas categorías de oficiais administrativos ou obreiros, anunciarase no taboleiro de anuncios a existencia das ditas vacantes e a convocatoria ás probas de aptitude que correspondan.

Ás probas poderá presentarse todo o persoal que así o desexe e que sexa de categoría inmediata inferior. A dirección confeccionará os programas necesarios sobre dos temas e materias que sexan materia de exame nas probas cualificatorias, que serán some-

tidas a coñecemento e suxestións do comité de empresa, antes da súa fixación definitiva.

A comisión examinadora estará composta por catro membros: dous serán elixidos polo comité de empresa e outros dous serán elixidos pola dirección.

En igualdade de resultados nas probas de cualificación daráselle preferencia para ocupa-la praza ó candidato con maior antigüidade na empresa.

Para o resto das categorías profesionais, os ascensos produciranse dentro das vacantes existentes tendo en conta a formación, méritos e antigüidade do traballador, todo iso sen prexuízo das facultades organizativas da empresa.

Co fin de promociona-lo emprego xuvenil, trataranse durante os tres meses de verán, os oito alumnos de FP2, que á fin de curso obtiveran as mellores notas nas ramas de electricidade, motores, mecánica, secretariado, no centro de formación profesional de Cee. En caso de que non se cubran as prazas, poderán ser substituídos por fillos de produtores con estudos axeitados.

Para estes alumnos queda fixado o salario para o 2003 en 1.018 euros/brutos, mensuais para os mecánicos-electricistas, e 926 euros/brutos mensuais para os administrativos.

#### 2.6º.-Roupa de traballo.

Será de aplicación a normativa de réxime interno, emitida polo comité de seguridade e saúde.

A calidade da roupa será revisada polo comité de seguridade e saúde.

### Capítulo III Conceptos retributivos

#### 3.1º.-Salario base.

O salario base para cada categoría profesional será incrementado no IPC previsto máis 1% no ano 2003; para o 2004 incrementarse no IPC previsto máis 1%; no 2005 incrementarse no IPC previsto máis 1%, e servirá de base para o cálculo dos complementos de antigüidade, nocturnidade, etc.

#### 3.2º.-Antigüidade.

Computarase a razón do 5% por cada quinquenio vencido, calculado sobre o salario base de cada categoría.

#### 3.3º.-Complemento de compensación.

Este complemento aboaráselle a todo o persoal con contrato de traballo en vigor con anterioridade ó 1 de decembro de 1992.

Este complemento que será de carácter individual, foi creado para compensa-la supresión dos antigos beneficios sociais de que desfrutaba individualmente cada traballador do cadro de persoal (economato, préstamos, apartamentos, etc.).

Este complemento será para o 2003 de 425,23 euros brutos mensuais e non poderá ser absorbido nin compensado pola empresa.

### 3.4º.-Complemento de posto de traballo.

Para o 2003 os actuais complementos de posto de traballo incrementaranse no IPC previsto máis 1%.

Existen unhas táboas de posto de traballo para a fábrica de Cee e outras para a fábrica de Dumbría e responderán á finalidade de que a igualdade de posto de traballo e categoría profesional lles corresponda o mesmo importe.

O persoal que traballe 8 meses continuados nun mesmo posto de traballo e por necesidades de produción se lle cambie de posto, terá dereito a percibilo durante os 4 meses seguintes.

O persoal de nova incorporación percibirá por complemento de posto de traballo a cantidade establecida para o centro de Cee, indistintamente, traballe nun centro ou no outro.

### 3.5º.-Complemento nocturno.

A tódolos traballadores con dereito a percibi-lo complemento de nocturnidade, satisfaráselle por este concepto o 25% do seu salario base.

### 3.6º.-Complemento de quenda rotativa.

Queda establecido para 2003 un complemento de quenda rotativa de 106,98 euros mensuais para o persoal que traballe a quendas. Este complemento cobrarano todos aqueles que non franqueen sábados ou domingos e os correquendas.

O persoal que traballe ó ano 9 meses como mínimo a quendas terá dereito a cobrar este complemento os tres meses restantes.

### 3.7º.-Complemento xefe de equipo.

Aboaranse por este concepto en 2003 as seguintes cantidades:

-Oficial 1ª: 156,66 euros mensuais.

-Oficial 2ª: 154,51 euros mensuais.

-Oficial 3ª: 152 euros mensuais.

-Especialista: 151,43 euros mensuais.

### 3.8º.-Complemento festivo.

Os traballadores con xornada continuada de oito horas, cando lles coincida traballar en festivo que non sexa recuperable, percibirán por este concepto o equivalente a oito horas extras.

### 3.9º.-Pagas extraordinarias.

Aboaranse anualmente dúas gratificacións extraordinarias que se farán efectivas nos meses de xullo e decembro.

Consistirán no aboamento de trinta días de salario base e o complemento de antigüidade se é o caso.

Ratearanse en proporción ó tempo traballado por semestres naturais do ano en que se outorguen.

### 3.10º.-Horas extraordinarias.

Entenderase por horas estruturais as necesarias por ausencias imprevistas, cambios de quenda derivados da natureza do traballo de que se trate e avarías que afecten ó funcionamento normal en: subministracións de enerxía, materias primas, unidades e saída de produtos.

Entenderase por horas extras de forza maior as derivadas pola necesidade de reparar sinistros, reparación de liñas eléctricas ou outros danos extraordinarios e urxentes que poidan afectar gravemente o funcionamento das instalacións.

En caso de que o 40% do cómputo anual de horas extraordinarias fora superior á xornada anual establecida, contratarase un traballador fixo do cadro de persoal por xornada normal superada.

### 3.11º.-Retribucións varias: cubilotes, chamadas.

Cubilotes: o persoal dedicado a preparación de cubilotes percibirá por cada un a cantidade de 14,50 euros no 2003.

Chamadas, cambios de quenda, comidas, vacacións:

-Persoal que traballa normalmente a quendas:

1. Cambio dunha quenda a outra ou substitucións temporais, tales como vacacións, baixas, etc.

Dun a tres días: unha chamada.

Máis de tres días: dúas chamadas. Unha cando cambia e outra ó volver á súa xornada.

2. Cando por causa de forza maior haxa unha parada no forno non programada e o persoal teña que ir de vacacións e non se lle poida avisar con máis dunha semana de antelación, pagaráselle unha chamada ó ir e outra ó volver. De coincidir no verán, a bolsa de vacacións correspondente a eses días será a de complemento de vacacións.

3. Se en seis días consecutivos se cambia máis de dúas veces de garda, cobraranse cinco chamadas, independentemente das que lle correspondan polos cambios.

-Persoal que traballa normalmente en xornada partida.

1. Cambio a quendas por avarías, reparacións, etc.

a) Se o cambio é dun a tres días: unha chamada.

b) Se o cambio é por máis de tres días: substitúese a chamada por 6,80 euros por día de cambio en 2003.

c) Os equipos de mantemento, ó volver á súa xornada normal, os que teñan que saír ás seis da mañá, farano ás catro da mañá e volverán as dúas da tarde para facer media xornada.

2. Ó persoal de báscula aboaráselle 6,80 euros por día de cambio en 2003.

-Chamadas por realización de horas extras.

1. Cando o traballo non é continuado.

a) En tódolos casos pagarase unha chamada e as horas extras realizadas.

b) En xornada partida: desde a finalización das horas extras, pasarán oito horas de descanso e incorporaranse ó traballo á hora que corresponda. Se pasa das catro da mañá e ata as seis da mañá, incorporaranse pola tarde. Despois das seis da mañá, descansa o día seguinte.

En xornada intensiva: desde a finalización das horas extras, pasarán oito horas de descanso e incorporaranse ó traballo á hora que corresponda. A partir das catro da mañá, descansa o día seguinte. En caso de que o día seguinte fose sábado ou festivo pagarase tres chamadas, sempre que faga seis horas extras ou máis.

c) Se se chama despois das seis da mañá, terá que face-la xornada completa do día seguinte.

2. Cando o traballo é continuado.

a) Cando pase de tres horas, pagarase media chamada.

b) Traballadores de xornada partida que teñan que continuar facendo horas extras ata as doce da noite, traballarán o día seguinte completo. Despois das doce da noite e ata as dúas da mañá, descansarán a mañá do día seguinte. A partir das dúas da mañá, non traballa o día seguinte.

c) Hora de comida: darase a comida, se pasa das dúas, e unha hora extra.

d) Tarde: se vai continuar traballando ata as dez da noite, darase bocadillo e bebida refrescante. En caso de pasar das dez da noite, daráselle a cea.

3. Persoal en vacacións.

O persoal que estea desfrutando vacacións e por causa de forza maior, sexa chamado a realizar horas extras, recibirá unha chamada por cada hora extra realizada, cun máximo de oito.

-Cambio de hora oficial.

Ó persoal a quendas ó que lle coincida en traballo, a noite de cambio de horario e por este motivo a súa garda sexa de nove horas, percibirá media chamada.

-Cambios de fábrica.

Cambio de fábrica de Dumbría á fábrica de Cee. Estudiarase en cada caso.

-Persoal de xornada partida.

Por cada hora extra realizada os días 15 e 16 de agosto, darase unha chamada, cun máximo de oito.

-Persoal a quendas.

Ó persoal que se chame para facer horas extras, en días francos, que coincida cos festivos do 15 e 16 de agosto, daráselle unha chamada por cada hora realizada, cun máximo de oito.

Aboaráse por cada chamada a cantidade de 11,70 euros en 2003.

3.12º.-Complemento de condicións especiais.

Este complemento incluírá: complemento voluntario, complemento de distancia e os casos excepcionais de complemento Dumbría.

Este complemento manterá os mesmos aumentos que o convenio, non sendo absorbible mentres persistan as mesmas condicións.

3.13º.-Revisión salarial.

Durante os anos 2003, 2004 e 2005 garántese unha subida salarial consolidable do IPC real do ano máis un 1% en tódolos conceptos retributivos.

Para o 2003, 2004 e 2005, unha vez coñecido o IPC real do ano, farase unha revisión salarial de tódolos conceptos retributivos en función do exceso sobre a subida xa efectuada, con carácter retroactivo a xaneiro de 2003-2004-2005, e aboarase nunha soa paga.

#### Capítulo IV

##### Fondo de pensións

4.1º.-Fondo de pensións.

O compromiso que asume *Ferroatlántica, S.L.* co colectivo de traballadores é o plan de pensións de *Ferroatlántica, S.L.* de contribución definida, acollido á Lei 8/1987.

Ós empregados con menos de dous anos de antigüidade aseguráraselles, no caso de invalidez permanente total ou absoluta e falecemento, un capital asegurado equivalente a unha anualidade e media de salario regulador vixente a mesma data que establece a comisión de control para o colectivo de partícipes. Para tal efecto, a empresa contratará unha póliza de seguros, sendo o custo da prima correspondente por conta da empresa.

#### Capítulo V

##### Acción social

5.1º.-Invalidez provisional ou incapacidade temporal.

O traballador afecto de invalidez provisional ou incapacidade temporal despois dos 18 meses e mentres permaneza en tal situación, percibirá un complemento que se calculará por aplicación das seguintes porcentaxes, sobre a base reguladora de cada traballador en función dos anos de servizo na empresa.

Con menos de 12 anos completos de servizo: 25%.

Con 12 anos completos ou máis, ata 21 anos completos de servizo: 40%.

Con 22 anos completos ou máis, ata 31 anos completos de servizo: 50%.

Con máis de 31 anos completos de servizo: 55%.

A base reguladora será, para cada traballador, a diferenza entre o salario bruto percibido nos doce meses anteriores a data da invalidez, por xornada normal de traballo, e o importe da prestación que lle corresponda percibir da Seguridade Social.

En ningún caso o complemento da empresa poderá supera-lo 25% da prestación que lle corresponda da Seguridade Social, exceptuando, para asegura-lo 60% do salario bruto percibido polo traballador nos doce meses anteriores á data da invalidez.

Durante a incapacidade temporal, a empresa seguirá contribuíndo polo traballador ó fondo de pensións, tal como marca o Regulamento do plan de pensións de *Ferroatlántica, S.L.*, utilizándose como salario regulador o mesmo que tería o traballador en activo.

5.2º.-Persoal con capacidade diminuída.

Ó persoal que lle sexa recoñecida, ben polo organismo competente ou polo servizo médico de empresa, unha diminución da súa capacidade para o desenvolvemento do seu traballo habitual, a empresa destinará a un posto de traballo acorde coa súa capacidade.

5.3º.-Complemento por baixa: accidente ou enfermidade.

A todo o persoal pertencente a *Ferroatlántica, S.L.* en decembro de 1992 que cause baixa por accidente ou enfermidade, a empresa complementaralle ata o 100% do seu salario habitual cun máximo de 18 meses.

Todo o persoal dado de alta con posterioridade a decembro de 1992, percibirá, en caso de enfermidade, o 90% dos conceptos fixos (salario base e complemento de traballo), salvo hospitalización ou accidente laboral, no que cobrará o 100% destes conceptos.

Para percibi-lo complemento de accidente será necesario o informe do comité de seguridade e saúde sobre este accidente, en materia de utilización de roupa de seguridade e condicións en que se produciu.

Sen que estea no ánimo da empresa restrinxi-lo pagamento do complemento de enfermidade e si perseguir ata onde sexa posible a fraude, este complemento perderase cando se produzan algunhas das seguintes circunstancias:

1. Non te-la empresa puntualmente informada dos partes de baixa, alta e os semanais de confirmación, que salvo casos especiais, deberán ser entregados persoalmente.

2. Non presentarse de maneira inxustificada ós controis, tanto no domicilio como na sala de primeiros auxilios, que o servizo médico solicite realizar para segui-la evolución da enfermidade.

3. Desatende-las prescricións médicas e tratamentos durante o período de baixa, incluídas as recomendacións do médico de empresa.

4. Cando dos controis e inspeccións realizados, das que previamente será informado o comité de empresa, resulte demostrado de maneira evidente, e non só a criterio médico, que o traballador non se encontra impedido para o cumprimento dos debers laborais.

5. No caso de discrepancia entre os distintos informes médicos, con relación a continuidade da baixa, resolverá a Inspección Médica da Seguridade Social e se do dictame desta, se desprendese que a baixa era improcedente, perderase o complemento desde o momento en que se iniciou o trámite de inspección.

5.4º.-Premio de nupcialidade.

O persoal percibirá en 2003 a cantidade de 391,94 euros no caso de atoparse en activo e ter unha antigüidade mínima dun ano.

De non alcanzar esta antigüidade, o premio quedará reducido a 195,97 euros.

5.5º.-Premio de natalidade.

Establécese un premio de 253,51 euros en 2003 co motivo do nacemento de cada fillo.

5.6º.-Premio de vinculación.

Establécese un premio de vinculación á empresa en función dos anos de servizo prestados conforme a seguinte escala:

Escala 1. Ós 20 anos de servizo continuado, unha mensualidade de salario real (salario base, antigüidade, posto de traballo, complemento voluntario e complemento de compensación).

Escala 2. Ós 29 anos de servizo continuado, dúas mensualidades e media de salario real.

En caso de xubilación cobrarán este premio aqueles traballadores que no momento de xubilarse teñan 28 ou máis anos de servizo continuado, se non o cobrasen.

5.7º.-Premio de xubilación.

Ó xubilarse ou pasar á invalidez permanente, o traballador percibirá no ano 2003 unha cantidade resultante de computar 90,70 euros por ano de servizo activo e continuado na empresa, suxeita á condición de que esta xubilación se realice ó cumpri-los 65 anos de idade ou antes desa idade; ou de ser superior, o seguinte premio: unha mensualidade por cada quinquenio ata un máximo de cinco.

Atendendo a obriga establecida no Real decreto 1588/1999, do 15 de outubro, polo que se aproba o Regulamento sobre a instrumentación dos compromisos por pensións das empresas cos traballadores, o premio de xubilación regulado neste artigo encóntrase financiado a través dunha póliza de seguro colectivo de vida, contratada cunha compañía aseguradora de recoñecida solvencia e prestixio, todo de conformidade con canto establece a normativa de referencia.

5.8º.-Axudas especiais.

Os traballadores en activo ou pasivo que teñan ó seu cargo fillos calquera que sexa a natureza legal da afiliación, ou outros descendentes ou irmáns seus ou do seu cónxuxe que teñan a condición de diminuído físico ou psíquico, imposibilitados para o traballo, en 2003 percibirán 182,59 euros mensuais por cada causante, máis 125,18 euros no caso de estar escolarizado.

Entenderase por minusvalidez física a imposibilidade de valerse por si mesmo para a realización das funcións elementais da vida.

Considerarase a existencia de minusvalidez psíquica cando esta fora declarada e recoñecida pola Seguridade Social.

Aboaranse en ámbolos casos, aínda percibindo a subvención legal que estea establecida.

Por contra, non se procederá ó aboamento cando se perciba pensión da Seguridade Social.

Esta axuda especial só a percibirá o persoal dado de alta en *Ferroatlántica, S.L.* en decembro de 1992.

#### 5.9º.-Lote de Nadal.

Establécese unha achega da empresa por este concepto de 101,18 euros por cada traballador, xubilados, viúvas e persoal en longa enfermidade. Para o persoal con menos de seis meses de traballo, a achega será do 50%.

O comité de empresa será o competente na súa confección e distribución. Será por conta da empresa o IVE.

#### 5.10º.-Axuda material escolar.

Establécese o seguinte sistema de axuda de material escolar para o curso 2003-2004:

-Xardín de infancia: desde 2 a 4 anos cumpridos no ano natural da súa concesión.

-Preescolar e 1º de EXB: 109,53 euros/ano.

-De 2º a 8º de EXB, BUP, COU, FP e ESO: 125,20 euros/ano.

-Estudios medios: 521,64 euros/ano.

-Estudios superiores: 782,47 euros/ano.

En FP, sempre que non exista na comarca a rama que se desexe estudar e teña que desprazarse, considérase a axuda como de estudos medios. Igualmente, terán dereito os traballadores que a título individual realicen estudos relacionados co seu labor na empresa.

Para EXB, BUP, COU, FP e ESO, permitirase unha soa repetición por curso.

Os traballadores que cursen estudos de EXB (1º a 8º), BUP, COU, FP, escolas oficiais de idiomas, artes aplicadas e estudos de grao medio e superior, percibirán por cada curso 156,50 euros/ano, logo da presentación do certificado de matrícula.

Se un traballador iniciara uns estudos determinados e desistira para iniciar outro tipo de estudos, sen ter rematados os primeiros, só poderá solicitar axuda para estes novos estudos despois de transcorrer un ano desde a concesión da axuda anterior.

No caso de xubilados, persoal en longa enfermidade e viúvas de traballadores que faleceron en activo ou en longa enfermidade, os seus fillos teñen dereito a esta axuda, na mesma contía que os fillos de traballadores en activo.

Esta axuda soamente a percibirá o persoal perentente a *Ferroatlántica, S.L.* en decembro de 1992.

#### 5.11º.-Indemnización por defunción.

En caso de falecemento dun traballador, xa sexa por causas naturais ou accidente dentro ou fóra das súas horas de traballo, os seus habentes dereito percibirán en 2003 a cantidade de 14.582 euros, máis 3.645 euros por cada fillo que estea ó seu cargo.

Os traballadores poderán designar por escrito o beneficiario desta cantidade. No caso de non facelo, a indemnización entregaráselles ós seus habentes dereito.

Ós traballadores que pasen a situación de invalidez, esta cobertura manteráselles durante os períodos seguintes:

a) Traballadores a partir de 55 anos ata 60 anos, ou como mínimo, durante o primeiro ano de invalidez.

b) Traballadores menores de 55 anos: terán dereito a esta cobertura durante o primeiro ano de ter pasado a situación de invalidez.

Atendendo á obriga establecida no Real decreto 1588/1999, do 15 de outubro, polo que se aproba o Regulamento sobre a instrumentación dos compromisos por pensións das empresas cos traballadores, a indemnización por defunción regulada neste artigo está financiada a través dunha póliza de seguro colectivo de vida, contratada cunha compañía aseguradora de recoñecida solvencia e prestixio, todo de conformidade con canto establece a normativa de referencia.

#### 5.12º.-Privación de liberdade.

Todo persoal que sufra privación de liberdade que lle impida acudir a xustifica-la súa ausencia ó traballo por un período máximo de dez días, conservará tódolos dereitos que desfrutaba antes da súa privación de liberdade.

Mentres se atope en tal situación considerarase en situación de permiso non retribuído, sendo admitido automaticamente a petición do traballador.

#### 5.13º.-Subvención ó comité.

Establécese en 2003 a cantidade de 19.097 euros anuais, que se fará efectiva no 1º semestre e será utilizada en casos sociais, gastos do comité e tamén para incrementa-los paquetes de Nadal.

### Capítulo VI Saúde laboral

#### 6.1º.-Servicio de prevención.

A empresa conta cun servizo de prevención propio.

Os servizos sanitarios estarán cubertos polo médico de empresa, dous ATS (un para a fábrica de Cee e outro para a fábrica de Dumbría) e unha ambulancia.

### 6.2º.-Comité de seguridade e saúde.

O comité de seguridade e saúde das fábricas de Cee-Dumbría, estará composto por seis membros, tres deles elixidos pola dirección e tres elixidos polo comité de empresa.

Será función deste comité promover a observancia das disposicións en materia de saúde laboral no traballo, así como estudar e propoñer medidas que coide oportunas para a prevención de riscos profesionais e cantas sexan convenientes para a debida protección da vida e saúde dos traballadores.

Os membros do comité disporán, para o exercicio das súas funcións, de 10 horas mensuais, dentro da xornada laboral.

A empresa, cada dous anos, por mediación do organismo competente do Ministerio de Traballo, instará o recoñecemento ambiental por áreas ou zonas de traballo, coa presenza de dous membros do comité elixidos polos traballadores. Se neste recoñecemento se detectasen niveis non aceptables, a empresa fixará un prazo para a súa eliminación e informará o comité de seguridade e saúde do curso dos traballos de corrección que se efectúen.

A empresa informará o comité de seguridade e saúde dos casos que se poidan presentar dos traballadores afectados por enfermidades profesionais, procedendo a investiga-las causas que as motivaron, para a súa oportuna corrección, así como a destinalo traballador afectado a outro posto de traballo acorde coa súa categoría profesional e condición física.

A empresa para o ano 2003 pon á disposición do comité de seguridade e saúde a cantidade de 14.514 euros para subsidia-las necesidades en materia de saúde laboral non previstas no orzamento xeral e postas de manifesto polo comité. Para a utilización da dita cantidade, será dabondo a conformidade de tres membros do comité de saúde laboral, e un deles, como mínimo, terá que ser dos elixidos polo comité de empresa.

## Capítulo VII Outras disposicións

### 7.1º.-Cobro de salario.

Os traballadores que perciban as súas retribucións por talón ou transferencia bancaria, que o seu horario e/ou proximidade entre o centro de traballo e a entidade bancaria pola que se efectúa o pagamento, non lles permita percibi-lo seu salario fóra da súa xornada laboral, disporán de media hora, que será fixada entre os tres primeiros días en que a transferencia estea á disposición do traballador, logo de solicitude ó seu xefe de departamento.

### 7.2º.-Asembleas e información.

Os traballadores terán dereito a convocar por parte do comité de empresa ou polo menos un 25% do cadro de persoal cantas asembleas crean conveniente, as cales terán lugar dentro do respectivo centro de traballo.

Estas asembleas estarán presididas polo comité de empresa de forma colexiada.

Estas asembleas poderán ter lugar en horas de traballo, cun máximo de 6 horas anuais.

Os membros do comité de empresa poderán, con cargo ó crédito de horas mensuais retribuídas, dar información ou atender calquera consulta de temas laborais.

O persoal que deba consultar cos seus representantes disporá, en horas de traballo e sen mingua das súas percepcións, dun tempo prudencial para realiza-la consulta, notificando a ausencia momentánea do seu posto de traballo.

### 7.3º.-Vacantes de persoal.

Das vacantes de persoal daráselles preferencia ós traballadores que foran eventuais na empresa, de acordo co tempo que traballaron e polos fillos de traballadores en activo, xubilados ou falecidos.

De tódolos contratos que se realicen, o comité terá información previa.

### 7.4º.-Cota sindical.

Cando se solicite, por requirimento dos traballadores afiliados a un sindicato, o desconto da súa cota sindical a través de nómina, a dirección deste centro de traballo porá as máximas facilidades para a súa recadación ata que non reciba comunicación en contra por parte de calquera dos traballadores ós que se lles efectúe esta retención.

### 7.5º.-Comedor social.

*Ferroatlántica, S.L.* mantén un comedor social que é para uso dos seus traballadores, participando a empresa nos gastos de comida nun 80%, sendo o 20% restante por conta do traballador.

### 7.6º.-Axudas de custo.

O persoal que por conta da empresa deba efectuar desprazamentos, percibirá en 2003 en concepto de axudas de custo a cantidade de 24,50 euros por día de traballo, cando cumpra pernoitar fóra do lugar de residencia, e 12,52 euros, no caso contrario, ambos supostos independentemente do aboamento pola empresa dos gastos de locomoción, aloxamento e mantenza.

Cando se dera a circunstancia de que nos períodos de desprazamento ou estadía se incluíra algún festivo, as cantidades incrementaranse nun 100% para estes días festivos.

Quedan excluídos aqueles empregados dos que o posto de traballo implique desprazamentos periódicos, para os cales seguirá en vigor o réxime actual de gastos suplidos e aqueles traballadores que efectúen os desprazamentos dentro da xornada normal de traballo.

### 7.7º.-Contratos.

Dadas as características específicas do sector de ferroaleacións, e co fin de facilitar novas contratacións, os contratos de traballo de duración deter-

minada poderán ampliarse tal como prevé o Real decreto 2720/1998, ou disposicións legais substitutorias.

7.8º.-Seguro carné de conducir.

Os traballadores que utilicen no seu traballo vehículos propiedade da empresa terán un seguro por retirada do seu carné de conducir, sempre que non sexa por causas penais.

#### Ano 2003

Categoría	Salario base (€)
Director	1.626,04
Enxeñeiros/licenciado	1.433,08
Peritos e asimilados	1.385,99
Xefe taller	1.286,87
Mestre taller	1.206,14
Xefe 1ª administración	1.319,58
Xefe 2ª administración	1.253,16
Contramestre	1.206,14
Oficial 1ª administración	1.193,84
Encargado	1.150,17
Delineante	1.193,84
Capataz especialista	1.116,88
Almaceneiro	1.095,56
Analista 1ª laboratorio	1.193,84
Oficial 1ª	1.132,15
Oficial 2ª administración	1.150,17
Analista 2ª laboratorio	1.150,17
Chofer camión	1.126,54
Chofer turismo	1.115,92
Oficial 2ª	1.116,57
Auxiliar administración	1.105,90
Auxiliar laboratorio	1.105,90
Oficial 3ª	1.098,64
Vixilante	1.080,30
Especialista	1.094,39

#### Postos traballo 2003

Posto	Cee	Dumbría
Almacén	78,50	182,50
Analista 1ª	358,31	
Analista 2ª	270,68	
Auxiliar administración	78,50	182,50
Auxiliar laboratorio	78,50	182,50
Boca	182,26	286,25
Briquetas	122,87	
Capataz enerxía	227,71	
Capataz fornos	395,81	499,80
Capataz prod. term.	236,40	340,39
Centrais h.	154,50	
Centrais mantemento	195,1	
Contramestre	395,82	499,80
Contramestre enerxía	227,71	
Chofer turismo	100,29	204,27
Especialista canteiro	159,15	263,14
Guindastre pórtico	159,15	
Gardián	78,50	182,50
Xefe briquetas	129,27	
Xefe pasta	203,98	
Machacadora	182,26	286,25
Maqu. Dango	222,23	326,22
Peirao	161,07	
Oficial 1ª administración	196,75	
Oficial 2ª administración	165,66	269,65
Oficial canteiros	217,49	321,48
Oficial mantemento	222,23	326,22
Pasta	129,27	
Pte. guindastre colador	182,26	286,25
Pte. guindastre mat. primas	148,22	252,20
Pupitre	148,22	252,20

## IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

### CENTRO INFORMÁTICO PARA A XESTIÓN TRIBUTARIA, ECONÓMICO-FINANCIERA E CONTABLE

*Anuncio do 9 de xaneiro de 2004 de convocatoria para a provisión, polo sistema de libre designación, de catro postos de traballo no Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (CIXTEC).*

Ó abeiro do disposto na disposición adicional segunda do Decreto 360/1998, do 4 de decembro, anúnciase a convocatoria, para a provisión, polo sistema de libre designación, de catro postos de traballo no CIXTEC, estando á disposición dos interesados (persoal do CIXTEC) no taboleiro de anuncios, das dependencias do referido centro (rúa Domingo Fontán, 9, Santiago de Compostela), as bases da convocatoria.

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2004.

Gonzalo Gómez Montaña

Director xeral do Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable

### UNIVERSIDADE DE VIGO

*Resolución do 19 de decembro de 2003 pola que se nomea profesor titular de universidade da área de coñecemento de socioloxía, do departamento de Socioloxía, Ciencia Política e da Administración e Filosofía, a Jesús Adolfo Lage Picos (praza 189/2001).*

Consonte coa proposta formulada pola comisión nomeada para xulga-lo concurso da praza nº 189/01, convocado por resolución desta universidade do 13 de decembro de 2001 (BOE do 21 de decembro) e unha vez acreditado polo concursante proposto que reúne os requisitos do punto 2º do artigo 5 do Real decreto 1888/1984, do 26 de setembro.

Este rectorado, en uso das atribucións conferidas polo artigo 42 da Lei 11/1983, do 25 de agosto, de reforma universitaria, e demais disposicións que a desenvolven, resolveu nomear a Jesús Adolfo Lage Picos, con documento nacional de identidade número 32642865-T, profesor titular de universidade da área de coñecemento de socioloxía, adscrita ó departamento de Socioloxía, Ciencia Política e da Administración e Filosofía.

Este nomeamento producirá plenos efectos a partir da correspondente toma de posesión polo interesado, que deberá efectuarse no prazo máximo dun mes, contado desde o día seguinte ó da publicación desta resolución no *Boletín Oficial del Estado*.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso ante a xurisdicción contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa. Potestativamente, poderase interpor recurso de reposición ante o rector, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ó da publicación no *Boletín Oficial del Estado*, de acordo co disposto na Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, modificadora da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Vigo, 19 de decembro de 2003.

Domingo Docampo Amoedo  
Rector da Universidade de Vigo

*Resolución do 19 de decembro de 2003 pola que se declara concluído o procedemento e deserta a praza do corpo de profesores titulares de universidade.*

Mediante resolución rectoral da Universidade de Vigo, do 20 de novembro de 2001 (BOE do 14 de decembro), convocouse a concurso a praza con referencia 159/01 pertencente ó corpo de profesores titulares de universidade, da área de coñecemento de química analítica, do departamento de Química Analítica e Alimentaria.

Rematado o concurso sen que a comisión nomeada para o efecto formulase proposta de nomeamento, consonte o establecido no artigo 11 do Real decreto 1888/1984, do 26 de setembro (BOE do 26 de outubro).

Este rectorado resolveu declarar concluído o procedemento e deserta a praza anteriormente referenciada.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdicción contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Non obstante, os interesados poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ó da publicación no *Boletín Oficial del Estado*, perante o mesmo órgano que a dictou.

Neste caso non caberá interpoñer-lo recurso contencioso-administrativo antes citado mentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 4/1999,

do 13 de xaneiro, modificadora da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Vigo, 19 de decembro de 2003.

Domingo Docampo Amoedo  
Rector da Universidade de Vigo

*Resolución do 19 de decembro de 2003 pola que se nomea profesor titular de universidade da área de coñecemento de dereito administrativo, do departamento de Dereito Público, a Roberto Orlando Bustillo Bolado (praza 136/2001).*

Consonte coa proposta formulada pola comisión nomeada para xulga-lo concurso da praza nº 136/01, convocado por resolución desta universidade do 20 de novembro de 2001 (BOE do 14 de decembro) e unha vez acreditado polo concursante proposto que reúne os requisitos do punto 2º do artigo 5 do Real decreto 1888/1984, do 26 de setembro.

Este rectorado, en uso das atribucións conferidas polo artigo 42 da Lei 11/1983, do 25 de agosto, de reforma universitaria, e demais disposicións que a desenvolven, resolveu nomear a Roberto Orlando Bustillo Bolado, con documento nacional de identidade número 13778306-H, profesor titular de universidade da área de coñecemento de dereito administrativo, adscrita ó departamento de Dereito Público.

Este nomeamento producirá plenos efectos a partir da correspondente toma de posesión polo interesado, que deberá efectuarse no prazo máximo dun mes, contado desde o día seguinte ó da publicación desta resolución no *Boletín Oficial del Estado*.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso ante a xurisdicción contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa. Potestativamente, poderase interpor recurso de reposición ante o rector, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ó da publicación no *Boletín Oficial del Estado*, de acordo co disposto na Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, modificadora da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Vigo, 19 de decembro de 2003.

Domingo Docampo Amoedo  
Rector da Universidade de Vigo



## V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

### XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA NÚMERO OITO DE VIGO

*Edicto (711/2003).*

Eu, José Luis Gutiérrez Martín, secretario deste Xulgado de Primeira Instancia número oito dos de Vigo, certifico que nos presentes autos se dictou a seguinte sentenza:

«Vigo, vinteseis de setembro de dous mil tres.

Susana Álvarez García, maxistrada xuíza deste Xulgado de Primeira Instancia número oito dos de Vigo, viu os presentes autos de xuízo verbal de desafiuzamento 711/2003, entre os que son partes:

Demandante: *Curiña Inversiones, S.L.*, representado polo procurador José Fernández González e asistido polo seu letrado Javier Cabo Cibeira.

Demandada: Lilian Oprea.

Versa a *litis* sobre falta de pagamento de rendas da vivenda sita na rúa Barcelona, 73 4º drta., Vigo.

Decido que estimando integramente a demanda interposta por *Curiña Inversiones, S.L.*, representada polo procurador José Fernández González contra Lilian Oprea, debo declarar e declaro a resolución do contrato de arrendamento que liga as partes, respecto do inmovible sito na rúa Barcelona, 73, 4º drta., Vigo, apercibindo a demandada de lanzamento se non desaloxan a vivenda dentro do termo establecido na lei, condenándoa ó pagamento das custas.

Contra esta sentenza cabe recurso de apelación para ante a Audiencia Provincial de Pontevedra, que se deberá preparar no prazo de cinco días por medio de escrito presentado perante este xulgado, conforme o disposto no artigo 455 e seguintes da LAC, facéndolle saber ó recorrente o cumprimento do artigo 449.1º do mesmo precepto legal.

Así, por esta miña sentenza, pronúncioo, mándoo e asínoo».

E para a súa inserción no *Diario Oficial de Galicia*, co fin de ser notificado o demandado que está en paradiro descoñecido, expídese este edicto en Vigo o vinte e cinco de novembro de dous mil tres.

O secretario xudicial  
Rubricado

### XULGADO DO SOCIAL NÚMERO DOUS DA CORUÑA

*Cédula de notificación de sentenza  
(444/2003).*

Eu, Jaime Balado Yáñez, secretario xudicial do Xulgado do Social número dous da Coruña, dou fe

e testemuño de que en autos seguidos perante este xulgado do social, tramitados baixo o número 444/2003 por instancia de Jesús Esteban Rodríguez Pereira e outros, contra empresa *Infraestructuras y Canalizados de Galicia, S.L.* e outros sobre salarios, dictouse a seguinte:

«Sentencia. Na cidade da Coruña, o 16 de decembro de 2003. Jorge Hay Alba, maxistrado xuíz do Xulgado do Social número dous desta cidade, viu estes autos de xuízo número 444/2003, seguidos por instancia de Jesús Esteban Rodríguez Pereira e outros, maiores de idade representados pola procuradora M<sup>a</sup> Ángeles Fernández Rodríguez e asistidos pola letrada Patricia Alonso Macías Jorroto, contra empresa *Infraestructuras y Canalizados de Galicia, S.L.*, que non compareceu nos autos; empresa *Gas del Valle*, representada e asistida pola letrada Julieta Morros Sardá; e Fogasa, representado e asistido pola letrada Enma Pérez Díez del Corral, é o obxecto da reclamación salarios.

Seguen feitos e fundamentos de dereito.

Decido que estimando a demanda interposta polo demandante Jesús Esteban Rodríguez, José Manuel González Prol, Elvis Fondado Alves, Álvaro Fondado Alves, Manuel Varela Filgueira, Luis Tasende Arnejo, Carlos José Varela Filgueira y Ricardo Veiga Fuentes, intervindo o Fogasa, debo condenar e condeno a empresa *Infraestructuras y Canalizados de Galicia, S.L.* e a *Gas del Valle Instalaciones, S.L.* a que aboen solidariamente a cantidade de 4.407,42 euros a favor do primeiro, 4.157 euros ó segundo, 3.525,92 euros ó terceiro e cuarto, 3.325,54 euros ó quinto, 3.525,92 euros ó sexto, 3.325,59 euros ó sétimo e 3.525,92 euros ó oitavo, polos conceptos reclamados na demanda.

Notifíquelles esta resolución ás partes, ás que se lles fará saber que contra ela só cabe recurso de duplicación ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, anunciándose ante este xulgado no prazo de cinco días contados a partir da notificación desta sentenza e, no propio termo, se o recorrente non goza do beneficio da xustiza gratuíta, deberá, ó anuncio, entrega-lo xustificante acreditativo de consignación da cantidade de 150,25 euros na conta de depósitos e consignacións que este xulgado ten aberta no *Banesto* desta cidade, co número de conta 0030 6349 0000 5603, clave 60, facendo constar no ingreso o número do expediente.

Así, por esta miña sentenza, definitivamente xulgando en primeira instancia, pronúncioo, mándoo e asínoo».

E para que lle sirva de notificación á empresa, que ten o seu enderezo descoñecido, mediante a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, expido e asino esta cédula de notificación na Coruña o 16 de decembro de 2003.

O secretario xudicial  
Rubricado

## XULGADO DO SOCIAL NÚMERO TRES DA CORUÑA

*Cédula de notificación de sentenza  
(691/2002).*

Juan Rey Pita, secretario do Xulgado do Social número tres da Coruña, dou fe e certifico que neste xulgado se seguen autos nº 691/2002 por instancia de Segundo López Couceiro contra *Residencial La Solana, S.A.* e outros sobre invalidez, nos que recaeu sentenza con data do 11 de decembro de 2003 que copiada nos particulares necesarios di así:

«Que desestimando a demanda interposta por Segundo López Couceiro, contra o Instituto Nacional de la Seguridad Social, Tesorería General de la Seguridad Social, Mutual Cyclops e *Residencial La Solana, S.A.*, debo de absolver e absolvo os devanditos demandados dos pedimentos contra eles contidos na demanda.

Notifíquese esta resolución ás partes facéndolles saber que contra ela cabe interpoñer recurso de suplicación perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Social, debendo anunciálo previamente ante este Xulgado do Social, no prazo de cinco días hábiles a partir do día seguinte da súa notificación.

Así por esta miña sentenza da que se unirá certificación ós autos orixinais para a súa notificación e cumprimento, xulgando pronúncioo, mándoo e asínoo.»

E para que conste, para efectos da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* co fin de que sirva de notificación en forma á empresa *Residencial La Solana, S.A.*, expido e firmo esta cédula na Coruña o 16 de decembro de 2003.

Juan Rey Pita  
Secretario xudicial

*Cédula de notificación de sentenza  
(419/2003).*

Juan Rey Pita, secretario do Xulgado do Social, número tres da Coruña, dou fe e certifico que neste xulgado se seguen autos nº 419/2003 por instancia de Francisco Javier Varela Romero, contra a empresa *Tempovedra E.T.T., S.L.*, sobre salarios, nos que recaeu sentenza con data do 7 de novembro 2003 que copiada nos particulares necesarios di así:

«Que estimando a demanda formulada por Francisco Javier Varela Romero contra a empresa *Tempovedra E.T.T., S.L.* condeno a esta a aboarlle a cantidade de 671,54 euros, que lle debe en concepto de salarios.

Notifíquese esta resolución ás partes facéndolles saber que contra ela non cabe interpoñer recurso.

Así por esta miña sentenza do que se unirá certificación ós autos orixinais para a súa notificación e cumprimento, xulgando pronúncioo, mándoo e asínoo.»

E para que conste, a efectos da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* co fin de que sirva de notificación en forma á empresa *Tempovedra E.T.T., S.L.*, expido e asino esta cédula na Coruña o 17 de decembro de 2003.

O secretario xudicial  
Rubricado

## XULGADO DO SOCIAL NÚMERO ONCE DE MADRID

*Edicto (1089/2003).*

Ángel Juan Zuil Gómez, secretario do social número once de Madrid, fago saber que por proposta de providencia dictada no día da data, no proceso seguido por instancia de Carlos Verdú Bellod contra *Metatlantica, S.L.* en reclamación de despedimento, rexistrado co 1089/2003 acordouse citar a *Metatlantica, S.L.* en ignorado paradoiro, co fin de que compareza o día 2 de febreiro de 2004 ás 9.30 horas da mañá, para a celebración dos actos de conciliación e se é o caso xuízo, que terán lugar na sala de vistas deste Xulgado do Social número once sito en r/ Hernani nº 59-3ª planta debendo comparecer persoalmente ou mediante persoa legalmente apoderada, e con tódolos medios de proba dos que se intente valer, coa advertencia de que é única convocatoria e que os ditos actos non se suspenderán por falta inxustificada de asistencia.

Advérteselle ó destinatario que as seguintes comunicacións faranse nos estrados deste xulgado, agás as que deban revestir forma de auto ou sentenza, ou se trate de emprazamento.

E para que sirva de citación a *Metatlantica, S.L.*, expídese este edicto para a súa publicación no BOP e colocación no taboleiro de anuncios.

Madrid, 9 de decembro de 2003.

O secretario xudicial  
Rubricado

## VI. ANUNCIOS

### a) DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

#### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

*Anuncio do 19 de decembro de 2003, da Delegación Territorial de Pontevedra, polo que se relacionan aperturas de trámites de audiencia pendentes de notificar e se emprazan os interesados que se sinalan para seren notificados por comparecencia (Massó Hermanos, S.A. e dezaseis máis).*

De conformidade co disposto no artigo 105 da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria,

segundo a redacción dada pola Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, relaciónanse aperturas de trámites de audiencia pendentes de notificar, despois de intentada a notificación persoal por dúas veces, e emprázanse os interesados que se sinalan no anexo para seren notificados por comparecencia.

Os actos foron adoptados polo Servizo de Xestión Tributaria da Delegación Territorial da Consellería de Economía e Facenda de Pontevedra en aplicación do artigo 22 da Lei 1/1998, do 26 de febreiro, de dereitos e garantías dos contribuíntes.

A comparecencia deberá efectuarse, no prazo de dez días contados desde o seguinte ó da publicación deste anuncio, diante da secretaría desta delegación, con enderezo na rúa Michelena 30, Pontevedra, en horario de 9.00 a 14.00 horas de luns a venres.

Transcorrido o dito prazo sen efectuarse a comparecencia, a notificación entenderase producida desde o día seguinte ó do vencemento do prazo sinalado para comparecer.

Pontevedra, 19 de decembro de 2003.

Francisco Lozano Rodríguez  
Delegado territorial de Pontevedra

### ANEXO

Interesado	Procedemento
Massó Hermanos, S.A. NIF: A-36601524 Pz/ Compostela, 23-baixo Vigo	Imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados. Expte.: 1798/95 Liq. 600300840439
Massó Hermanos, S.A. NIF: A-36601524 Pz/ Compostela, 23-baixo Vigo	Imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados. Expte.: 1798/95 Liq. 4950000966
Inmobiliaria Xaromer, S.L. NIF: B36314573 R/ Rúa Nova de Abaixo, 3-2 Pontevedra	Imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados. Expte.: 8536/98 Liq. 30016003
Construcciones García Justo, S.L. NIF: B36025989 LG/ Tomeza Toural Pontevedra	Imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados. Expte.: 9345/01 Liq. 60000029693
Martínez Vázquez, Emilio DNI: 35293463-D LG/ Camiño do Penedo Fontenla, 31 Poio	Imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados. Expte.: 4502/02 Liq. 600021012593
Loira Cabodevila Manuel DNI: 52490642-L AV/ De Marín, 4-2º A Marín	Imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados. Expte.: 5308/02 Liq. 600011060029
Construcciones Martínez Chapelá, S.L. NIF: B36336295 LG/ Sixtro Coiro, 12 Cangas	Imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados. Expte.: 7845/02 Liq. 600021039841
Construcciones Martínez Chapelá, S.L. NIF: B36336295 LG/ Sixtro Coiro, 12 Cangas	Imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados. Expte.: 7845/02 Liq. 4020000522
Rosa María López Pastoriza DNI: 15253116-E R/ Ezequiel Masoni, 24-3º A Marín	Imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados. Expte.: 9268/02 Liq. 600021046283
Monte do Santiño, S.L. NIF: B-36442655 LG/ Cunchido-Darbo, 33 Cangas	Imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados. Expte.: 10249/03 Liq. 600031100001
Pereira Blanco, Laureano DNI: 52491185-X R/ República Argentina, 7-1º A Marín	Imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados. Expte.: 11144/02 Liq. 600021034685

Interesado	Procedemento
Nieto Urrabieta, Mª Mercedes DNI: 35247412-G Tr/ 1 Pintor Laxeiro, 2-2º B Pontevedra	Imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados. Expte.: 12870/02 Liq. 4020000510
Eiroa Metre, Enrique Manuel DNI: 78734963-Y R/ Travesía de Vigo, 108-2º H Vigo	Imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados. Expte.: 15809/02 Liq. 600021056930
Iglesias Rodríguez, Miguel Ángel DNI: 36144389-G UR/ El Rosal X, nº 3-D Moaña	Imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados. Expte.: 9321/03 Liq. 4030000284
Regidor Martínez, Blas DNI: 26476150-E R/ Fernando II, nº 4-3º M Pontevedra	Imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados. Expte.: 9792/03 Liq. 4030000277
Soto Neira, Marta DNI: 36107077-k R/ Venezuela, 26-8º Vigo	Imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados. Expte.: 8521/03 Liq. 4030000215
Martínez Dopazo, Luz DNI: 77400326-J R/ Eduardo Condal, esc 5-2º A Pontevedra	Imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados. Expte.: 7219/03 Liq. 4030000162

### CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA

*Cédula do 18 de decembro de 2003, do Servizo Provincial de Transportes da Coruña, pola que se notifican as resolucións recaídas nos expedientes sancionadores incoados por infracción da normativa vixente en materia de transportes terrestres devoltas polo servizo de correos por resultaren descoñecidos os seus destinatarios ou ben porque intentada a notificación non se puido efectuar (expediente XC-01794-O-2003 e once máis).*

Por medio desta cédula notificánselles ós denunciados, cos datos e último enderezo coñecido que se sinalan no anexo, as resolucións sancionadoras dictadas polo delegado provincial da CPTOPV da Coruña, recaídas nos expedientes sancionadores que se citan no anexo.

Fáiselles saber que as ditas resolucións non esgotan a vía administrativa e que poden interpoñer recurso de alzada ante o director xeral de Transportes dentro do prazo dun mes, contado desde o día seguinte ó da publicación desta cédula. Transcorridos tres meses desde a interposición de recurso sen que se notifique a súa resolución, entenderase desestimado e quedará expedita a vía procedente.

En caso de conformidade con estas resolucións, deberán facer efectiva a multa no prazo de 15 días hábiles, mediante ingreso que deben efectuar en cal-

quera oficina do BBVA, transacción 1316, NIF S1511001H, clave 390002, e, de non facelo así, procederase ó seu cobramento pola vía de constrinximento.

Para que conste, lles sirva de notificación ós citados denunciados, e en cumprimento do disposto no artigo 59.5º da Lei 30/1992, do 26 de novembro

(BOE do 27 de novembro), de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, expido, asino e selo esta cédula na Coruña o 18 de decembro de 2003.

Gonzalo López González

Xefe do Servicio Provincial de Transportes da Coruña

### ANEXO

-Expediente -Matrícula -Denunciante	-Denunciado -Último endereço coñecido	-Feito denunciado -Data-Hora-Estrada-p.k.	-Precepto infrinxido	-Precepto sancionador	-Sanción imposta
XC-01794-O-2003 1306-BVJ G.C. de Tráfico	<i>Sprint Service, S.C.</i> Fco. Tettamancy, 8 15007 A Coruña	Realizar transporte privado complementario (productos farmacéuticos para distribución en farmacias), carecendo da correspondente autorización administrativa (tarxeta de transportes). 3-3-2003; 19.25; N-651; 24,500	Art. 103 Lei 16/1987 e art. 158 R.D. 1211/1990	Art. 143 Lei 16/1987, Art. 201 R.D. 1211/1990	150 euros
XC-02020-O-2003 M-6878-KT G.C. de Tráfico	Alberto Alegre Barrún A Conlleira, s/n 15960 Ribeira (A Coruña)	Circular transportando chatarra carecendo da tarxeta de transporte. 18-3-2003; 16.40; N-651; 7,500	Art. 103 Lei 16/1987 e art. 158 R.D. 1211/1990	Art. 143 Lei 16/1987, Art. 201 R.D. 1211/1990	150 euros
XC-02319-O-2003 C-7482-AK G.C. de Tráfico	<i>M. Blanco, S.L.</i> Elviña, 3 15008 A Coruña	Circular transportando dous turbos auxiliares para barcos, carecendo de autorización de transportes privado complementario. 2-6-2003; 10.50; N-651; 33,600	Art. 103 Lei 16/1987 e art. 158 R.D. 1211/1990	Art. 143 Lei 16/1987, Art. 201 R.D. 1211/1990	150 euros
XC-02423-O-2003 9434-BNT G.C. de Tráfico	Yurima Canga López Bauro-San Cucao, 33 33425 Llanera (Asturias)	Circular cun camión transportando produtos alimenticios e non anotando o conductor o nome e os apelidos no disco que utiliza no tacógrafo; utiliza as iniciais JC 23-4-2003; 8.45; N-634; 700,100	Art. 15 do R(CE) 3821/1985	Art. 143 Lei 16/1987, Art. 201 R.D. 1211/1990	150 euros
XC-02434-O-2003 C-1937-AN G.C. de Tráfico	<i>Montajes Cabral, S.L.</i> Médico Otero, 22 15620 Mugarbos (A Coruña)	Circular transportando recambios para automóbil, carecendo de autorización de transporte. 8-5-2003; 18.35; AC-122; 6	Art. 103 Lei 16/1987 e art. 158 R.D. 1211/1990	Art.143 Lei 16/1987, Art. 201 R.D. 1211/1990	150 euros
XC-02571-O-2003 PO-6261-AS G.C. de Tráfico	<i>Mensajería Integral Alatec, S.L.</i> Pedralonga, 73 15170 A Coruña	Circular efectuando un transporte de paquetería, carecendo da correspondente autorización administrativa (tarxeta de transportes). Tamén carece de tódolos distintivos. 14-5-2003; 20.15; A-9; 16	Art. 103 Lei 16/1987 e art. 158 R.D. 1211/1990	Art.143 Lei 16/1987, Art. 201 R.D. 1211/1990	150 euros
XC-02574-O-2003 C-2660-CH G.C. de Tráfico	<i>José Vila Cardelle y otro, S.C.</i> Zalaeta, 54 15002 A Coruña	Circular transportando carga útil (plaquetas e cemento), carecendo de tódolos distintivos relativos ó ámbito da tarxeta de transportes. 14-5-2003; 12.45; AC-410; 3,500	O.M. 25 de outubro de 1990 (BOE do 30 de outubro)	Art.143 Lei 16/1987, Art. 201 R.D. 1211/1990	90 euros
XC-02579-O-2003 C-7919-AY G.C. de Tráfico	José Ángel Cardelle Segade Ronda de Outeiro, 125-4º D 15007 A Coruña	Efectuar un transporte de material de pintura desde Melide ata A Coruña, carecendo da correspondente autorización administrativa (tarxeta de transportes). 15-5-2003; 21.10; A-9; 16	Art. 103 Lei 16/1987 e art. 158 R.D. 1211/1990	Art.143 Lei 16/1987, Art. 201 R.D. 1211/1990	150 euros
XC-02619-O-2003 C-8675-AY G.C. de Tráfico	<i>Novo Arte Madera, S.L.</i> Curros Enríquez, 27 15702 Santiago de Compostela (A Coruña)	Circular efectuando un transporte de ferramentas (utensilios de traballo), carecendo da correspondente autorización administrativa (tarxeta de transportes). Tamén carece de tódolos distintivos. 19-5-2003; 12.45; N-550; 72,000	Art. 103 Lei 16/1987 e art. 158 R.D. 1211/1990	Art. 143 Lei 16/1987, Art. 201 R.D. 1211/1990	150 euros
XC-02671-O-2003 C-7141-BH G.C. de Tráfico	Clara Camacho Montolla Santo Tomás, 7-1º 15002 A Coruña	Circular transportando roupa, portando distintivos de servizo público con autorización administrativa (tarxeta de transportes) de servizo privado complementario. Porta distintivos de servizo público de ámbito autonómico. 26-5-2003; 9.03; A-9; 25,200-f	O.M. 25 de outubro de 1990 (BOE do 30 de outubro)	Art. 143 Lei 16/1987, Art. 201 R.D. 1211/1990	90 euros
XC-02684-O-2003 C-5555-AM G.C. de Tráfico	<i>Autocares Salvado, S.A.</i> O Marquiño, s/n 15821 O Pino (A Coruña)	Circular efectuando un transporte de viaxeiros, regular temporal de uso xeral, non tendo feito o visado da tarxeta de transportes no prazo debido. Tarxeta nº 10411020-VD.N caducada o 31-3-2003. Circular efectuando un transporte de viaxeiros, regular temporal de uso xeral (feira de Arzúa, os días 8 e 22 de cada mes) carecendo do rótulo indicativo (nome da empresa, nº de concesión e poboacións de orixe e destino). 22-5-2003; 10.00; N-547; 64,500	Art. 199 b) R.D. 1211/1990, art. 83.4º R.D. 1211/1990 e O.M. 25 de outubro de 1990	Art. 143 Lei 16/1987, Art. 201 R.D. 1211/1990	90 euros

-Expediente -Matrícula -Denunciante	-Denunciado -Último enderezo coñecido	-Feito denunciado -Data-Hora-Estrada-p.k.	-Precepto infrinxido	-Precepto sancionador	-Sanción imposta
XC-02748-O-2003 0662-BTH G.C. de Tráfico	<i>Distribuciones Ber 2002, S.L.</i> Rúa Bell, parcela 19, s/n 15660 Cambre (A Coruña)	Circular transportando carga útil (iogures) realizando un transporte público carecendo dos distintivos de raio de acción da tarxeta de transporte. Circula un vehículo de aluguer sen conductor, sen levar a bordo deste o correspondente contrato de aluguer. 5-6-2003; 12.46; AC-142; 24,200	O.M. 25 de outubro de 1990, art. 24 da Orde do 20 de xullo de 1995, sobre o arrendamento de vehículos sen conductor (BOE nº 183, do 2 de agosto)	Art. 143 Lei 16/1987, Art. 201 R.D. 1211/1990	150 euros

*Cédula do 19 de decembro de 2003, do Servicio de Informes e Recursos da Dirección Xeral de Transportes, pola que se notifican as denuncias por infracción da normativa vixente en materia de transportes terrestres devoltas polo servicio de correos por resultaren descoñecidos os seus destinatarios ou ben porque intentada a notificación non se puido efectuar (expediente DX-00313-I-2003 e dous máis).*

Por medio desta cédula notificánselles ós denunciados, cos datos e último enderezo coñecido que se sinalan no anexo, as denuncias que se formularon contra eles. Por este motivo inciáronse, cos números que se indican, os correspondentes expedientes sancionadores que poden dar lugar ás sancións que tamén se citan.

Fáiselles sabe-lo dereito que os asiste de alegaren por escrito perante a Subdirección Xeral de Inspección de Transportes o que consideren conveniente, achegando ou proponendo as probas que coiden oportunas dentro dos quince días hábiles seguintes ó da publicación desta cédula.

Para que conste, lles sirva de notificación ós citados denunciados, e en cumprimento do disposto no artigo 59.5º da Lei 30/1992, do 26 de novembro (BOE do 27 de novembro), de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, expido, asino e selo esta cédula en Santiago de Compostela, 19 de decembro de 2003.

Alberto Eiras Martínez  
Xefe de servicio de Informes e Recursos

### ANEXO

-Expediente -Matrícula -Denunciante	-Denunciado -Último enderezo coñecido	-Feito denunciado -Data-Hora-Estrada-p.k.	-Precepto infrinxido	-Precepto sancionador	-Sanción proposta
DX-00313-I-2003 Varias 3544790902A2053	<i>Transportes Garcirazo, S.L.</i> Pedra Furada, 6 15100 Carballo (A Coruña)	Con data de rexistro de saída 13-3-2003, requiriuse a empresa <i>Transportes Garcirazo, S.L.</i> , para que lle remitise á Subdirección Xeral de Inspección a seguinte documentación: 1. Certificado de capacitación profesional do titular das autorizacións, ou de polo menos, 2. Copia das facturas emitidas polos portes realizados no mes de setembro de 2002, 3. Copia das ITV e das tarxetas de transportes dos vehículos relacionados nel e 4. Discos-diagrama correspondentes ós vehículos matrículas C-3860-BM e C-9451-BW durante o mes requirido, e relación de conductores que prestaron os seus servicios nos vehículos. Da documentación achegada comprobouse que se realizou transporte cos vehículos durante o mes de setembro de 2002, carecendo de autorización administrativa (tarxeta de transportes), xa que foron dadas de baixa por non visar o 31-05-2002. 8-10-2003; 12.50.08	Art. 90 Lei 16/1987 e art. 41 R.D. 1211/1990	Art. 143 Lei 16/1987, art. 201 R.D. 1211/1990	1.500 euros
DX-00321-I-2003 Obstrucción 3544790902A2053	María Gloria Rodríguez Silva Esturans, 65-2º esq. 36208 Vigo (Pontevedra)	Con data de rexistro de saída 9-5-2003, requiriuse a María Gloria Rodríguez Silva, para que no prazo de 10 días remitise á Subdirección Xeral de Inspección a seguinte documentación: 1. Copia das facturas emitidas polos portes realizados durante o mes de decembro de 2002 cos vehículos matrículas 6934-BNT e PO-2483-AZ, e 2. Copia das ITV dos citados vehículos. A recepción do requirimento tivo lugar, segundo consta no correspondente aviso de recepción, o día 15-5-2003. Transcorrido o prazo sinalado non se cumpriu co citado requirimento, o que constitúe unha infracción moi grave por obstrucción á actuación dos servicios de inspección, impedíndolle o exercicio das súas funcións. 9-10-2003; 13.40.47	Art. 33 Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres (BOE nº 182, do 31 de xullo) e art. 19 do R.D. 1211/1990, de 28 de setembro, Regulamento da Lei 16/1987 (BOE nº 241, de 8 de outubro)	Art. 143 Lei 16/1987, art. 201 R.D. 1211/1990	1500 euros

-Expediente -Matrícula -Denunciante	-Denunciado -Último endereço coñecido	-Feito denunciado -Data-Hora-Estrada-p.k.	-Precepto infrinxido	-Precepto sancionador	-Sanción proposta
DX-00341-I-2003 Obstrucción 3544790902A2053	Sonia Costas Rodríguez Larache, 19 36141 Vilaboia (Pontevedra)	Con data de rexistro de saída 28-5-2003, requíriuse á empresa <i>Transportes Regulares Fidel, S.L.</i> , para que no prazo de 10 días remitise a Subdirección Xeral de Inspección a seguinte documentación: 1. Copia das facturas emitidas polos portes realizados durante o mes de decembro de 2002 co vehículo matrícula PO-5809-BF, e 2. Copia da ITV do citado vehículo. Da documentación achegada, tal como consta en factura nº 001237 de data 30 de marzo de 2002, constatase a venda do vehículo matrícula PO-5809-BF a Sonia Costal Rodríguez. Con data de rexistro de saída 27-8-2003 requíriuse a Sonia Costas Rodríguez que achegue a documentación relativa o vehículo PO-5809-BF, máis arriba relacionada, no prazo de dez días. A recepción do requirimento tivo lugar, segundo consta no correspondente aviso de recepción, o día 5-9-2003. Transcorrido o prazo sinalado non se cumpriu co citado requirimento, o que constitúe unha infracción moi grave por obstrucción á actuación dos servizos de inspección, impedíndolle o exercicio das súas funcións. 5-11-2003; 13.21.41	Art. 33 Lei 16/1987, de 30 de xullo, de Ordenación dos Transportes Terrestres (BOE nº 182, do 31 de xullo) e art. 19 do R.D. 1211/1990, de 28 de setembro, Regulamento da Lei 16/1987 (BOE nº 241, de 8 de outubro)	Art. 143 Lei 16/1987, art. 201 R.D. 1211/1990	1.500 euros

## CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN, INDUSTRIA E COMERCIO

*Acordo do 28 de novembro de 2003, da Delegación Provincial da Coruña, polo que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 03/383).*

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro (BOE nº 285), do sector eléctrico, e no título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización administrativa e a aprobación do proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: UDESA.

Domicilio social: r/ Madrid, 1 baixo, pol. da Fontiñas, 15707 Santiago de Compostela (A Coruña).

Denominación: L.M.T.A.S. Caldelas-Camporrápado; CC.TT. Camporrápado.

Situación: Boqueixón.

Descricións técnicas:

-L.M.T. aérea-subterránea a 20 kV, de 3.615 m de lonxitude, en conductor LA-56, que parte da L.M.T. Ponte Ulla-Codeso e final no apoio nº 35 desta mesma liña no paso aéreo-subterráneo a C.T. Camporrápado II, tipo prefabricado de 250 kVA.

-L.M.T.S. a 20 kV, de 105 m, en conductor R.H.Z. de 150 mm<sup>2</sup> Al, que parte do C.T. anterior e final na L.M.T.A. Oural.

-L.M.T.S. de 20 kV, de 303 m en conductor R.H.G.Z., de 150 mm<sup>2</sup> Al, que parte do C.T. Camporrápado II e final no C.T. Camporrápado I.

-C.T. tipo caseta en Camporrápado I de 250 kVA.

-L.M.T.S. de 20 kV, de 216 m de lonxitude, en conductor R.H.Z. 150, que parte do C.T. Camporrápado I e final na L.M.T. Casal Bugallido. Concello de Vedra e Boqueixón.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán examinalo expediente e presentalas súas alegacións nesta delegación provincial, sita no edificio administrativo de Moneiros, s/n, 15071 A Coruña, no prazo de vinte días, a partir da última publicación.

A Coruña, 28 de novembro de 2003.

Jesús Espada Martínez  
Delegado provincial da Coruña

*Resolución do 20 de novembro de 2003, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 03/682-4).*

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e no artigo 125 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: *Electra Alto Miño, S.A.*

Domicilio social: Marqués de Valladares, 23-2º, 36280 Vigo.

Denominación: L.M.T. de L.M.T. Alxén a L.M.T. Salceda-Paxariña.

Situación: concellos de Salvaterra de Miño e Salceda de Caselas.

Descricións técnicas: L.M.T. aérea a 20 kV con conductor LA-110 de 1.204 m de lonxitude, con orixe no apoio C-3000/18 da L.M.T. Salceda-Paxariña, Salceda de Caselas, e remate no apoio 20 da L.M.T. Alxén, Salvaterra de Miño.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentalas súas alegacións, nesta delegación provincial, no prazo de vinte días.

Pontevedra, 20 de novembro de 2003.

Carmen Bianchi Valcarce  
Delegada provincial de Pontevedra

*Resolución do 20 de novembro de 2003, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 03/683-4).*

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e no artigo 125 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: *Electra Alto Miño, S.A.*

Domicilio social: Marqués de Valladares, 23-2º, 36280 Vigo.

Denominación: recuamento L.M.T. xeral Salvaterra-Ponteareas 4ª F. Apoio 17-28.

Situación: concello de Salvaterra de Miño.

Descricións técnicas: L.M.T. aérea a 20 kV con conductor LA-110 de 808 m de lonxitude, con orixe no apoio 17 da L.M.T. xeral Salvaterra-Ponteareas e remate no seu apoio 28. A instalación está situada nos barrios de Casal e Outeiro do concello de Salvaterra de Miño.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentalas súas alegacións, nesta delegación provincial, no prazo de vinte días.

Pontevedra, 20 de novembro de 2003.

Carmen Bianchi Valcarce  
Delegada provincial de Pontevedra

*Resolución do 24 de novembro de 2003, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 03/42-2, 6015 A.T.).*

Visto o expediente para outorgamento de autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución da instalación eléctrica que a continuación se cita:

Solicitante: BEGASA.

Domicilio social: Cidade de Viveiro, 4, 27002 Cervo.

Denominación: reelectrificación de Sargadelos.

Situación: Cervo.

Descricións técnicas:

-L.M.T. con orixe en L.M.T. existente a C.T.C. Sargadelos existente e final en C.T.I. estanco proxectado.

-C.T.I. de estanco, sobre torre metálico tipo C3000/12, con dispositivo antiescalada, potencia 50 kVA e relación de transformación 20.000/380-220 V.

-C.T.C. de Sargadelos, no que se realiza unha pequena modificación, consistente no pintado de pasamentos, tanto interiores coma exteriores. A colocación dunha reixa que impida o acceso de persoas ó transformador e a realización dun foso contedor de aceite de 285 l de capacidade.

-R.B.T. do C.T.I. estanco executada en condutores R.Z.-95 e R.Z.-50, tensados sobre apoios de formigón.

-R.B.T. do C.T. Sargadelos executada en condutores R.Z.-95 e R.Z.-50, tensados sobre apoios de formigón.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e no Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, esta delegación provincial resolve:

Autorizar e aproba-lo proxecto de execución das devanditas instalacións, das que as características se axustarán en tódalas súas partes ás que figuran nel e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente.

Contra esta resolución pódese interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Innovación, Industria e Comercio no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ó da notificación desta resolución; tamén se pode interpor calquera outro recurso que se considere pertinente.

Lugo, 24 de novembro de 2003.

Jesús Bendaña Suárez  
Delegado provincial de Lugo

*Resolución do 25 de novembro de 2003, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 03/76-2, 6049 A.T.).*

Visto o expediente para outorgamento de autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución da instalación eléctrica que a continuación se cita:

Solicitante: BEGASA.

Domicilio social: Cidade de Viveiro, 4, 27002 Lugo.

Denominación: reelectrificación de Portociño.

Situación: Viveiro.

Descricións técnicas:

-L.M.T. subterránea a C.T. Portociño con orixe en L.M.T. a C.T. Landrove 2 e final en C.T. Portociño cunha lonxitude de 765 m.

-C.T. Portociño de tipo caseta prefabricada cunha potencia inicial de 400 kVA e unha potencia proxectada de 630 kVA.

-C.T. Landrove 2 situado sobre torre metálica (árboles existentes), só se contempla o cambio do cadro de baixa cunha potencia de 100 kVA.

-R.B.T.S. realizadas en conductores R.V.-150, R.Z.-150, R.Z.-95 e R.Z.-50 que alimentarán as zonas de Cristo, Arade, Toxeiras e Landrove cunha lonxitude de 2.885 m.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e no Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, esta delegación provincial resolve:

Autorizar e aproba-lo proxecto de execución das devanditas instalacións, das que as características se axustarán en tódalas súas partes ás que figuran nel e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente.

Contra esta resolución pódese interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Innovación, Industria e Comercio no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ó da notificación desta resolución; tamén se pode interpor calquera outro recurso que se considere pertinente.

Lugo, 25 de novembro de 2003.

Jesús Bendaña Suárez  
Delegado provincial de Lugo

*Resolución do 27 de novembro de 2003, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 02/140-2, 5928 A.T.).*

Visto o expediente para outorgamento de autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución da instalación eléctrica que a continuación se cita:

Solicitante: BEGASA.

Domicilio social: Cidade de Viveiro, 4, 27002 Lugo.

Denominación: L.A.T. subt. enlace entre C.T. Pedrón e C.T. vivendas sociais.

Situación: Lourenzá.

Descricións técnicas: L.M.T.S. de 20 kV con 1.057 m de lonxitude conductor tipo R.H.Z.-1 con orixe no C.T. existente Pedrón entrada e saída no C.T. existente vivendas sociais e final no C.T. existente Mármol do Campo.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e no Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, esta delegación provincial resolve:

Autorizar e aproba-lo proxecto de execución das devanditas instalacións, das que as características se axustarán en tódalas súas partes ás que figuran nel e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente.

Contra esta resolución pódese interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Innovación, Industria e Comercio no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ó da notificación desta resolución; tamén se pode interpor calquera outro recurso que se considere pertinente.

Lugo, 27 de novembro de 2003.

Jesús Bendaña Suárez  
Delegado provincial de Lugo

*Resolución do 28 de novembro de 2003, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 03/72-2, 6079 A.T.).*

Visto o expediente para outorgamento de autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución da instalación eléctrica que a continuación se cita:

Solicitante: BEGASA.



Domicilio social: Cidade de Viveiro, 4, 27002 Lugo.

Denominación: reelectrificación de estrada de Castro e Cornide.

Situación: Outeiro de Rei e Castro de Rei.

Descricións técnicas:

-R.B.T. aérea estrada de Castro realizada en conductor R.Z.-95 tensados sobre apoios de formigón ou grampada sobre fachada, partindo de C.T. Monteverde; alimentará o lugar de estrada de Castro cunha lonxitude de 560 m.

-R.B.T. aérea de Cornide realizada en conductores illados de denominación R.Z.-95 e R.Z.-50 tensados sobre apoios de formigón, madeira ou grampados sobre fachada, partindo do C.T. Cornide; alimentará os lugares de Pecouzo, Cornide de Arriba, Cornide de Abaixo e Castro cunha lonxitude de 3.680 m.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e no Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, esta delegación provincial resolve:

Autorizar e aproba-lo proxecto de execución das devanditas instalacións, das que as características se axustarán en tódalas súas partes ás que figuran nel e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente.

Contra esta resolución pódese interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Innovación, Industria e Comercio no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ó da notificación desta resolución; tamén se pode interpor calquera outro recurso que se considere pertinente.

Lugo, 28 de novembro de 2003.

Jesús Bendaña Suárez  
Delegado provincial de Lugo

*Resolución do 9 de decembro de 2003, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 03/299).*

Visto o expediente para outorgamento de autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución da instalación eléctrica que a continuación se cita:

Solicitante: *Unión Fenosa Distribución, S.A.*

Domicilio social: avda. de Arteixo, 171, 15007 A Coruña.

Denominación: L.M.T.S. peirao Centenario (Medusa).

Situación: A Coruña.

Descricións técnicas: liña eléctrica subterránea de media tensión a 15/20 kV, baixo tubo e con conductor R.H.V. 12/20 kV de 3 (1×240) mm<sup>2</sup> Al, de 801 metros de lonxitude, coa orixe no centro de seccionamento nº 2 e final en centro de seccionamento Frigorífica-Botana/C.T. peirao San Diego. Concello da Coruña.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico (BOE nº 285), e no título VII, capítulo II, do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, esta delegación provincial resolve:

Autorizar e aproba-lo proxecto de execución das devanditas instalacións, das que as características se axustarán en tódalas súas partes ás que figuran nel e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación.

As instalacións executaranse nun prazo non superior a seis meses, contados a partir da data desta resolución.

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Innovación, Industria e Comercio no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ó da notificación desta resolución; tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

A Coruña, 9 de decembro de 2003.

Jesús Espada Martínez  
Delegado provincial da Coruña

*Resolución do 9 de decembro de 2003, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 03/303).*

Visto o expediente para outorgamento de autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución da instalación eléctrica que a continuación se cita:

Solicitante: *Unión Fenosa Distribución, S.A.*

Domicilio social: avda. de Arteixo, 171, 15007 A Coruña.

Denominación: recuamento L.M.T.S. en r/ Maiola.

Situación: Ferrol.

Descricións técnicas: liña eléctrica subterránea de media tensión a 15 kV, baixo tubo e con conductor R.H.V. 12/20 kV de 3 (1×240) mm<sup>2</sup> Al, de 76 metros de lonxitude, coa orixe e final na liña Santa Mariña-Insua, desde cruzamento r/ Alegre con r/ Maiola

ata cruzamento de r/ Maiola con r/ Pérez Parralle. Concello de Ferrol.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico (BOE nº 285), e no título VII, capítulo II, do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, esta delegación provincial resolve:

Autorizar e aproba-lo proxecto de execución das devanditas instalacións, das que as características se axustarán en tódalas súas partes ás que figuran nel e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación.

As instalacións executaranse nun prazo non superior a seis meses, contados a partir da data desta resolución.

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Innovación, Industria e Comercio no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ó da notificación desta resolución; tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

A Coruña, 9 de decembro de 2003.

Jesús Espada Martínez  
Delegado provincial da Coruña

*Resolución do 9 de decembro de 2003, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 03/305).*

Visto o expediente para outorgamento de autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución da instalación eléctrica que a continuación se cita:

Solicitante: *Unión Fenosa Distribución, S.A.*

Domicilio social: avda. de Arteixo, 171, 15007 A Coruña.

Denominación: L.M.T.S. e C.T.S. Alcalde Electo Carballo.

Situación: Culleredo.

Descricións técnicas: liña de media tensión eléctrica subterránea a 15 kV de 225 metros, coa orixe en L.M.T.S., C.T. urbanización Cordeda (expediente 121/01) e final na L.M.T.S., C.T. urbanización Cordeda (expediente 121/01), con conductor R.H.Z.-1 12/20 kV 3 (1×240) mm<sup>2</sup> Al.

Centro de transformación prefabricado, Alcalde Electo Carballo nº 1, cunha potencia de 630 kVA e unha relación de transformación 15/0,380-0,220 kV.

Centro de transformación prefabricado, Alcalde Electo Carballo nº 2, cunha potencia de 630 kVA e unha relación de transformación 15/0,380-0,220 kV. Concello de Culleredo.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico (BOE nº 285), e no título VII, capítulo II, do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, esta delegación provincial resolve:

Autorizar e aproba-lo proxecto de execución das devanditas instalacións, das que as características se axustarán en tódalas súas partes ás que figuran nel e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación.

As instalacións executaranse nun prazo non superior a seis meses, contados a partir da data desta resolución.

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Innovación, Industria e Comercio no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ó da notificación desta resolución; tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

A Coruña, 9 de decembro de 2003.

Jesús Espada Martínez  
Delegado provincial da Coruña

*Resolución do 19 de decembro de 2003, da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, pola que se autoriza, se aproba o proxecto de execución e se recoñece a condición de instalación acollida ó réxime especial de produción eléctrica, regulamentado polo Real decreto 2818/1998, do 23 de decembro, á central hidroeléctrica da Merca, promovida pola empresa Hidroeléctrica de La Merca, S.L., no termo municipal da Merca, Ourense.*

Visto o escrito achegado pola sociedade *Hidroeléctrica de La Merca, S.L.*, con CIF nº B-82394024 e con enderezo na rúa Sáenz Díaz nº 43, sollado, 32003 Ourense, solicitando a autorización administrativa, a aprobación do proxecto de execución e o recoñecemento como instalación acollida ó réxime especial de produción eléctrica, do proxecto hidroeléctrico arriba epigrafiado, resultan os seguintes

Antecedentes de feito:

Primeiro.-De conformidade co disposto no Real decreto 916/1985, de 25 de maio, de tramitación de concesións e autorizacións administrativas para a instalación, ampliación ou adaptación de aproveitamentos hidroeléctricos con potencia non superior a 5.000 kVA, someteuse a información pública, no BOP de Ourense do 12 de febreiro de 1988, a solicitude de concesión, autorización administrativa e declaración de utilidade pública, para os efectos de expropiación forzosa e imposición de servidumes, correspondente á instalación dun aproveitamento hidroeléctrico no río Arnoia, no termo muni-

cial da Merca, Ourense, e promovido pola empresa *Ibérica de Energías, S.A.*

Segundo.-Con data do 7 de maio de 1990, a *Confederación Hidrográfica del Norte* outorgou por resolución, a *Ibérica de Energías, S.A.*, a concesión para derivar 15.000 l/s de auga do río Arnoia, con destino á produción de enerxía eléctrica.

Terceiro.-Este aproveitamento foi transferido o 1 de agosto de 2000 a favor de *Hidroeléctrica de La Merca, S.L.*, quedando o novo titular subrogado en tódolos dereitos e obrigas que correspondían ó anterior concesionario.

Cuarto.-Conforme o disposto no Decreto 327/1991, do 4 de outubro, de avaliación de efectos ambientais para Galicia, a Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, mediante Resolución do 25 de setembro de 2000, formulou a declaración de efectos ambientais do aproveitamento hidroeléctrico da Merca.

Quinto.-Antonio Vázquez Fernández, en representación da sociedade *Hidroeléctrica de La Merca, S.L.*, solicitou, o 22 de xuño de 2001, o recoñecemento da Central Hidroeléctrica da Merca como instalación acollida ó réxime especial de produción eléctrica regulamentado polo Real decreto 2818/1998, do 23 de decembro, sobre produción de enerxía eléctrica por instalacións abastecidas por recursos ou fontes de enerxía renovables, residuos e coxeración.

Sexto.-A Confederación Hidrográfica del Norte, na súa Resolución do 31 de xullo de 2003, resolveu modifica-la concesión de 15.000 l/s de auga do río Arnoia, de titularidade de *Hidroeléctrica de La Merca, S.L.* con destino á produción de enerxía eléctrica, nos termos municipais da Merca e Allariz, central da Merca, no sentido de diminuí-lo caudal ata 14.000 l/s e aprobar, na mesma resolución, o proxecto constructivo do aproveitamento.

Sétimo.-As instalacións do aproveitamento hidroeléctrico da Merca, segundo o proxecto denominado Legalización da central hidráulica de 4.976 kW, propiedade de *Hidroeléctrica de La Merca, S.L.*, no río Arnoia, realizado polo enxeñeiro técnico industrial Elena Moure Rodríguez e visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Ourense, e para o cal a empresa promotora solicitou, o día 14 de xuño de 2003, a autorización administrativa das instalacións electromecánicas e aprobación do proxecto de execución, teñen as seguintes características:

- Río: Arnoia.
- Caudal máximo derivado: 14.000 l/s.
- Caudal ecolóxico medio anual: 2.050 l/s.
- O aproveitamento consta dun azude de derivación que, embalsando auga ata a elevación de 399,00 m.s.n.m., deriva auga pola súa marxe esquerda a través duna canle de 2.317,94 metros ata a cámara de carga onde se inicia o entubado forzado de 149,51 metros de lonxitude. A auga así derivada

é turbinada no edificio da central e restituída, a través dunha canle de desaugamento de 46,46 metros de lonxitude, ó leito público á cota de 347,50 m.s.n.m.

-Salto bruto: 51,5 m.

-Dúas turbinas Francis de eixe horizontal que, aproveitando un caudal de 7.000 l/s e un salto útil de 46 m, posúen unha potencia unitaria de 2.445 kW cada unha.

-Cada unha das turbinas anteriores están acopladas a un alternador síncrono de eixe vertical de 2.488 kW de potencia nominal unitaria, 50 Hz de frecuencia, 750 r.p.m. de velocidade de xiro, 0,9 de factor de potencia e 6 kV de tensión de xeración.

-Un transformador de 5.000 kVA e unha relación de transformación de 6/20 kV.

-Un transformador de servizos auxiliares de 50 kVA e unha relación de transformación de 0,4/20 kV.

-Producción media anual estimada: 18.062 MWh.

-Orzamento das instalacións aprobadas: 1.242.806,29 euros.

-Instalacións de protección, manobra, mando, sinalización, medida e interconexión coa empresa distribuidora.

Oitavo.-A Delegación Provincial da Consellería de Innovación, Industria e Comercio de Ourense e o Servicio de Enerxías Renovables da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, emitiron informes favorables proponendo, a autorización e a aprobación do proxecto de execución por unha parte, e o recoñecemento como instalación incluída no réxime especial de produción eléctrica por outra.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.-A Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas é competente para resolver este expediente con fundamento no Estatuto de autonomía de Galicia, Real decreto 2563/1982, do 24 de xullo, o Decreto 132/1982, do 4 de novembro, e o Decreto 223/2003, do 11 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Innovación, Industria e Comercio, con relación co Real decreto 916/1985, do 25 de maio, modificado polo Real decreto 249/1988, do 18 de marzo, Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, e o Real decreto 2818/1998, do 23 de decembro, xa mencionados.

Segundo.-No expediente instruído para o efecto cumpríronse os trámites regulamentarios.

Esta dirección xeral, de acordo con todo o que antecede e no exercicio das competencias que ten atribuídas

**RESOLVE:**

-Autorizar administrativamente as instalacións electromecánicas do aproveitamento da Central Hidroeléctrica da Merca promovido pola empresa *Hidroeléctrica de la Merca, S.L.*, termo municipal da Merca, Ourense.

-Aproba-lo proxecto de execución do aproveitamento anteriormente autorizado.

-Recoñecer á central da Merca a condición de instalación acollida ó réxime especial de produción eléctrica regulamentada polo Real decreto 2818/1998, do 23 de decembro, e incluíla no grupo b.4) a que fai referencia o artigo 2º do devandito real decreto.

Todo iso de acordo coas condicións seguintes:

Primeira.-As instalacións que se autorizan haberán de realizarse de acordo coas especificacións e planos que figuran no proxecto presentado pola empresa co orzamento indicado nel.

Segunda.-O petionario asegurará o mantemento e vixilancia correcta das instalacións durante a construción e despois da súa posta en servizo, co fin de garantir que en todo momento se manterán as condicións regulamentarias de seguridade.

Terceira.-En todo momento deberá cumprirse canto establece o Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en centrais eléctricas, subestacións e centros de transformación, e as súas instrucións técnicas complementarias segundo Decreto 3275/1982, do 12 de novembro e ordes posteriores, así como demais normativas e directrices vixentes que sexan de aplicación.

Cuarta.-Para introducir modificacións nas instalacións que afecten a datos básicos do proxecto será necesaria a previa autorización desta Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas. Así mesmo, a Delegación Provincial de Innovación, Industria e Comercio de Ourense poderá autorizar as modificacións de detalle do proxecto que resulten procedentes, debendo comunicar a esta dirección xeral tódalas resolucións que dicte en aplicación da dita facultade.

Quinta.-O prazo para a posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data de ocupación dos terreos.

Unha vez construídas as instalacións autorizadas, a Delegación Provincial da Consellería de Innovación, Industria e Comercio de Ourense inspeccionará a totalidade das obras e montaxes efectuadas.

Sexta.-Como requisito necesario para a aplicación á citada instalación do réxime especial, o promotor deberá inscribir esta no Rexistro de Instalacións de Producción de Enerxía Eléctrica en Réxime Especial da Comunidade Autónoma de Galicia, creado pola orde da Consellería de Industria e Comercio do 5 de xuño de 1995 (DOG do 14 de xullo), para o que acreditará o cumprimento das condicións previstas no artigo 12 do Real decreto 2818/1998, presentando a documentación que figure nas instrucións que dicte esta dirección xeral en desenvolvemento da dita orde.

A instalación adaptarase ó procedemento de captación e procesamento de datos de produción de enerxía eléctrica de Galicia regulamentado pola Orde de 29 de xullo de 2002 (DOG do 13 de agosto).

Sétima.-A Administración resérvase o dereito de deixar sen efecto esta autorización por calquera das causas establecidas no artigo 34 do Decreto 1775/1967, do 22 de xullo, por incumprimento das condicións impostas ou por calquera outra causa excepcional que o xustifique.

Oitava.-Esta autorización outórgase sen prexuízo de terceiros e independentemente das autorizacións, licencias ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

Contra esta resolución, que non é definitiva en vía administrativa, poderá interpor recurso de alzada, ante o conselleiro de Innovación, Industria e Comercio da Xunta de Galicia, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte a súa publicación.

Santiago de Compostela, 19 de decembro de 2003.

Ramón Ordás Badía

Director xeral de Industria, Enerxía e Minas

## CONSELLERÍA DE POLÍTICA AGROALIMENTARIA E DESENVOLVEMENTO RURAL

*Resolución do 22 de decembro de 2003, da Dirección Xeral de Industrias e Promoción Agroalimentaria, sobre as constitucións, modificacións, baixas provisionais, disolucións e cancelacións das sociedades agrarias de transformación (SAT) que se citan.*

En cumprimento das funcións que lle están atribuídas á Dirección Xeral de Industrias e Promoción Agroalimentaria, e para xeral coñecemento, acórdase publicar a relación das sociedades agrarias de transformación constituídas conforme o Real decreto 1776/1981, do 3 de agosto, e a orde da Consellería de Política Agroalimentaria, do 29 de abril de 1988, inscritas no Rexistro de SSAATT de Galicia, así como as modificacións, baixas provisionais, disolucións e cancelacións que se citan.

Constitución:

Da Sociedade Agraria de Transformación *Castrelo SAT* nº 1220 Xuga, de responsabilidade limitada e cunha duración indefinida, con enderezo en Vila-reda-Palas de Rei (Lugo); obxecto social: explotación en común de terras e gando; capital social: 236.946 euros; nº de socios: 3.

Da Sociedade Agraria de Transformación *Dani-berro SAT* nº 1221 Xuga, de responsabilidade limitada e cunha duración indefinida, con enderezo en Pude-San Simón da Costa-Vilalba (Lugo); obxecto social: explotación dunha gandería de vacún de leite e fabricación artesanal de queixo; capital social: 600 euros; nº de socios: 3.

Da Sociedade Agraria de Transformación *Prolesa SAT* nº 1222 Xuga, de responsabilidade limitada e cunha duración ilimitada, con enderezo en San Xulián da Veiga, s/n-Sarria (Lugo); obxecto social: produción gandeira; capital social: 2.856.636 euros; nº de socios: 15.

Da Sociedade Agraria de Transformación *Fernández SAT* nº 1223 Xuga, de responsabilidade limitada e cunha duración indefinida, con enderezo en Mourelle-Bretoña-A Pastoriza (Lugo); obxecto social: explotación dunha gandería de vacún de leite; capital social: 150.300 euros; nº de socios: 4.

Da Sociedade Agraria de Transformación *Casa Pedreira SAT* nº 1224 Xuga, de responsabilidade limitada e cunha duración ilimitada, con enderezo no Prado-Papucín-Frades (A Coruña); obxecto social: produción agrogandeira; capital social: 165.900 euros; nº de socios: 3.

Da Sociedade Agraria de Transformación *Eiravedra SAT* nº 1225 Xuga, de responsabilidade limitada e cunha duración indefinida, con enderezo en Eiravedra-Balmonte-Castro de Rei (Lugo); obxecto social: explotación dunha gandería de vacún de leite; capital social: 900 euros; nº de socios: 3.

Da Sociedade Agraria de Transformación *Sanchiño Castro SAT* nº 1226 Xuga, de responsabilidade limitada e cunha duración ilimitada, con enderezo no Castro-A Maroñas-Mazaricos (A Coruña); obxecto social: produción gandeira; capital social: 72.000 euros; nº de socios: 3.

Da Sociedade Agraria de Transformación *Vilasar SAT* nº 1227 Xuga, de responsabilidade limitada e cunha duración ilimitada, con enderezo en Vilar do Monte-San Román-Santiso (A Coruña); obxecto social: produción gandeira; capital social: 160.000 euros; nº de socios: 4.

Da Sociedade Agraria de Transformación *Franza SAT* nº 1228 Xuga, de responsabilidade limitada e cunha duración indefinida, con enderezo en Franza 2 - Veiga - Chantada (Lugo); obxecto social: produción de leite e carne; capital social: 113.760 euros; nº de socios: 3.

Da Sociedade Agraria de Transformación *Gocalvesa SAT* nº 1229 Xuga, de responsabilidade limitada e cunha duración ilimitada, con enderezo no Castro-San Breixo s/n-Monterroso (Lugo); obxecto social: produción gandeira; capital social: 261.000 euros; nº de socios: 6.

#### Modificación:

A Sociedade Agraria de Transformación *Poupariña SAT* nº 1195 Xuga, na asemblea xeral que tivo lugar o 11 de agosto de 2003, acorda aumentalo capital social en 215.490 euros, pasando de 900 euros, a un definitivo capital social de 216.390 euros, en 21.639 xustificantes de 10 euros cada un.

A Sociedade Agraria de Transformación *Casa Carballo SAT* nº 1023 Xuga, na asemblea xeral que tivo lugar o 7 de abril de 2003, con asistencia de

tódolos socios, acorda a elección de nova xunta rectora integrada por José Villamide Díaz, presidente; José Villamide López, secretario e María del Carmen López Veiga, vocal.

A Sociedade Agraria de Transformación *Malde SAT* nº 731 Xuga, na asemblea xeral extraordinaria do 3 de abril de 2003, acorda por unanimidade:

1º A alta dun socio e a baixa de dous socios, reducíndose o capital social a 3.921,60 euros en 3 xustificantes de 1.307,20 euros cada un.

2º A renovación da xunta rectora, que queda integrada por José Rodríguez Taracido, presidente; Ana María Rodríguez Rei, secretaria e Isabel Rodríguez Rodríguez, vocal.

A Sociedade Agraria de Transformación *Ferto SAT* nº 1168 Xuga, na asemblea xeral que tivo lugar o 11 de agosto de 2003, acorda un aumento do capital social en 201.000 euros, pasando de 900 euros a un definitivo capital social de 201.900 euros, en 20.190 xustificantes de 10 euros cada un.

A Sociedade Agraria de Transformación *Viveiros Río Tollo SAT* nº 1130 Xuga, na asemblea xeral extraordinaria do 3 de outubro de 2003, acorda por unanimidade:

1º Baixa do socio Ventura Pérez Mariño por solicitude, sen variación no capital social establecido, participado con 168 xustificantes de 60,10 euros por cada un dos 5 socios.

2º Desembolso do capital social pendente de 37.863,76 euros (antes 6.300.000 ptas) do establecido en 50.485,02 euros (antes 8.400.000 ptas) en 840,02 xustificantes de 60,10 euros cada un.

3º Aumento do capital social en 94.564,98 euros e cambio do valor do xustificante a 50 euros, pasando de 50.485,02 euros, a un definitivo capital social de 145.050 euros, en 2.901 xustificantes de 50 euros cada un.

4º Elección de nova xunta rectora integrada por José Collazo Alonso, presidente; María Soledad Rodríguez Ozores, secretaria; Santos Rodríguez Ozores, vocal-tesoureiro e Joaquín Álvarez Martínez, vocal.

A Sociedade Agraria de Transformación *Galiplant SAT* nº 870 Xuga, na asemblea xeral que tivo lugar o 24 de outubro de 2003, acorda por unanimidade:

1º Baixa dos socios: Jorge Fernández Vizoso e Daniel Lima Gómez, sen variación do capital social.

2º Cambio do valor do xustificante a 481 euros, pasando dun capital social de 48.080,97 euros a un definitivo capital social de 48.100 euros en 100 xustificantes de 481 euros cada un, dándose un aumento do capital social de 20,03 euros, que confirma o capital social establecido.

3º Elección de xunta rectora, integrada por: presidenta, Elena Pérez González; secretario, Jorge Santoro de Membiela, e vocais Rafael Pérez González e José Carlos Vila Costas.

A Sociedade Agraria de Transformación *Santa Lucía SAT* nº 1111 Xuga, na asemblea xeral que tivo lugar o 21 de novembro de 2003, acorda por unanimidade: o cambio do valor do xustificante a 601 euros e aumenta-lo capital social en 39.666,78 euros a partes iguais entre os tres socios, pasando a un definitivo capital social de 396.667,78 euros en 660 xustificantes de 601 euros, participado con 220 xustificantes cada socio.

A Sociedade Agraria de Transformación *Villamayor de Negral SAT* nº 441 Xuga, na asemblea xeral que tivo lugar o 1 de decembro de 2003, acordan por unanimidade:

1º A baixa dun socio sen variación no capital social, por adquisición dos xustificantes a partes iguais entre os socios.

2º Cambio do valor do xustificante a 602 euros e aumento do capital social en 48.762 euros, pasando de 84.882 euros a un definitivo capital social de 133.644 euros en 222 xustificantes de 602 euros cada un.

A Sociedade Agraria de Transformación *Fontecoba SAT* nº 1205 Xuga, na asemblea xeral que tivo lugar o 4 de novembro de 2003, acorda por unanimidade dar de alta un socio, producíndose un aumento de capital social que pasa de 157.200 euros, a un definitivo capital social de 224.700 euros en 2.247 xustificantes de 100 euros cada un.

A Sociedade Agraria de Transformación *Gasalla SAT* nº 1134 Xuga, na asemblea xeral que tivo lugar o 15 de xullo de 2003, acorda por unanimidade un aumento de capital social de 39.666 euros, pasando de 149.652,15 euros a un definitivo capital social de 189.318,15 euros, con 315 xustificantes de 601,01 euros cada un.

A Sociedade Agraria de Transformación *Finca A Cheda SAT* nº 976 Xuga, na asemblea xeral que tivo lugar o 30 de setembro de 2003, acorda por maioría a renovación da xunta rectora, que integran: Eloy Sánchez Montaña, presidente; Carmen Mandayo Suárez, secretaria e Josefa Mandayo Suárez, vocal.

Baixa provisional:

A Sociedade Agraria de Transformación *Visones de Couso SAT* nº 524 Xuga, por mandamento en Verín o 28 de xullo de 2003 pola Delegación da Axencia Estatal da Administración Tributaria, dáse de baixa provisional no índice das entidades.

A Sociedade Agraria de Transformación *Areal SAT* nº 721 Xuga, por mandamento en Verín o 28 de xullo de 2003 pola Delegación da Axencia Estatal da Administración Tributaria, dáse de baixa provisional no índice das entidades.

A Sociedade Agraria de Transformación *Rosende SAT* nº 625 Xuga, por mandamento en Ourense o 1 de xullo de 2003 pola Delegación da Axencia Estatal da Administración Tributaria, dáse de baixa provisional no índice das entidades.

Disolución:

A Sociedade Agraria de Transformación *Irmáns López SAT* nº 845 Xuga, na asemblea xeral que tivo lugar o 14 de febreiro de 2003, coa presenza de tódolos socios, acorda por maioría aproba-la súa disolución e nomea os socios liquidadores.

A Sociedade Agraria de Transformación *Fonte Almesendre SAT* nº 593 Xuga, na asemblea xeral que tivo lugar o 30 de setembro de 2003, coa presenza da totalidade dos socios, acorda por unanimidade aproba-la súa disolución e nomea os socios liquidadores.

A Sociedade Agraria de Transformación *Portogano SAT* nº 468 Xuga, na asemblea xeral que tivo lugar o 25 de outubro de 2003, acorda por maioría aproba-la súa disolución e nomea os socios liquidadores.

A Sociedade Agraria de Transformación *Os Forraxeiros SAT* nº 1065 Xuga, na asemblea xeral que tivo lugar o 20 de novembro de 2003, acorda por maioría aproba-la súa disolución e nomea os socios liquidadores.

A Sociedade Agraria de Transformación *A Fábrica SAT* nº 609 Xuga, na asemblea xeral extraordinaria do 12 de novembro de 2003, coa asistencia de 63 socios, acorda por maioría aproba-la súa disolución e nomea os socios liquidadores.

Cancelación:

A Sociedade Agraria de Transformación *Irmáns López SAT* nº 845 Xuga, na asemblea xeral que tivo lugar o 24 de marzo de 2003, acorda por maioría aproba-lo informe-balance final e a súa cancelación.

A Sociedade Agraria de Transformación *Fonte Almesendre SAT* nº 593 Xuga, na asemblea xeral que tivo lugar o 31 de outubro de 2003, acorda por unanimidade aproba-lo informe-balance final e a súa cancelación.

A Sociedade Agraria de Transformación *Portogano SAT* nº 468 Xuga, na asemblea xeral que tivo lugar o 27 de outubro de 2003, acorda coa totalidade dos socios aproba-lo informe-balance final e a súa cancelación.

A Sociedade Agraria de Transformación *Os Forraxeiros SAT* nº 1065 Xuga, na asemblea xeral que tivo lugar o 11 de decembro de 2003, acorda por unanimidade aproba-lo informe-balance final e a súa cancelación.

A Sociedade Agraria de Transformación *A Fábrica SAT* nº 609 Xuga, na asemblea xeral que tivo lugar o 14 de decembro de 2003, acorda por maioría absoluta aproba-lo informe-balance final e a súa cancelación.

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2003.

Secundino Grobas Mosquera  
Director xeral de Industrias e Promoción  
Agroalimentaria

**CONSELLERÍA DE FAMILIA,  
XUVENTUDE, DEPORTE  
E VOLUNTARIADO**

*Resolución do 18 de novembro de 2003  
pola que se fai pública a adxudicación  
da subministración de material informá-  
tico para as delegacións provinciais.*

1. Entidade adxudicadora.
    - a) Organismo: Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado.
    - b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría Xeral.
    - c) Número de expediente: 22/2003.
  2. Obxecto do contrato.
    - a) Tipo de contrato: subministración.
    - b) Descrición do obxecto: subministración de material informático para as delegacións provinciais.
    - d) Boletín e diario oficial e data de publicación do anuncio de licitación: DOG nº 206, do 23 de outubro de 2003.
  3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.
    - a) Tramitación: urxente.
    - b) Procedemento: aberto.
    - c) Forma: concurso público.
  4. Orzamento base de licitación: 125.000 euros.
  5. Adxudicación.
    - a) Data: 24 de novembro de 2003.
    - b) Contratista: *Cemiga, S.A.*
    - c) Nacionalidade: española.
    - d) Importe de adxudicación: 124.999 euros.
- Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2003.

Pilar Rojo Noguera  
Conselleira de Familia, Xuventude,  
Deporte e Voluntariado

*Resolución do 18 de decembro de 2003  
pola que se fai pública a adxudicación  
da adquisición de material informático  
para os centros xuvenís de Carballo e San-  
tiago de Compostela.*

1. Entidade adxudicadora.
  - a) Organismo: Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado.
  - b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría Xeral.
  - c) Número de expediente: 21/2003.

2. Obxecto do contrato.

- a) Tipo de contrato: subministración.
  - b) Descrición do obxecto: adquisición de material informático para os centros xuvenís de Carballo e Santiago de Compostela.
  - c) División por lotes e números:
    - Lote 1: ordenadores persoais.
    - Lote 2: impresoras.
    - Lote 3: material redes.
  - d) Boletín e diario oficial e data de publicación do anuncio de licitación: DOG nº 207, do 24 de outubro de 2003.
3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.
- a) Tramitación: urxente.
  - b) Procedemento: aberto.
  - c) Forma: concurso público.
4. Orzamento base de licitación: 223.000 euros.
5. Adxudicación.
- a) Data: 26 de novembro de 2003.

Lote 1:

- b) Contratista: *Qed Systems, S.L.*
- c) Nacionalidade: española.
- d) Importe de adxudicación: 198.500 euros.

Lote 2:

- b) Contratista: *N.R.G. Gropu Spain, S.A.*
- c) Nacionalidade: española.
- d) Importe de adxudicación: 15.988 euros.

Lote 3:

- b) Contratista: *G.S.T., S.L.*
- c) Nacionalidade: española.
- d) Importe de adxudicación: 6.972,54 euros.

Santiago de Compostela, 18 de decembro de 2003.

Pilar Rojo Noguera  
Conselleira de Familia, Xuventude, Deporte  
e Voluntariado

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE**

*Resolución do 15 de decembro de 2003,  
da Delegación Provincial de Pontevedra,  
de notificación da resolución do expedien-  
te sancionador PO-I-03/88 e tres máis  
(incendios-Pontevedra).*

De conformidade co disposto no artigo 59.4º da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, do 26 de novembro de 1992 (BOE do 27 de novembro), noti-

fícaselle á persoa que no anexo se menciona, a resolución do dito expediente, por infracción á Lei 81/1968, do 5 de decembro, sobre incendios forestais e o seu Regulamento, do 23 de decembro.

O importe da sanción farase efectivo mediante o impreso que ten á súa disposición no Servicio Técnico Xurídico da Delegación Provincial de Medio Ambiente en Pontevedra, Benito Corbal 47, 5ª planta. O período voluntario de pagamento será, segundo o artigo 20.2º do Regulamento xeral de recadación: a) As notificadas entre os días 1 e 15 de cada mes, desde a data da notificación ata o día 5 do mes seguinte ou inmediato hábil posterior. b) As notificadas entre os días 16 e último de cada mes, desde a data de notificación ata o día 20 do mes seguinte ou inmediato hábil posterior e unha vez producida

a firmeza desta resolución -firmeza que se producirá ó non interpoñer recurso de alzada dentro do prazo. As débedas non satisfeitas nos períodos citados nos puntos anteriores, esixiranse en vía de constrinximento.

Non obstante, de acordo co artigo 114 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, contra esta resolución e no prazo dun mes poderase interpoñer recurso ordinario ante o conselleiro de Medio Ambiente da Xunta de Galicia.

Pontevedra, 15 de decembro de 2003.

José Antonio López Rodríguez  
Delegado provincial de Pontevedra

### ANEXO

Expediente	Denunciado Último enderezo coñecido	Feito denunciado	Preceptos		Sanción
			Infrinxido	Sancionador	
PO-I-03/88	Rui Alberto Marqués Moreira Urzaiz, 571 36205 Vigo	Abandono dun vehículo en zona forestal	Artigo 137 e) do regulamento da LIF	Artigo 139 do regulamento da LIF	300,51 euros
PO-I-03/89	Rui Alberto Marqués Moreira Urzaiz, 571 36205 Vigo	Abandono dun vehículo en zona forestal	Artigo 137 e) do regulamento da LIF	Artigo 139 do regulamento da LIF	300,51 euros
PO-I-03/98	Primer Argentinos, S.L. San Cosme, 60-Cela 36415 Mos	Abandono dun vehículo en zona forestal	Artigo 137 e) do regulamento da LIF	Artigo 139 do regulamento da LIF	300,51 euros
PO-I-03/106	Abessamad Mihraje Asnelle de Abaixo, 11-Reboreda 36818 Redondela	Abandono dun vehículo en zona forestal	Artigo 137 e) do regulamento da LIF	Artigo 139 do regulamento da LIF	300,51 euros

*Resolución do 2 de xaneiro de 2004, da Secretaría Xeral da Consellería de Medio Ambiente, pola que se anuncia a licitación, polo sistema de concurso público e procedemento aberto, para a contratación do servizo de limpeza do Centro de Investigacións Forestais e Ambientais de Lourizán (Pontevedra).*

1. Entidade adxudicadora.

1.1. Organismo: Consellería de Medio Ambiente.

1.2. Dependencia que tramita: Secretaría Xeral.

2. Obxecto do contrato.

2.1. Descrición do obxecto: realización do servizo de limpeza do Centro de Investigacións Forestais e Ambientais de Lourizán (Pontevedra).

2.2. Prazo de execución: 1 ano contado desde a sinatura do contrato.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

3.1. Tramitación: ordinaria.

3.2. Procedemento: aberto.

3.3. Forma: concurso público.

4. Orzamento base de licitación.

Importe total: trinta e un mil (31.000) euros.

5. Fianza provisional: non se esixe.

6. Fianza definitiva: 4% do orzamento de adxudicación.

7. Documentación e información.

7.1. Documentación.

Os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán esta contratación estarán á disposición dos interesados, durante o prazo de presentación de proposicións, na Subdirección Xeral de Xestión Orzamentaria e Contratación, sita en San Lázaro s/n, Santiago de Compostela e na páxina da Internet: [www.xunta.es/contratacion/resultado.asp?N=3470](http://www.xunta.es/contratacion/resultado.asp?N=3470).

Para os efectos de información, as empresas que retiren os pregos da páxina web e estean interesadas en concursar a esta licitación, deberán enviar, ó seguinte enderezo de correo electrónico: [rosa.blanco.tubio@xunta.es](mailto:rosa.blanco.tubio@xunta.es), os datos que a continuación se relacionan:

-No punto asunto: obxecto do prego.

-Nome da empresa.

-Nº de teléfono.

7.2. Información.

Teléfono: 981 54 17 49.



8. Presentación das ofertas ou das solicitudes de participación.

8.1. Data límite da presentación: ás 14.00 horas do décimo quinto día natural a partir do seguinte ó da publicación desta resolución neste diario; se coincide en día inhábil, trasladarase ó seguinte día hábil.

8.2. Documentación que é preciso presentar: a sinalada no punto 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.

8.3. Lugar de presentación:

a) Entidade: rexistro xeral da Consellería de Medio Ambiente.

b) Enderezo: San Lázaro, s/n.

c) Localidade e código postal: Santiago de Compostela, 15781.

9. Apertura da documentación xeral (sobres A).

Realizarase no lugar antes indicado, ás 13.00 horas do oitavo día natural contado desde o seguinte ó do remate de presentación das proposicións; se coincide en sábado ou festivo, trasladarase ó seguinte día hábil.

10. Apertura das ofertas.

Ás 12.00 horas do sexto día natural contado desde o seguinte ó da apertura da documentación xeral, no lugar sinalado no punto 8.3, se coincide en sábado ou festivo, trasladarase ó seguinte día hábil.

11. Gastos do anuncio: pola conta do adxudicatario.

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2004.

Justo de Benito Basanta

Secretario xeral da Consellería de Medio Ambiente

*Edicto do 15 de decembro de 2003, da Delegación Provincial de Ourense, polo que se notifica a resolución do expediente sancionador de pesca OU-012/03-P, devolto polo servizo de correos.*

De conformidade co disposto no artigo 59.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, notifícase á persoa que no anexo se menciona, a resolución do expediente sancionador por infracción á Lei sobre pesca 7/1992, do 24 de xullo, de pesca fluvial de Galicia (DOG nº 151, do 5 de agosto).

Non obstante, de acordo cos artigos 107, 114 e 115 da Lei 4/1999, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, contra esta resolución que non esgota a vía administrativa, poderá interpor recurso de alzada perante o conselleiro de Medio Ambiente no prazo dun mes contado desde o día seguinte ó desta publicación.

O pagamento voluntario porá fin ó expediente. O importe da sanción que en cada caso corresponda farase efectivo empregando o impreso oficial que se facilitará na Delegación Provincial de Ourense ou en calquera unidade administrativa pertencente á Xunta de Galicia no prazo de quince días hábiles contados a partir do día seguinte ó que esta resolución adquiera firmeza-a firmeza producírase ó non interpoñer recurso no prazo indicado-. De non facelo dentro do prazo sinalado, procederáse ó seu cobramento pola vía executiva.

Ourense, 15 de decembro de 2003.

Agustín Prado Verdeal  
Delegado provincial de Ourense

#### ANEXO

Expediente: OU-012/03-P.

Denunciado: José Rodríguez Lorenzo.

DNI: 76709902.

Último enderezo coñecido: 32644 Calvos de Randín.

Feito denunciado: te-la cana a unha distancia superior a 3 metros.

Precepto infrinxido e sancionador: artigo 33.3º da Lei de pesca fluvial de Galicia 7/1992, en relación co artigo 51 do Regulamento de pesca.

Sanción: 60,10 €.

#### ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE

*Resolución do 19 de decembro de 2003 pola que se lle dá publicidade ó resultado do concurso convocado para a contratación do servizo de limpeza das instalacións da Academia Galega de Seguridade.*

1. Entidade adxudicataria.

Organismo: Academia Galega de Seguridade (AGS).

2. Obxecto do contrato:

Tipo de contrato: contrato de servizos.

Descrición do obxecto: servizo de limpeza das instalacións da Academia Galega de Seguridade.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

Tramitación: urxente.

Procedemento: aberto.

Forma: concurso.

4. Adxudicación:

Data: 15 de decembro de 2003.

Contratista: *Symatec, S.L.*

Importe da adxudicación: 95.004 euros, IVE incluído.

A Estrada, 19 de decembro de 2003.

Juan José Fariñas-Ferro Rodríguez  
Director xeral da Academia Galega de Seguridade

*Resolución do 19 de decembro de 2003 pola que se lle dá publicidade ó resultado do concurso convocado para a contratación do servizo de vixilancia e seguridade das instalacións da Academia Galega de Seguridade.*

1. Entidade adxudicataria.

Organismo: Academia Galega de Seguridade (AGS).

2. Obxecto do contrato:

Tipo de contrato: contrato de servizos.

Descrición do obxecto: servizo de vixilancia e seguridade das instalacións da Academia Galega de Seguridade.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

Tramitación: urxente.

Procedemento: aberto.

Forma: concurso.

4. Adxudicación:

Data: 15 de decembro de 2003.

Contratista: *Grupo Cetssa Seguridade, S.A.*

Importe da adxudicación: 153.600,52 euros, IVE incluído.

A Estrada, 19 de decembro de 2003.

Juan José Fariñas-Ferro Rodríguez

Director xeral da Academia Galega de Seguridade

## SERVICIO GALEGO DE SAÚDE

*Resolución do 17 de decembro de 2003, da División de Recursos Económicos, pola que se fai pública a adxudicación do concurso público para a contratación dos servizos de transporte sanitario para altas hospitalarias, urxencias non ingresadas e traslados intercentros do Complexo Hospitalario de Ourense, polo procedemento de concurso aberto.*

O director xeral da División de Recursos Económicos, cumpridos os trámites regulamentarios en materia de contratación administrativa e en uso das atribucións que lle son delegadas polo artigo 14.3º do Decreto 45/2002, do 8 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde (DOG nº 37), acorda darlle publicidade á adxudicación do contrato de xestión de servizos públicos mediante o procedemento de concurso aberto:

Obxecto: contratación dos servizos de transporte sanitario para altas hospitalarias, urxencias non ingresadas e traslados intercentros do Complexo Hospitalario de Ourense.

Adxudicatario: *As Burgas, Cooperativa de Ambulancias Orensanas.*

O que se fai público para os efectos do previsto no artigo 93 do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2000 do 16 de xuño.

Santiago de Compostela, 17 de decembro de 2003.

Antonio Fernández-Campa García-Bernardo  
Director xeral da División de Recursos  
Económicos

*Resolución do 7 de xaneiro de 2004, da Dirección Xerencia do Complexo Hospitalario Universitario Juan Canalejo-Marítimo Oza da Coruña, pola que se anuncian concursos de subministracións, polo procedemento aberto e tramitación anticipada, para a subministración de impresos historias clínicas, impresos xerais, material de oficina e etiquetas con código de barras e concurso de arrendamento sen opción de compra, polo procedemento aberto e tramitación anticipada, de arrendamento dun equipo de termocoagulación por radiofrecuencia destinado ó Servizo de Neurocirurxía deste complexo hospitalario. (Referencias C. 14, 15, 16, 20 e 102/2004 respectivamente).*

O director xerente do Complexo Hospitalario Universitario Juan Canalejo-Marítimo Oza da Coruña, en virtude das competencias que ten atribuídas na orde da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais do 14 de marzo de 2002 (DOG nº 66, do 5 de abril), sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde, no seu artigo 6, e coa autorización expresa prevista nesa mesma norma, unha vez cumpridos os trámites administrativos correspondentes, resolve anunciar a licitación que a seguir se cita:

\* Nº referencia expediente: C. 14/2004.

Obxecto: impresos historias clínicas.

Orzamento total: 199.875 €.

Garantía provisional: 3.997,50 €.

\* Nº referencia expediente: C. 15/2004.

Obxecto: impresos xerais.

Orzamento total: 166.605 €.

Garantía provisional: 3.332,10 €.

\* Nº referencia expediente: C. 16/2004.

Obxecto: materiais de oficina.

Orzamento total: 234.681 €.

Garantía provisional: 4.693,62 €.

\* Nº referencia expediente: C. 20/2004.

Obxecto: etiquetas con código de barras.

Orzamento total: 62.640 €.

Garantía provisional: 1.252,80 €.

\* Nº referencia expediente: C. 102/2004.

Obxecto: arrendamento dun equipo de termocoagulación por radiofrecuencia destinado ó Servicio de Neurocirurxía do Complexo Hospitalario Universitario Juan Canalejo-Marítimo Oza da Coruña.

Orzamento total: 93.758,40 €.

Garantía provisional: 1.875,17 €.

1. Forma de adjudicación: concursos, polo procedemento aberto e tramitación anticipada, de subministracións (C. 14, 15, 16 e 20/2004) e arrendamento sen opción de compra (C. 102/2004).

2. Prazo de execución: ver prego de cláusulas administrativas particulares.

3. Admisión de variantes: non se admiten variantes.

4. Solvencia económica, financeira e técnica: ver prego de cláusulas administrativas particulares.

5. Criterios de adjudicación: ver prego de cláusulas administrativas particulares.

6. Documentos de interese para os licitadores: o prego de cláusulas administrativas particulares e demais documentación complementaria poden ser solicitados no Servicio de Contratación do Complexo Hospitalario Universitario (planta semisoto do edificio do Hotel de Doentes, anexo ó Hospital Juan Canalejo). As Xubias de Arriba, 84. 15006-A Coruña, en días laborables desde as 9.00 ás 14.00 horas. Teléfono: 981 17 80 73. Fax: 981 17 80 32, ou a través da páxina web do Sergas: <http://www.sergas.es>.

7. Presentación de proposicións: as proposicións deberanse presentar en man, en sobres pechados e asinadas polo licitador ou persoa que o represente, no rexistro xeral deste Complexo Hospitalario Universitario Juan Canalejo-Martítimo Oza da Coruña (planta baixa do Hospital Juan Canalejo), antes das 14.00 horas do décimo quinto día natural contado a partir do seguinte ó da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, ou mandadas por correo, dentro do prazo sinalado.

8. Apertura das proposicións: terá lugar na sala de xuntas da xestión do Complexo Hospitalario Universitario (planta soto do Hotel de Doentes), a partir das 10.00 horas do décimo primeiro día natural contado desde o seguinte a aquel no que remate o prazo de presentación de ofertas. No caso de que o dito día coincida en sábado ou festivo, a apertura de proposicións terá lugar o primeiro día hábil seguinte.

9. Documentación que deberán achega-los licitadores: os documentos que figuran no prego de cláusulas administrativas particulares.

10. Anuncios: os anuncios do presente concurso serán por conta dos adxudicatarios dos contratos.

A Coruña, 7 de xaneiro de 2004.

Jesús Caramés Bouzán

Director xerente do Complexo Hospitalario Universitario Juan Canalejo-Marítimo Oza da Coruña

## b) DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

### CONCELLO DE CERVO

#### *Anuncio.*

Convocatoria de concurso, con procedemento aberto e tramitación urxente, da obra: pavimentación da praza e rúa do lugar.

Aprobado pola Comisión de Goberno en sesión con data do 5-12-2003, o prego de cláusulas administrativas que rexerá a contratación da obra, pavimentación da praza e rúa do lugar, polo procedemento aberto, forma de adjudicación concurso e tramitación urxente, con redución de prazos, expónse ó público na secretaría deste concello polo prazo de 8 días hábiles para efectos de exame e reclamacións, de acordo co disposto no artigo 122 do R.D. 781/1986, do 18 de abril, simultaneamente anúnciase o concurso de referencia, se ben, a licitación se aprazará, no suposto de que formulen reclamacións contra o prego de cláusulas administrativas ata que sexan resoltas pola corporación.

#### 1. Entidade adjudicadora:

Concello de Cervo, praza do Concello, 27891 Cervo (Lugo). Teléfono: 982 55 77 77. Fax: 982 55 77 29. Lugar onde se pode obter maior información.

a) Dependencia que tramita o expediente: secretaría do concello, onde poderán obter copia do prego de condicións e demais información que compón o expediente.

#### 2. Obxecto do contrato:

##### a) Descrición do obxecto:

As obras consisten na execución de pavimento formado por lousas de pedra de granito piconado en cor gris de 10 cm de grosor e cara inferior irregular, sobre soleira de formigón de 10 cm.

Realizarase a instalación de saneamento consistente nunha canalización de pvc de 315 mm que entronque coa rede xeral e que recollan a auga procedente das chuvias, limpeza pública e fecais. Para iso prevese a colocación de sumidoiros, acometidas e entronques de baixantes.

Tamén se realizará a instalación de abastecemento de auga potable, consistente nunha canalización en poletileno de 90 mm, con chaves de corte, arquetas e acometidas individuais.

Tanto a praza como a rúa equiparanse de iluminación pública e mobiliario urbano.

Todo iso de conformidade co proxecto técnico redactado para o efecto pola arquitecta M<sup>a</sup> Belén Rivas Baltar.

As empresas interesadas en participar neste concurso deberán someterse desde o punto de vista técnico ó proxecto de referencia.

b) Lugar de execución: San Cibrao-Cervo.

c) Prazo de execución: seis meses.

3. Tramitación, procedemento e forma de adjudicación:

a) Tramitación: urxente, segundo o acordo corporativo.

b) Procedemento: aberto.

c) Forma: concurso.

4. Orzamento base de licitación:

O orzamento do contrato que servirá de base na licitación ascende a un total de 188.970,51 euros, IVE, demais impostos, anuncios e gastos incluídos.

5. Garantías:

a) Provisional: 2% tipo de licitación.

b) Definitiva: 4% do importe de adjudicación.

6. Requisitos:

Clasificación: grupo: G; subgrupos: 6; categoría: D.

A solvencia económica, financeira e técnica acreditarase de conformidade co establecido nos artigos 16 e 17 do TRLCAP aprobado por Real decreto lexislativo 2/2000.

7. Criterios que servirán de base para a adjudicación:

Os criterios obxectivos que servirán de base para a adjudicación do concurso, ponderando sobre un tope de 10 puntos, serán os seguintes:

-Maiores unidades de obra e mobiliario a cargo e por conta do adxudicatario valoradas a prezos de execución material. Ponderando ata 7 puntos.

-Menor prezo ofertado. Ponderado ata 2 puntos.

-Menor prazo de execución. Ponderado ata 1 punto.

8. Presentación de ofertas:

a) As ofertas presentaranse, no Concello de Cervo en man, das 9.00 ás 14.00 horas, dentro dos 13 días naturais seguintes ó da última publicación do anuncio de licitación no BOP ou no DOG.

b) Documentación que hai que presentar: figura descrita na cláusula décimo primeira do prego de condicións.

9. Clasificación de documentación e apertura de plicas: terá lugar no salón de actos da comisión de goberno, ás 12.00 horas do primeiro día hábil seguinte ó de remate do prazo para presentar proposicións.

Se coincide con sábado trasladarase ó primeiro día hábil seguinte.

10. Gastos de anuncios e tributos e outros derivados da contratación: pola conta do adxudicatario.

Cervo, 9 de decembro de 2003.

José Insua Pernas  
Alcalde

## CONCELLO DE OURENSE

*Resolución do 10 de decembro de 2003 pola que se anuncia concurso para contrata-la redacción do proxecto de trazado e construción, incluído cartografía de accesos a centro comercial Carrefour, S.A.*

1. Entidade adxudicadora:

1.1. Organismo: Concello de Ourense.

1.2. Dependencia na que se tramita o expediente: Negociado de Infraestructuras.

1.3. Número de expediente: 1200/2003.

2. Obxecto do contrato:

2.1. Descrición do obxecto: concurso para contrata-la redacción do proxecto de trazado e construción, incluído cartografía de accesos a centro comercial *Carrefour, S.A.*

2.2. Prazo de execución: o prazo máximo de execución deste contrato será de 6 meses, este prazo declárase expresamente mellorable.

3. Tramitación, procedemento e forma de adjudicación:

3.1. Tramitación: ordinaria.

3.2. Procedemento: aberto.

3.3. Forma: concurso.

4. Orzamento base da licitación:

4.1. Importe total: 160.000 €.

5. Fianzas:

5.1. Definitiva: 4% do importe da adjudicación.

6. Obtención da documentación e información:

6.1. Entidade: Negociado de Infraestructuras.

6.2. Enderezo: r/ Lamas Carvajal, s/n.

6.3. Localidade e código postal: Ourense, 32005.

6.4. Teléfono: 988 38 81 33.

7. Requisitos:

7.1. Poderán concorrer a este concurso as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica, e non estean incurso en causa de prohibición ou incompatibilidade.

8. Presentación das ofertas ou das solicitudes de participación:

8.1. Prazo de presentación de proposicións: 15 días naturais, contados a partir do seguinte a aquel no que apareza inserido o derradeiro anuncio no BOP ou DOG, de 9.00 a 13.00 horas.

8.2. Documentación para presentar: a que se sinala no artigo 16 do prego de cláusulas administrativas.

8.3. Lugar de presentación: no rexistro xeral do concello, sito na praza Maior, 1, de 9.00 a 13.00 horas.

8.4. Localidade: Ourense.

8.5. Prazo de vinculación da oferta: 3 meses, como máximo, contados desde a apertura de proposicións.

9. Apertura das ofertas:

9.1. Entidade: Concello de Ourense.

9.2. Enderezo: praza Maior, 1.

9.3. Data: o día hábil seguinte a aquel no que finalice o prazo de presentación das proposicións, ás 12.30 horas.

10. Outras informacións: os criterios de adxudicación serán os sinalados no prego de condicións económico-administrativas.

11. Gastos dos anuncios: os gastos que xere esta contratación serán por conta do adxudicatario.

Ourense, 10 de decembro de 2003.

Manuel J. Cabezas Enríquez  
Alcalde

## CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

### *Anuncio de información pública.*

A Comisión de Goberno, na súa sesión do día 1 de decembro de 2003, aprobou inicialmente a modificación puntual do Plan especial de ordenación do campus universitario (PE-8), aprobado definitivamente o 30 de marzo de 1993, e revisado o 22 de novembro de 2000, promovida pola Universidade de Santiago de Compostela, única propietaria dos terreos afectados pola citada modificación.

De conformidade co disposto no artigo 86.1º a) da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG), o expediente sométese á información pública durante o prazo dun mes, contado desde o día seguinte ó da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*. Durante o citado prazo, os interesados poderán consulta-lo expediente na Sección de Planeamento e Xestión e formular por escrito as alegacións que xulguen oportunas.

O acordo de aprobación inicial determina automaticamente, consonte o indicado no artigo 77.2º da LOUG, a suspensión do procedemento de outor-

gamento de licencias nos ámbitos afectados pola modificación, sen prexuízo da posibilidade de conceder aquelas que, baseadas no planeamento vixente, non resulten incompatibles coa nova ordenación. A suspensión terá unha duración máxima de dous anos e, en todo caso, extinguirase coa aprobación definitiva da citada modificación.

Santiago de Compostela, 5 de xaneiro de 2004.

Xosé A. Sánchez Bugallo  
Alcalde

## DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

### *Anuncio de contratación.*

Por medio desta resolución convócase concurso para a contratación das seguintes obras e conforme as características que se sinalan a seguir:

-Obra: conservación e mellora 2003 proxecto adicional zona Sober-Pantón, mellora intersección entre C.P. 4102 Ferreira-Escairón e C.P. 4113 Sta. Mariña Guítara (Pantón), reforzo piso en C.P. 3201 Sober-Monforte p.k. 0,000 a 0,620, p.k. 15,80-4,940 e p.k. 5,385 (Sober).

Orzamento contrata: 71.780.

Prazo execución: 4 meses.

Clasificación esixida: ---.

-Obra: conservación e mellora 2003 Trabada. C.P. Trabada-Santo Tirso de Abres, p.k. 0,000 a 3,400.

Orzamento contrata: 160.126,40.

Prazo execución: 4 meses.

Clasificación esixida: grupo G, subgrupo 4, categoría d).

-Obra: conservación e mellora 2003 Lourenzá. C.P. 2805 de Santo Tomé a Sta. María Maior alarga e mellora, p.k. 1,250 a 2,750.

Orzamento contrata: 149.083,20.

Prazo execución: 4 meses.

Clasificación esixida: grupo G, subgrupo 6, categoría d).

Características:

1. Entidade adxudicadora.

a) Deputación de Lugo.

b) Dependencia: Servizo de Plans e Contratación.

2. Obxecto do contrato.

A execución das obras sinaladas ó comezo do anuncio.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: urxente.

b) Procedemento: aberto.

c) Forma: concurso.

4. Orzamento base de licitación.

O que se sinala ó comezo do anuncio.

## 5. Garantías.

- a) Provisoria: o 2% sobre o orzamento do contrato.
- b) Definitiva: o 4% sobre o importe de adjudicación.

Ámbalas dúas fianzas deberán constituírse na Tesourería Provincial.

## 6. Obtención da documentación e información.

- a) Entidade: Deputación de Lugo.
- b) Domicilio: rúa San Marcos, s/n.
- c) Localidade e código postal: Lugo 27001.
- d) Teléfono: 982 26 00 78.
- e) Fax: 982 26 01 67.
- f) Data límite de obtención de documentación: ata o día anterior ó do remate do prazo de presentación.

## 7. Requisitos específicos do contratista.

Clasificación: a que se indica no encabezamento (de ser esixible).

## 8. Presentación das ofertas ou das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: 13 días naturais contados desde o día seguinte á publicación deste edicto no *Diario Oficial de Galicia*. Se o último día coincide en domingo ou festivo, ó día seguinte.

b) Documentación necesaria: a sinalada no prego de condicións baixo a rúbrica: contido de proposicións.

c) Lugar de presentación: rexistro xeral de 10.00 a 14.00 horas.

- 1. Entidade: Deputación de Lugo.
- 2. Domicilio: rúa San Marcos, s/n.
- 3. Localidade e código postal: Lugo 27001.

d) Prazo durante o cal o licitador está obrigado a mante-la súa oferta: 3 meses.

e) Non se admiten variantes do proxecto aprobado, agás no prazo de execución.

Esixírase rigorosamente o cumprimento do prazo de execución ofertado polo contratista e o seu incumprimento dará lugar á resolución do contrato.

f) A verificación da suficiencia farase especificamente para este concurso.

## 9. Apertura de ofertas.

- a) Entidade: Deputación de Lugo.
- b) Domicilio: rúa San Marcos, s/n.
- c) Localidade: Lugo.
- d) Data: o cuarto día hábil seguinte ó final do prazo de presentación, agás os sábados.
- e) Hora: ás 12.00 horas.

## 10. Outras información.

Nos teléfonos indicados.

## 11. Gastos de anuncios.

Correrán por conta dos adxudicatarios.

## 12. Financiamento.

As obras do programa operativo local, obxectivo 1 que figuran nesta relación financiáronse nun 70% con fondos Feder da Unión Europea.

Lugo, 5 de xaneiro de 2004.

Francisco Cacharro Pardo  
Presidente da Deputación Provincial de Lugo

Faustino Martínez Fernández  
Secretario da Deputación Provincial de Lugo

**MANCOMUNIDADE RÍA DE AROUSA**

*Anuncio relativo á contratación da Xerencia Mancomunidade Arousa Norte (resolución da Presidencia do 30 de decembro de 2003).*

**ANEXO I**

## Cadro de características do contrato

Obxecto: contratación da Xerencia da Mancomunidade Arousa Norte.

Epígrafe 1: orzamento (IVE incluído): 50.014,31 €.

Epígrafe 2: aplicación orzamentaria: 751.227,06.

Epígrafe 3: revisión de prezos: teranse en conta as variacións que experimente o IPC para cada anualidade.

Epígrafe 4: consulta de pregos:

4.A.: lugar de consulta: Rexistro da Mancomunidade Arousa Norte (Concello de Boiro).

4.B.: lugar de obtención de copias: o mesmo.

Epígrafe 5: lugar de presentación de ofertas: Rexistro de Entrada da Mancomunidade Arousa Norte (Concello de Boiro).

Epígrafe 6: prazo de presentación de ofertas: 13 días naturais desde o seguinte ó da publicación do último anuncio de licitación no BOP ou no DOG.

Epígrafe 7: garantía provisional: 2% do tipo de licitación.

Epígrafe 8: lugar, data e hora de apertura de plicas: sala de xuntanzas da Mancomunidade Arousa Norte ás 12.00 h do terceiro día hábil seguinte ó de finalización do prazo de presentación de ofertas.

Epígrafe 9: lugar de prestación dos servizos: o que designe a Mancomunidade Arousa Norte.

Epígrafe 10: prazo de execución: 18 meses.

*ANEXO II*

## Modelo de oferta económica

D... con domicilio en... rúa... nº... código postal..., teléfono..., fax..., titular do NIF número... actuando en nome propio (ou en representación de... con NIF/CIF nº... e domicilio na rúa... nº..., código postal..., teléfono..., fax...), toma parte no concurso convocado para a adxudicación da Xerencia da Mancomunidade Arousa Norte e para os seus efectos fai constar:

1. Que coñece e acepta o prego de cláusulas administrativas e técnicas que rexe o dito contrato e que se compromete a realiza-las prestacións requiridas con suxeición a este.

2. Que ofrece executa-lo contrato polo prezo de... euros, (IVE incluído).

3. Que achega a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas particulares.

En... a... de... de...

O licitador (asinado e rubricado)

Juan Manuel Salguero del Valle  
Secretario

Dilixencia: póñoa eu, secretario da Mancomunidade Arousa Norte, para facer constar que este prego foi aprobado por resolución da Presidencia con data do 30 de decembro de 2003.

Boiro, 30 de decembro de 2003.

Juan Manuel Salguero del Valle  
Secretario

**c) OUTROS ANUNCIOS****AXENCIA TRIBUTARIA**

*Anuncio do 31 de outubro de 2003, da Delegación Especial de Madrid, polo que se citan contribuíntes para seren notificados por comparecencia (033111007).*

En virtude do disposto no artigo 105 da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria, na redacción dada polo artigo 28 da Lei 66/1997, do 30 de decembro (BOE nº 313, do 31 de decembro), de medidas fiscais, administrativas e da orde social, e tentada notificación por dúas veces sen que se puidese practicar por causas non imputables á Administración tributaria, por medio deste anuncio cítanse os suxeitos pasivos, obrigados tributarios ou representantes que se relacionan no anexo adxunto, para seren notificados por comparecencia dos actos administrativos derivados dos procedementos que nel se inclúen.

Os interesados ou os seus representantes deberán comparecer para seren notificados no prazo de dez días hábiles contados desde o seguinte ó da súa

publicación no boletín oficial correspondente, en horario de 9.00 a 14.00 horas, de luns a venres, nos lugares que en cada caso se sinalan (ver táboa anexo I).

Cando transcorrido o dito prazo non se comparecese, a notificación entenderase producida para tódolos efectos legais desde o día seguinte ó do vencemento do prazo sinalado para comparecer.

Madrid, 31 de outubro de 2003.

Juan Beceiro Mosquera  
Delegado especial da AEAT de Madrid

*ANEXO I*

Órgano responsable y lugar de comparecencia  
28005. Administración Alcalá de Henares. R/ Navarro y Ledesma, 4. 28807 Alcalá de Henares.  
28006. Administración Alcobendas, R/ Ruperto Chapí, 30. 28100 Alcobendas.  
28007. Administración Alcorcón. R/ Parque Ordesa, 3. 28925 Alcorcón.  
28013. Administración Aranjuez. Ala Norte de la Casa de Caballeros, 12. 28300 Aranjuez.  
28014. Administración Arganda. R/ Libertad, 6. 28500 Arganda.  
28045. Administración Colmenar Viejo. R/ Padre Claret, 15. 28770 Colmenar Viejo.  
28054. Administración El Escorial. Pza. Segovia, 1. 28280 El Escorial.  
28058. Administración Fuenlabrada. R/ del Plata, 2-4-6. 28940 Fuenlabrada.  
28065. Administración Getafe. Avda. Juan de la Cierva, 25. 28902 Getafe.  
28074. Administración Leganés. Pza. Comunidad de Madrid, 4. 28914 Leganés.  
28092. Administración Móstoles. R/ Bécquer, 2. 28932 Móstoles.  
28115. Administración Pozuelo de Alarcón. R/ Saturno, 1. 28224 Pozuelo de Alarcón.  
28148. Administración Torrejón de Ardoz. est. Loeches R/V Alcuéza, 58. 28850 Torrejón de Ardoz.  
28601. Administración Arganzuela. Ps. Olmos, 20. 28005 Madrid.  
28602. Administración Carabanchel. R/ Aguacate, 27. 28044 Madrid.  
28603. Administración Centro. R/ Montalbán, 6. 28014 Madrid.  
28604. Administración Ciudad Lineal. R/ Arturo Soria, 99. 28043 Madrid.  
28605. Administración Chamartín. R/ Uruguay, 16. 28016 Madrid.  
28606. Administración Fuencarral. R/ Fermín Caballero, 66. 28034 Madrid.  
28607. Administración Hortaleza-Barajas. R/ Torquemada, 2. 28043 Madrid.  
28608. Administración Latina. R/ Maqueda, 18. 28024 Madrid.  
28609. Administración Villa de Vallecas. R/ Puente de Vallecas, 8. 28031 Madrid.  
28610. Administración Moratalaz-Vicálvaro. CM. Vinateros, 51. 28030 Madrid.  
28611. Administración Retiro. Pza. Dr. Laguna, 11-12-13. 28009 Madrid.

28612. Administración Salamanca. R/ Núñez de Balboa, 40. 28001 Madrid.

28613. Administración San Blas. R/ Pobladora del Valle, 15. 28037 Madrid.

28614. Administración Puente de Vallecas. R/ Manuel Arranz, R/V Cuelgamuros, 30. 28038 Madrid.

28615. Administración Villaverde-Usera. R/ Almen-drales, 35. 28026 Madrid.

28616. Administración Guzmán El Bueno. R/ Guzmán El Bueno, 139. 28003 Madrid.

28622. Dependencia de Recaudación. R/ Guzmán El Bueno, 139. 28003 Madrid.

Suceso pasivo	NIF/CIF	Nº expediente	Procedemento	Órgano	
				Lugar	Unidade
Arribas Rodríguez, Ángel	50287094D	C1100003150066139	Constrinximento	28148	Recadación
Asensio Rodríguez, Eloy	02624460E	C1100003150066140	Constrinximento	28622	28782
Beardo Muñoz, Emilio	31393857F	C1100003360091889	Constrinximento	28610	Recadación
BFI-Ingeniería Ambiental Compl.	A28180289	C1100003150082881	Constrinximento	28622	28852
Bouzán Matanza, Roberto	34996715F	C1100003320069709	Constrinximento	28622	28782
Codan, S.A.	A28623155	C1100002270082617	Constrinximento	28622	28852
Codan, S.A.	A28623155	C1100002270088426	Constrinximento	28622	28852
Collantes Pérez Arda, Esteban	12976587X	C1100003150066040	Constrinximento	28622	28782
Collantes Pérez Arda, Esteban	12976587X	C1100003150066051	Constrinximento	28622	28782
Cruz García, Francisco Manuel	51421388N	C1100003270088492	Constrinximento	28622	28782
Davila Fernández, Juan José	36024394T	C1100003540054485	Constrinximento	28622	28782
Escuela de Azafatas Europeas, S.	B82252339	C1100003150066216	Constrinximento	28603	Recadación
Gil Muleiro, Herminio	34602229V	C1100003320050470	Constrinximento	28622	28782
Gómez Cid, Rosa María	44448736V	C1100003540093238	Constrinximento	28616	Recadación
Madrileña de Traylers, S.L.	B81390403	C1100003150066161	Constrinximento	28622	28852
Palacios Morón, Fernanda	51700429V	C1100003320089146	Constrinximento	28622	28782
Palomera Juez, Isabel Gema	01076008E	C1100003360071704	Constrinximento	28622	28782
Pérez Sobral, Clara	35231263R	C1100003360071671	Constrinximento	28622	28782
Rótulos Luz Neón, S.L.	B81118945	C1100003270088349	Constrinximento	28602	Recadación
Sánchez Gutiérrez, Juan Antonio	50424810R	C1100003150078426	Constrinximento	28622	28782
Servicio Consultoría Sanitaria	B81338154	C1100003320089180	Constrinximento	28622	28852
T. y Repartos Reunidos, S.L. en Co.	B82342205	C1100003150066095	Constrinximento	28622	28782
Telemicro, S.A.	A79092367	C1100003150082760	Constrinximento	28601	Recadación
Telemicro, S.A.	A79092367	C1100003150088350	Constrinximento	28601	Recadación
Tierras de Diseño, S.L.	B47455308	C1100003320050481	Constrinximento	28622	28782
Varela García, Eloina	33760274T	C1100003540093062	Constrinximento	28622	28782
Vélez Rodríguez, Victoria Eugenia	09013920J	C1100003320089190	Constrinximento	28622	28782

## COOPERATIVA DEL CAMPO DE SANTABALLA, S. COOP. LTDA.

### Anuncio.

Para os efectos de cumprilo preceptuado no artigo 88 da Lei 5/1998, de cooperativas de Galicia, e artigo 64 punto 1º do Decreto 430/2001 polo que se aproba o Regulamento de rexistro de cooperativas de Galicia, faise público que con data do 1 de novembro de 2003, a asemblea xeral con carácter extraordinario de *Cooperativa del Campo de Santaballa, Sdad. Coop. Ltda.*, con domicilio social en Vilasuso, 19, Santaballa, Vilalba (Lugo), adoptou os seguintes acordos:

1. Aproba-la reactivación da *Cooperativa del Campo de Santaballa, Sdad. Coop. Ltda.*, con CIF F-27003755 e domicilio social en Vilasuso, 19, parroquia de Santaballa, Vilalba, Lugo.

2. Elección e nomeamento de cargos para o consello rector da entidade, resultando elixidos os seguintes socios:

Presidenta: Maria del Carmen Cabarcos Rey, con DNI: 33827623-M.

Vicepresidente: Jesús López Rego, con DNI: 76568610-T. Secretario: Pablo Hermida Yáñez, con DNI: 33843730-N. Vocal: Alfonso Bermúdez Lodeiro con DNI: 33859306-V. Interventor de contas: María Inés Castro Rego, con DNI: 76553934-K.

Tódolos membros elixidos aceptan os seus respectivos cargos ante a asemblea xeral, e manifestan que para exercer estes non lles afectan ningunha das incapacidades e incompatibilidades fixadas pola normativa legal.

3. Aproba-los estatutos sociais da entidade adaptados á Lei 5/1998 de cooperativas de Galicia, a delegar no presidente e secretario tódalas xestións oportunas para proceder o seu rexistro.

4. O capital social mínimo da cooperativa fíxase en tres mil cinco euros con sete céntimos (3.005,07 euros) que está totalmente desembolsado con anterioridade a este acordo.

Tódolos acordos adoptáronse por unanimidade dos socios presentes.

Pablo Hermida Yáñez  
Secretario